


MARÍA DO ROSARIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ

1. esa carta de la Princesa
cayó en las ochos de la Ma-
tina viernes e busco ma-
man de Chile y con poca
compañamiento en el abor-
expres e J. de Arce. La
inca de los ferrosi deo
mucho allí no me van
un palido y mis amigos
de un. Valmas much
mas no todaban y nos
compañeros a la casa
Norte. Unito padre
pases y yo de un que
tas a palidísimo y buena
i madre no pude la cur
tino momento le dio unq

... como dice la gran
de los ochos a un modo de
sota religión y a la de los
palido y a un modo de
las gentes que están y de
hate no dice un modo de

sofía casanova



CADERNOS ATENEU FERROLÁN

Ano 17


Num. 15

2001

Sofía Pérez Casanova (A Coruña 1861
Poznan 1958) foi unha das escritoras galegas de
máis proxección internacional.

Autora dunha extensa e variada produción
literaria, desempeñou unha importante labor
periodística como correspondente do periódico
ABC de Madrid durante os anos máis axitados da
recente historia europea, polo que lle corresponde
ser considerada pioneira do xornalismo feito por
mulleres.

De brillante personalidade e méritos probados,
foi proposta para o Premio Nobel e nomeada
Académico de Honor da Real Academia Galega,
ademais de serlle concedidas condecoracións
como a Gran Cruz de Alfonso XII ou, pola súa
labor humanitaria na guerra, a Gran Cruz da
Beneficencia.



SOFÍA CASANOVA

MARÍA ROSARIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADERNOS ATENEO FERROLÁN

ANO XVII · Nº 15 · 2001



SOFÍA CASANOVA

por María Rosario Martínez Martínez

ATENEO FERROLÁN

Rúa Magdalena, 202 - Ferrol



Serie:

CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN

Texto:

María Rosario Martínez Martínez

Traducción:

María Rosario Martínez Martínez
Luis Calvo Teijo

Corrección lingüística:

María José Villar Corral

Fotografía na cuberta:

Retrato de Sofía Casanova, anónimo, conservado
en Drozdowo (Muzeum Przyrody w Drozdowie).
Cortesía do arquivo da RTVG.

Diseño y maquetación:

Juan de la Fuente

Imprime:

LUGAMIA.G. (Betanzos)

I.S.B.N.:

84-920260-8-1

Depósito legal:

C- 2.345 / 2001



Cada ano que ves sair do prelo as diferentes publicacións que se veñen recollendo na serie "Cadernos do Ateneo Ferrolán", é cando realmente ves que paga a pena todo o esforzo que tes realizado e valoras ese traballo de días, meses e moitas horas, realizado por diferentes persoas, que podes contemplar condensado nun lote de follas de imprenta.

Todas esas persoas, diferentes, porque son diferentes as circunstancias e porque son diferentes os traballos e aportacións de cadaquén, repito, todas elas teñen unha característica común e coincidente cun dos principios básicos no devenir do Ateneo, dende o seu nacemento, hai máis de vintacinco anos, como é o da recuperación da Nosa Memoria Histórica e da Cultura Popular.



De todo iso falan as publicacións sobre a Fabrica de Xuvia; a Catalogación de Castros da Comarca; o deputado das Cortes de Cádiz, Alonso López; o Alcalde Xaime Quintanilla, fusilado pola incompreensión fascista no 36; Xentes ferroláns, mortas fóra da súa terra e así unha boa ringleira máis de traballos que nos mostran esa forma de ser e querer de Ferrol que destaca, dun xeito positivo, cando analizamos a obra e impronta que nos legaron esas Xentes.

Ateneo Ferrolán 2001
www.ateneoferrolan.com

Todo iso ben sendo posible, ano tras ano, gracias a esa independencia ideolóxica que garantiza a existencia do Ateneo Ferrolán, ausente de servilismos ou compromisos mal entendidos, e permite que a entidade siga viva, como sigue viva a publicación desta serie, independentemente dos "mecenazgos" de cadaquén no seu intre.

Os Cadernos do Ateneo Ferrolán existen porque hai moitas xentes que funcionan sen máis servilismo que o Amor á Terra, neste caso a Ferrol, e que siguen ofrecéndonos a súa labor dun xeito desinteresado. Iso o que ocorre hoxe con Rosario Martínez, preferimos chamarlle Charo. Ela é unha mestre que exerceu a docencia no "Instituto Masculino" e, no seu día, tivo que ver na decisión de poñerlle o nome de Sofía Casanova a este centro.

Dende aquela, Charo "namorouse" de Sofía Casanova e desenvolveu unha labor de investigación sobre a vida e obra desa coruñesa que levouna a ter un papel destacado e adiantado coma muller, exercendo ó tempo de nai, periodista, escritora, poetisa, corresponsal de guerra e conferenciante en círculos intelectuais de Galicia, Madrid e Polonia, xuntamente coas voces e plumas máis salientables de épocas como as dúas Guerras Mundiais, a Revolución Rusa ou na Monarquía Española e aparición da Primeira República.

De todo iso nos fala Charo neste Caderno que hoxe te ofrecemos e fala por sí mesmo. A nos, non nos queda máis que dicir, darlle as gracias, a ela especialmente e tamén, porque non, a todos aqueles que puxeran un grao de area nese camiñar do Ateneo Ferrolán.

**Ateneo Ferrolán
Decembro 2001**

ESPAÑA CASADORA

por María Rosario Martínez García

En España, el matrimonio es un contrato que se celebra entre dos personas que desean unirse para el resto de sus vidas. Este contrato se celebra ante un juez o un notario, y se inscribe en el Registro Civil. El matrimonio es un vínculo que produce efectos jurídicos, como la adquisición de la patria potestad de los hijos, la sucesión y el deber de asistencia mutua.

ATEHEO FERROLÁN

El Ateneo Ferrolán es una asociación cultural que tiene como objetivo promover la cultura y el arte en Ferrol. Fue fundada en 1879 y desde entonces ha sido un lugar de encuentro para la comunidad. El ateneo cuenta con una biblioteca, un teatro y un espacio para exposiciones. Además, organiza actividades culturales y deportivas para todos los públicos.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para todos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

El ateneo es un espacio donde se pueden encontrar actividades para todos los gustos. Desde cursos de cocina hasta talleres de teatro, pasando por actividades deportivas y culturales. El ateneo también organiza eventos especiales, como conciertos y exposiciones de arte. Es un lugar ideal para pasar el tiempo libre y conocer a otras personas.

El ateneo es una asociación sin ánimo de lucro, por lo que todas las actividades se realizan de forma gratuita o a un precio muy bajo. Si quieres más información sobre el ateneo o reservar una plaza en alguna de sus actividades, puedes contactar con ellos a través de su página web o por teléfono.


El ateneo es un lugar donde se puede encontrar a personas con intereses similares. Es un lugar ideal para hacer amigos y conocer a la comunidad. Si quieres más información sobre el ateneo, puedes visitar su página web o contactar con ellos directamente.

El ateneo es un lugar donde se puede encontrar actividades para todos los gustos. Desde cursos de cocina hasta talleres de teatro, pasando por actividades deportivas y culturales. El ateneo también organiza eventos especiales, como conciertos y exposiciones de arte. Es un lugar ideal para pasar el tiempo libre y conocer a otras personas.

El ateneo es una asociación sin ánimo de lucro, por lo que todas las actividades se realizan de forma gratuita o a un precio muy bajo. Si quieres más información sobre el ateneo o reservar una plaza en alguna de sus actividades, puedes contactar con ellos a través de su página web o por teléfono.

El ateneo es un lugar donde se puede encontrar a personas con intereses similares. Es un lugar ideal para hacer amigos y conocer a la comunidad. Si quieres más información sobre el ateneo, puedes visitar su página web o contactar con ellos directamente.

SOFÍA CASANOVA



Atenco Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.atencoferrolan.org

MARÍA ROSARIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

MARIA ROSARIO ALONSO MARTINEZ

I.- Orixe ferrolá de Sofía Casanova

Se hoxe é difícil atopar na memoria popular o nome de Sofía Casanova, é moito máis escoitar a alguén que saiba con exactitude onde naceu ou de onde proceden os seus familiares directos posto que, en Galicia, –coma no resto do estado– o seu nome –por diversas razóns e, entre elas, a desgraciada contenda civil– permaneceu case por completo no esquecemento pasada a posguerra e, por tanto, non formou parte dos que se transmitían ás novas xeracións españolas ou galegas.

Afortunadamente para a cultura e para os galegos, dun tempo a esta parte, constatamos intentos de recupera-la figura da nosa escritora que callaron no feito de que dous centros de ensino leven o seu nome na nosa Comunidade, que se atope no mercado algunha reedición das súas obras, que se teñan publicado biografías e estudos académicos sobre a súa produción ou que se teña evocado a súa memoria en determinados actos culturais.

A reconquista do seu nome, o recoñecemento dos seus considerables méritos como muller solidaria, culta e independente, o seu lugar na nosa historia cultural como escritora ou como pioneira no mundo do periodismo feito por mulleres, lentamente vai saíndo do esquecemento a medida que se vai desposuíndo a súa personalidade de determinados prexuízos que, por ter sido unha muller comprometida coa súa propia circunstancia histórica, impediron coñecer e valorar na xusta medida o seu labor e o seu talante.

Hai poucos anos, ademais, que se atoparon os documentos que permitiron datar e saber con exactitude o lugar de nacemento de Sofía Pérez Casanova, o cal, engadido ó dito anteriormente, explica en boa medida o prolongado descoñecemento das súas orixes e maila

confusión que adoita aparecer en torno á súa historia persoal, coñecida soamente por uns poucos.

Polas veas de Sofía circulaba o sangue galego, pero tamén estranxeiro e a orixe deste entronque, desta mestizaxe –como sucede no caso de moitos ferroláns– hai que ir buscalos, en boa parte, precisamente en Ferrol e na profesión de militar do seu avó.

¿Quen era aquel militar ferrolán, devanceiro da escritora?


O seu nome completo¹ era Juan Francisco Gregorio Casanova Cancela, cuarto de cinco irmáns, nado na cidade de Ferrol e bautizado na igrexa de San Xiao o 25 de decembro de 1796. Os seus pais eran Francisco Casanova, orixinario de Catalunya (bispado de Vich), e Manuela Cancela, de Ferrol, onde se establecera o matrimonio.

Juan Bautista, coma el mesmo sinaría de adulto, chegou a ser militar de profesión e a acadalo grao de tenente coronel². Ó producirse a insurrección da Nova España en contra da metrópoli, o ferrolán foi destinado a combater ó outro lado do océano, polo cal, abandonou a súa terra para participar na citada contenda. A propia Sofía Casanova³, súa neta, afirmaría moito máis tarde que o seu avó pertencera ó corpo expedicionario español enviado a Nova España para reprimilo levantamento de independencia.

Como xa se sabe, desta confrontación sacarían bo partido os Estados Unidos incorporando boa parte do territorio que ata entón estivera baixo dominio español, o cal convén lembrar aquí para comprender mellor o feito de que Juan Casanova, combatente en Nova España, fose parar ó estado de Luisiana –estado moi

próximo ós territorios antes españois— e controuxera matrimonio con Isabel Estomper, natural de Amsterdam, pero veciña de Nova Orleans. Alí nacería a súa única filla —Rosa— a cal, co tempo, sería a nai de Sofía Casanova.

A escritora, en varias ocasións, ó se referir ó seu avó ferrolán, comenta que este pertencía a unha familia nobre e opulenta e que tiña na casa como aío a un frade. Lamentablemente esta é unha cuestión que non se puido comprobar, pero si é constatable o feito de que Juan Casanova estivera emparentado cunha das ramas da familia dos Pla, opulenta e culta, tamén de orixe catalana, a cal —como é coñecido— chegou a gozar de enorme influencia. Estamos a referirnos ó matrimonio formado por D. Benito Pla e Dona Teresa Cancela, pais de vástagos tan eminentes como Antonio Magin ou Benito Pla y Cancela, parentes á súa vez dos Pla y Monge (Marqués de Amboage) e dos Pla y Frige, familias que, na súa época gozaron de posición social encumbrada e cun renome indiscutible, non só en Ferrol senón tamén en Galicia e na capital de España, xa que ocuparon postos de considerable poder e algúns deles posuíron fortunas nada despreziables.



Iglesia de San Xurxo na Coruña

O resto dos antepasados cercanos de Sofía Casanova nada teñen que ver con Ferrol, senón con Ourense (comarca do Ribeiro), Norte de Portugal e Madrid, lugares todos eles dos que procede a súa familia paterna.

Por circunstancias que máis tarde veremos, o pensamento e o talante de Juan Casanova exercerían unha influencia notable na formación e o desenvolvemento da personalidade da súa neta, posto que ela naceu e viviu baixo o seu teito e o seu amparo na meirande parte da súa infancia e mocidade. Gracias ós seus moderados recursos e ó seu soldo de militar retirado, a xove Sofía puido sobrevivir a unha cruel orfandade de feito e, por mor da súa mentalidade aberta de veterano experimentado en lides e viaxes por terras exóticas, puido a pequena recibir unha formación máis esmerada do que naquel momento se acostumaba a dar ás nenas. Incluso, gracias ó seu avó —que por parentesco cos Pla de Ferrol instalados en Madrid podía abrir canles— os netos, Sofía e os seus irmáns, foron á vila e corte para abrirse un porvir ó amparo dos compañeiros e da familia ferrolá do veterano. Cando Sofía, no que queda das súas memorias, evoca ó seu avó materno, recorda con deleite as historias do Novo Mundo que lle contaba, as peripecias fabuladas coas que a facía soñar e a tenrura paternal coa cal o ancián trataba de paliar a falta de pai que a nena e os seus irmáns padecían. Os problemas dos momentos máis duros —desaparecido xa o avó e, polo tanto, profundamente quebrada a economía da casa— que a escritora e os seus irmáns pasarían na súa xuventude serían tamén solventados por mor da xenerosidade dos Pla e a excelente acollida dos seus achegados, algúns tan notables como Patricio Aguirre de Tejada, conde de Andino, coruñés de familia ferrolá, capitán de fragata, que formara parte da comisión desprazada a Francia para recibir ó recén restaurado ó trono Alfonso XII.

Non é, como pode apreciarse, só un dato de interese xenealóxico o feito xa apuntado de que o avó de Sofía Casanova fose ferrolán. Esta circunstancia fixo que o seu destino e as súas posibilidades de chegar onde chegou fosen reais.

A admiración de Sofía polo seu avó consta incluso na adopción do seu apelido coma primeiro á hora de asinalos seus traballos, a pesar de que ese non era o seu primeiro apelido.

III.- Unha infancia pouco afortunada

Legalmente, Sofía Guadalupe Pérez Casanova, que así era o seu nome completo, naceu o 30 de setembro de 1861 na casa do seu avó, é dicir, no nº 141, 1º piso, da rúa Espoz y Mina –hoxe chamada de San Andrés– da Coruña⁴. Era filla de Vicente Pérez Eguía, natural de S. Martiño de Valongo (Ourense), e de Rosa Casanova Estomper, natural de Nova Orleans (EE.UU.). A recién nacida bautizouse o 12 de outubro daquel mesmo ano na parroquia de San Xurxo⁵ da mesma cidade, sendo apadriñada pola súa avoa materna e por Mateo Arveras Cuevas, encadernador e libreiro establecido na rúa Luchana nº 4. Non é estraña esta elección xa que o pai da neófita pertencía ó gremio do Imprento Ferrolán, un lugar de encontro para a cultura, fundado en 1840, e que se mantivo activo ata a década de 1920. Aparece en diversos documentos como estampador, litógrafo, impresor ou prensista. Ademais, era poeta por afección, e a proba deso é que un dos seus poemas, «A Almeiras», figura no chamado *Álbum de la Caridad*, publicado en A Coruña en 1861.

A pequena Sofía pasou a súa primeira infancia entre A Coruña e a aldea de Almeiras (Culleredo)⁶, aínda que, durante pouco tempo, residiu cos seus pais e o seu irmán Vicente en Vigo, onde naceu o máis pequeno dos seus irmáns, a quen puxeron o nome de Juan. A nena e os seus dous irmáns, cos seus pais, salvo esa breve estancia en Vigo, viviron sempre cos seus pais baixo o teito dos seus avós maternos.

Sendo Sofía aínda unha nena pequena, un día o seu pai, Vicente Pérez Eguía, marchou para embarcar rumbo a América e xamais se volveu a saber del. O barco no que embarcara naufragou e do seu nome non se tivo constancia na lista de pasaxeiros. Nunca a súa familia logrou descubrir qué fora del.

Este feito converteu a Rosa Casanova en viúva de vivo –xa que non puido certificarse en moito tempo a súa viuvez oficial– e ós nenos en orfos, co cal xamais se separarían xa do veterano Casanova. Os nenos foron á escola na Coruña e corretearon por Almeiras ata que, sendo Sofía unha adolescente, o avó ferrolán vendeu as súas pertenzas e trasladouse coa familia a Madrid, con esperanzas de acadar alí un futuro mellor para os mozos.



Rúa de San Andrés á altura do nº 141



A poetisa Sofía Casanova

III.- Madrid: os Pla e outros influentes ferroláns

O Madrid que atoparon os Casanova ó chegar de Galicia era escenario da axitación política que vivía naquel intre o país, cheo de incertidumes e esperanzas. Meses despois de que Sofía cumpríse os 13 anos –idade na que ela mesma fixaría a súa chegada á capital–, o 14 de xaneiro de 1875, os habitantes da vila e corte volcábanse nas rúas para aclamar ó novo rei, o xove Alfonso XII, que contaba tan só 17 anos e, no 1876, tiña lugar a promulgación da Constitución canovista, comezo real e firme dunha Restauración que habería de durar máis de medio século. Eran, polo tanto, anos cruciais.

Instalados nun modesto piso, a rapaza axiña se decatou de que a súa vida dera un auténtico xiro. Bota ba de menos o clima, a paisaxe, aquel ceo amoroso que se miraba no mar, o agrado de Dona Concha a súa mestra coruñesa⁷, a súa aldea...

A morriña tamén foi corroendo ó seu ancián avó que, pouco a pouco perdera as ganas de contar ós seus netos aquelas emocionantísimas aventuras de Nova España, ata que –xustamente o día no que a súa neta cumpría 15 anos– durmiu para non acordar nunca máis.

Gracias a un amigo, do enterro do ferrolán encargouse o Ministerio da Guerra e, trala perda, para a familia comezaron as estreiteces e mailos interminables trámites burocráticos. Os documentos requiridos para que Isabel Estomper puidese demostrar a súa viuvez había que conseguilos en América, lugar onde casara co veterano militar, e a longa espera acabou cos moderados aforros da familia. Pese ós continuos esforzos de Rosa Casanova por lograr recursos dando clases de inglés, e logo de empeña-lo que quedaba de valor, a penuria económica chegou

a ser tan asfixiante que as dúas mulleres se viron obrigadas a acepta-la xenerosidade dos parentes.

José Pla Cancela –curmán de Juan Casanova– mariño ferrolán, encargouse de pasarlles unha pensión para sufraga-los estudos dos nenos. A propia Sofía en *Recuerdos*, páxs. 1 e 2, lembrando aqueles momentos duros, revelaría ese dato familiar e manifestaría, moitos anos despois, os desvelos da súa nai:

“El tío Pepe Pla nos ayudaba mucho. Seguíamos en nuestros colegios. Mi madre esforzándose por ganar con sus lecciones y rodearnos de gentes cultas”.

Non tardou moito tempo en morrer Isabel Estomper, polo cal Rosa Casanova e os seus tres fillos quedaron sós. Tiñan pasado soamente dous anos dende a morte do veterano de Ferrol.

A escritora sitúa nestes anos difíciles o inicio do seu traballo poético, froito da dor. Coma adoita suceder, a xove poeta escondeu pudorosamente aqueles primeiros poemas de inspiración temperá, e continuou a escribir en silencio.

Una herdanza dalgúns miles de pesetas, procedente da familia paterna de Ourense, veu a alegra-la precaria situación dos Pérez Casanova, aínda que puxo en primeiro plano o conflito da situación legal de Rosa Casanova a cal, a efectos legais, nin era viúva nin podía acreditarlo.

Despois dun proceso longo e de mil e un trámite, os tribunais declararon viúva á nai de Sofía, cando tiña uns 40 anos. A familia, trasladouse daquela á Travesía del Conde-Duque onde vivirían decorosa pero modes-

tamente. Vicente e Juan, os dous irmáns de Sofía, estaban a prepararse xa para ser funcionarios do Ministerio de Mariña e de Facenda respectivamente, meta que lograrían.

Mentres ocorrían todas esas vicisitudes no seo da familia da xove escritora, no seu entorno tamén a historia se presentaba complicada. En 1878, Madrid vibraba coa soada voda do rei coa súa curmá Mercedes de Orleans, que habería de ver enterrar seis meses máis tarde, a mesma veciñanza volvería a vitorear a Alfonso XII cando, non moito despois, acudía á igrexa para casar con M^a Cristina de Habsburgo. Non moitos anos despois, o pobo de Madrid choraría tamén a morte do xove monarca en 1885.

As relacións da familia Casanova –os Pla, o conde de Andino y Elduayen, vinculado politicamente co desaparecido pai dos nenos– estaban fundamentalmente enraizadas nos persoeiros comprometidos coa Restauración e, en consecuencia, os tres adolescentes seguiron os camiños que aqueles círculos ían trazando.

Ó descubrirense os dotes literarios da xove Sofía –os seus estudos sufragábaos José Pla– pronto foi recibida nos salóns do Marqués de Valmar, escritor, diplomático e un dos anfitrións máis prestixiosos da época. A Leopoldo A. de Cueto, que así se chamaba o marqués, non só lle cautivaban as letras. Fora ministro plenipotenciario do Goberno de España en Washington e, polo tanto, era un excelente coñecedor dos asuntos relacionados cos intereses dos españois en toda América e, dende logo, en Centroamérica. Polo tanto, non era alleo ó acontecido en ultramar nin ós intereses que alí puidesen te-las familias –como a emparentada con aquela mociña– que tiña unha fortuna labrada en Cuba.

A xove galega entablou unha grande amizade cos achegados do diplomático e a través del foi presentada na corte de Alfonso XII. Flavia Valmar, a filla do marqués, foi a encargada de acompañala naquela ocasión, segundo testemuño da propia Sofía (*Recuerdos*, páxs. 77 e 82). Os poemas e os dotes declamatorios da coruñesa gustaron ó rei viúvo que, xa casado con M^a Cristina, volvería a recibir á poeta con verdadeira cordialidade. A raíña pronto amosou unha especial deferencia cara a Sofía Casanova, aprecio mutuo e que duraría ata a morte. En *ABC*, o 2-12-1915, a escritora referiuse así a este privilexio:

“En mi adolescencia me acogió inolvidablemente la Reina, espiritual y suprema de encanto”



O rei Alfonso XIII, cos seus profesores: Patricio Aguirre de Tejada, conde de Andino e xefe de estudos do rei, Miguel González de Castejón e Juan Loriga (Retrato de Christian Franzen, Archivo General de Palacio, Madrid).

O 1-9-1907, Galo Salinas, bo coñecedor da biografía da escritora e amigo persoal dela, deixara antes este outro testemuño na revista madrileña *Galicia*:

“Los versos de Sofía por una parte y por otra el notable parecido que tiene con la infanta Dña Eulalia, captáronle las simpatías de la familia real, que no quiere pasar sin la visita de la inspirada poetisa, siempre que se halle en puntos en que residan las personas reales, que la obsequiaron con sus fotografías y autógrafos. Sofía dice muy bien, y en ocasiones en que el malogrado rey Don Alfonso XII le pedía que recitase alguna poesía suya, él la interrumpía para repetir estrofas que de memoria se sabía y recordaba”.

A pesar da modesta posición económica dos Casanova, as súas relacións sociais en Madrid foron realmente privilexiadas sendo evidente que aquilo foi en boa medida por mor das vinculacións familiares que converxían en Ferrol. Axudaban á ocasión a considerable beleza da xove, o casual parecido coa infanta, a afección do rei á poesía e, dende logo, o refinamento e soltura das mulleres da familia de Sofía que, xunto co trato diario con xentes como o conde de Andino, os Dos Hermanas, o de Valmar e outros encumbrados por aquela sociedade cortesá, proporcionaron á poeta o refinamento axeitado para que, a súa sensibilidade, talento artístico –herdanza do seu pai– e cultura brillase naqueles ambientes aristocráticos.

IV.- Poeta nos círculos da Corte

Sofía levaba a súa modesta posición económica de forma moi digna, pese a que aquel círculo social ó cal tiña acceso fose tan opulento. Intelixente, e quizais orientada polos seus maiores, levou esa pobreza con dignidade e converteuna en materia literaria. Aquelas orixes nas que se mesturaba unha lonxana aldea, un poeta, un veterano militar e unha orfandade desgraciada protexida por parentes notables formaban ó seu redor unha atmosfera de simpatía. O refinamento dos salóns literarios que lle deran a ocasión de tratar a mulleres adicadas ós labores literarios como Concepción Jimeno y Gil, logo Sra de Flaquer, ou a poetas tan novos coma ela —Blanca de los Ríos ou a galega Filomena Dato— foron pulindo o seu talento natural e amosándolle o oficio. Nas reunións ás que acudía en casa do entón patriarca da poesía D. Ramón de Campoamor era tema capital a literatura. Alí a inexperimentada poeta completou a súa formación artística e foi enriquecendo a súa personalidade, á vez que ensanchando o círculo de amizades, de tal xeito que comezou a participar noutras soirées como as que organizaba no seu domicilio o poeta Emilio Ferrari, onde coñeceu a Zorrilla e a outros notables das letras. Deles puido recibir o estímulo necesario para continua-lo seu labor literario.

A nai, saltándose a súa acostumbrada discreción, fora a causante das primeiras publicacións da súa filla. Aproveitando a visita dun poeta galego⁹ puxera en mans do visitante uns poemas compostos por Sofía que, como foran do gusto daquel, non tardaron en aparecer no *Faro de Vigo*. A difusión daqueles poemas, que agradaron moito e publicáronse dende o 7-9-1878, foi a porta de entrada da xove no mundo dos poetas e converteuna en discípula dos grandes daqueles anos.

Cando Sofía rondaba os vinte anos, *La Ilustración Ibérica* de Barcelona ou *El Imparcial* de Madrid, periódicos

galegos como o aludido *Faro de Vigo* ou *El Telegrama*, revistas especializadas como *Flores y Perlas*, *Semana Literaria* ou *Almanaque Gallego* daban frecuentemente a coñecer as súas colaboracións e, como era de esperar, as publicacións galegas doutro lado do océano, tamén se farían eco dos seus poemas, pero sobre todo a partir do ano 1885.

O primeiro libro da nova poeta non tardou moito en ser unha realidade. Viu a luz en 1885, precisamente o ano en que morría en Padrón Rosalía de Castro. A obra titulouse sinxelamente *Poesías* e publicouse en Madrid na imprenta de A. J. Alaría. A súa autora puido velo por mor da xenerosidade real, cuestión que a propia Sofía Casanova pon de manifesto na dedicatoria.

A crítica da época deu a *Poesías* unha estupenda acollida. Críticos como R. Blanco Asenjo, que ademais prologou a obra, consideraron que, naquel intre de esterilidade poética, a obra da galega supoñía vislumbrar unha esperanza.

Tratábase dunha obra concibida nun período no que os criterios estéticos que condicionaban ós poetas españois eran aqueles que a crítica chamaría premodernistas, é dicir, os que tamén se perciben nas obras de Ricardo Gil, Manuel Reina, Salvador Rueda, Manuel Paso e Carlos Fernández Shaw, poetas de tránsito da poesía décimonónica á do século XX. Aquela era unha época na cal estes poetas novos daban a coñecer a súa obra temperá, mentres que os xa maiores Campoamor e Zorrilla, considerados coma mestres consagrados, aínda publicaban.

Non toda a produción poética que contén esta primeira obra de Sofía Casanova, nembargantes, se debe considerar mostra do tipo de poesía premoder-

nista nun senso estricto. Nela atópanse tamén bastantes poemas de forte influxo rosaliano e becqueriano, que difiren notablemente daqueles. O propio Blanco Asenjo, tras facer unha breve semblanza da personalidade da autora, nas páxs. XI-XVI do citado *Poesías*, comenta ese dobre carácter dos poemas que contén o libro e separa os que expresan un sentimento local, unha melancólica comunión coa natureza ou o mundo interior dese eu lírico, dos que plantexan temas sociais ou a chamada á loita pola emancipación da muller, trazos estes últimos máis identificables coas normas da poesía premodernista de forte vocación social, de compromiso coa actualidade de entón que os citados en primeiro lugar.

Trala publicación do seu primeiro poemario, Sofía Casanova saboreou os meles do seu éxito e da consideración do mundiño das letras. Ademais das publicacións ás que antes aludimos, as súas colaboracións aparecían tamén en *Heraldo de Madrid*, *El Imparcial*, *El Liberal*, *La revista Contemporánea* ou *La Ilustración Española y Americana*.

Leandro Saralegui Medina, consciente da importancia da xove poeta, cando selecciona poemas para a súa antoloxía de poetas galegos, titulada *Galicia y sus poetas*, e publicada en Ferrol no ano 1886, inclúe dous de Sofía Casanova. Estaba polo tanto considerada coma unha dos representantes da poesía española feita por galegos a finais de século.

El Eco de Galicia, revista galega pioneira, e o *Boletín de la sociedad Aires da miña Terra*, ambos publicados na Habana, tamén incluíron nas súas páxinas composicións de Sofía.

Cando Sofía Casanova saboreaba os meles do seu éxito e da consideración do mundiño das letras, o destino deparoulle un novo desafío: o do amor.

Unha tarde de xuño de 1886, Campoamor enviou á casa de Sofía a un xove chamado Wincenty Lutoslawski. Chegara a Madrid, á casa do vello poeta, cunha carta do medievalista francés Gastón Paris. Ó polaco interesábase estudar o pesimismo na poesía española do seu tempo e Campoamor pronto lle aconsellou que se puxera en contacto coa súa discípula, posto que xulgaba que o que ela estaba a escribir lle interesaría ó intelectual estranxeiro.

Tras coñecerse e conversar, Sofía adicoulle o seu libro de poemas e, nas primeiras follas, Lutoslawski escribiu en polaco: "Esta muller vai ser a miña esposa", frase que a poeta non entendeu nin el la traduciu aínda.

O polaco quedara prendado da galega e, mentres permaneceu en Madrid, comezou a conquistala e a acompañala ás soirées dos salóns aristocráticos con asiduidade ata declararlle o seu amor e facerlle unha proposición de matrimonio. Xa de volta ó seu país, escribiulle moi frecuentes e encendidas cartas nas que seguía insistindo no seu desexo de desposala. O aspecto físico, a valía persoal, a sensibilidade e a intelixencia de Sofía renderan ó polaco pero, ademais, estaba convencido de que, se lograba casarse con ela, nacería daquel matrimonio o salvador de Polonia.

Polonia, como se sabe, vencido Napoleón, fora repartida por cuarta vez no Congreso de Viena (1815) entre Rusia, Prusia e Austria, e desaparecera do mapa



O matrimonio Lutoslawski-Pérez Casanova (Muzeum Przyrody w Drozdowie).



Sofía Lutoslawska
(Muzeum Przyrody w Drozdowie).


como nación. Nembargantes, pese ás dramáticas vicisitudes históricas, seguía a ser moi forte a conciencia nacional polaca e permanecía viva a vontade inamovible dos polacos por afirmarse como tales. As frecuentes insurreccións foran inútiles e desencadearan unha represión atroz, pero deixaran constancia desa vontade.

Wincenty Lutoslawski, que nacera na parte de Polonia que se adxudicara Rusia e precisamente en 1863, ano no que tivera lugar outra insurrección, fora educado nesa conciencia nacional e léra en profundidade ós tres grandes poetas mesiánicos da literatura romántica polaca: Adam Mickiewicz, Juliusz Slowacki e Zygmunt Krasinski, autores que expresan nas súas obras visións e interpretacións peculiares do problema nacional polaco.

Mickiewicz, no poema *Dziady* (*Os Devanceiros*), drama fantástico, cheo de paixón e moi inspirado, tras maravillosos versos de amor mesturados con profundos pensamentos sobre o destino terreal e o mundo do máis alá, presenta en cadros simbólicos de carácter lírico-dramático o martirio de Polonia baixo a ocupación rusa e, nunha desas escenas, un personaxe místico profetiza a salvación da Polonia mártir profetizando unha críptica mensaxe que fala dun neno, nacido de nai estranxeira, e que o seu nome sería corenta e catro, cifra dun misterioso significado que obsesionaba a moitos polacos.

Lutoslawski, influído pola lectura deste poema mesiánico e por toda unha serie de obras de escritores do seu país que xiraban arredor do tema nacional polaco, viu na súa intuitiva e forte inclinación cara á poeta española unha chamada do destino que lle predestinaba a se-lo pai do libertador de Polonia. Casando con Sofía, cumpriría a súa alta misión, pensaba. Ela era a elixida para se-la nai de aquel mesías, e así fíxollo saber.

Sofía, aínda que estaba asombrada e confundida diante de semellante maneira de pensar do estranxeiro e da súa precipitación, sentiuse halagada e ó mesmo tempo atraída por un home tan culto que a adoraba. Era evidente que non se parecía ós que trataba a cotío o cal facíao máis interesante. O ambiente que vivira dende nena, educada por uns ascendentes que proviñan de diversas culturas e países, as anécdotas de lugares exóticos que tiña oído dende pequena, o dinamismo dos seus familiares, quizáis despertara no seu interior o espírito de aventura e predispoñíana a tomalo risco, de tal xeito que, logo das naturais dúbidas, succumbiu diante da atractiva personalidade do xove intelectual europeo e aceptou a súa proposición de matrimonio, aínda que coa condición de que a voda non se celebrase pronto. Unha prudencia elemental así aconsellábo. Por medio da embaixada española en Rusia, e coa influencia do Marqués de Valmar, a nai de Sofía conseguiu informes do xove pretendente, que foron máis



Nesta páxina e na seguinte:
Notas autobiográficas manuscritas, nas que a escritora recorda o día do seu casamento (Real Academia Galega).

que favorables, xa que era o fillo maior dunha familia rica, posuidora de grandes extensións de terra e dunha fábrica de cervexa que eles mesmos xestionaban.

Non lle foi doado a Wincenty Lutoslawski convencer á súa familia do acerto do seu propósito. Os Lutoslawski, familia conservadora e nacionalista, en principio non viu con bos ollos aquel proxectado matrimonio cunha descoñecida estranxeira, parecíalle precipitado e dubidaba que unha española se adaptara nun país tan diferente ó seu. Nembargantes, nada fixo desistir do seu empeño ó namorado patriota, polo cal se fixeron os preparativos da voda e fixouse a data.

A voda tivo lugar en Madrid o 19 de marzo de 1887, na igrexa de San Marcos. A familia do contraínte mandou a Stanislaw, irmán do noivo, para que os representase e asinase coma testemuña, e D. Patricio Aguirre de Tejada xuntamente coa súa esposa D^a Amalia Carcer, condes de Andino, foron os padriños.

Antes do día do seu casamento, a noiva, acompañada da súa nai, despedírase da raíña D^a M^a Cristina, entrevista que evocaría Sofía anos máis tarde⁹.

Ós poucos meses, a recién casada dirixíuse por carta ó xurista ferrolán, residente na Habana, José Novo García comunicándolle a súa voda. Pouco despois, el contestoulle¹⁰ facendo alarde dos seus coñecementos sobre Polonia e do traballo intelectual do marido da súa amiga, ó tempo que eloxiaba *El Campanero de San Julián*, contiño de Sofía que viña de se publicar na Habana. Ó despedirse, o avogado ferrolán, felicitaba así a Lutoslawski:

"Reciba el Sr. Lutoslawski mi más cumplida enhorabuena. Mientras Rusia entera, queriendo cumplir el testamento de Pedro el Grande, tenía sus ojos puestos en Sophía, él, un polaco, la conquistó para sí solo: ¡Polonia está vengada!"



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

congoja y la deje rodeada de
amigas y vecinas ^{como}
como en un duelo. Mas
de nueve meses que duro mi
correspondencia con vuestro
padre, ella me animaba y
me pedía que me casara
con "el polaco simpático".
El padre había conocido
muchos extranjeros ingleses
particularmente y les tenía
simpatía.
El padrino la Condesa de
Andino volvió desde la iglesia
a dar cuenta a mi madre del
acto religioso y a decirle algunas
palabras.
En la familia como toda
la gente que conoce y trata
hoy en día, han sido mi

V.- Unha muller cosmopolita. Unha narradora

Unha vez casada, Sofía Casanova non só pasou a chamarse oficialmente Sofía Lutoslawska, senón que tamén converteuse nunha estranxeira, xa que, a partir do seu matrimonio, houbo de asumir que a súa vida transcorrería noutros países diferentes ó seu, como así foi.

Trala viaxe de noivos por Portugal e París, chegou a Polonia e coñeceu a terra e a familia do seu home. Os Lutoslawski habitaban na Polonia rusa, nun latifundio da súa propiedade chamado Drozdowo, duns 25 quilómetros cadrados de extensión situado ó N.E. de Varsovia¹¹. Naquelas terras, bañadas polo río Narew vivían campesiños, criados e señores ó estilo patriarcal. Arredor deles, a situación era trágica para tódolos polacos xa que a feroz rusificación daquel trozo da súa patria suprimía ata os seus dereitos máis elementais e afectaba a tódolos aspectos da vida dos dominados. Neste senso, e xa convertida en súbdita do zar de tódalas Rusias, o panorama que se lle ofrecía a Sofía non era moi halagador, pero ela confiaba e quería ó seu home.

A española, ó chegar, foi recibida con cordialidade aínda que con certa reserva. Na casa agardaban por ela os seus sogros¹² cos seus cinco fillos varóns, tres deles aínda nenos. Como era unha familia culta, o francés da maioría e o castelán do seu home foron servíndolle de linguas de comunicación, mentres non foi quen de expresarse en polaco, que xa comezara a aprender. Pouco tempo lle levou gana-lo afecto de todos. Era xente extraordinariamente intelixente, profundamente católica, nacionalista e de costumes moi tradicionais.

O novo matrimonio, logo de pasar uns meses en Drozdowo, fixou a súa residencia en Dorpat (hoxe a

cidade estonia de Tartu). Wincenty estaba na elaboración da súa tese doutoral¹³ e para continua-lo seu traballo necesitaba estar cerca do profesor Gustav Teichmüller.

Sofía, xa embarazada, non só tivo que facer fronte a aquel mundo tan diferente, tamén houbo de someterse ás estrictas pautas que lle marcou o seu home xa que, ó seu parecer, o herdeiro, o salvador de Polonia, debía coidarse dende antes do seu nacemento. Afeita a un estilo de vida máis espontáneo, lonxe do seu país e dos seus, condenada a vivir nun clima durísimo onde a neve e a falta de luz eran habituais, a galega padeceu unha terrible morriña. Os Teichmüller, cos cales convivían, dábanse conta do sufrimento da xove poeta e trataban de axudala e alumiñala pero, aínda así, os seus estaban moi lonxe.

Non perdera Sofía o hábito de escribir. A súa necesidade de expresar emocións e vivencias levábaa a compor poemas que gardaba con paciencia. Nembargantes, como o desexo de comunicarse cos seus non era realizable máis que a través do correo, comezou pronto a escribir cartas á súa familia narrando e describindo todo aquilo que lle chamaba a atención. Aquelas cartas deseguida interesaron fóra do círculo máis íntimo e boa proba daquelo é que unha delas, "Desde Rusia", dirixida ó seu director, rematou publicada o día 29 de marzo de 1888 por *La Iberia*, periódico madrileño. Nela, Sofía comentaba a profunda impresión que lle causara as que entón se chamaban provincias Bálticas, o antagonismo de alemáns e rusos que as habitaban e o privilexio que aqueles se ganaran dirixindo a Universidade. Nesta primeira exótica estampa, a escritora xa apuntaba as súas dotes de prosista e a súa extraordinaria sensibilidade de observadora.

En Dorpat deu a luz á súa filla María. Evidentemente non era o tan esperado salvador pero, aínda así, supuxo unha ledicia para os seus pais.

Pouco tardou a escritora en cambiar de país. Logo de pasa-lo verán en Polonia, en outono de 1888, o matrimonio foi vivir a Moscova porque así o esixían as investigacións de Wincenty Lutoslawski. Sofía enfrontouse de novo a outra lingua, a outro país, a outros costumes diferentes e a outras formas diferentes de entende-la vida. A súa impresión xa naquela cidade rusa era a de estar soterrada na neve, illada do resto do mundo, incluso polo alfabeto e o calendario que ía con trece días de retraso con respecto ó de España.

Tamén nesta ocasión voltou a conta-las impresións que lle produciu a viaxe en tren dende Polonia a Moscova e a súa sensación ó contemplar por vez primeira a cidade rusa. A Sofía chamáralle especialmente a atención o que se chamaba a cidade chinesa –zona moi característica do interior de Moscova– e maila rudeza dos seus habitantes, os cales vía fanáticos e ignorantes. Estas estampas do Leste foron publicadas en *La Iberia*¹⁴.

Naquel inverno de 1888, a galega enfrontou un novo parto do que naceu Izabela, a súa segunda filla, que sería escritora como a súa nai. O salvador de Polonia facíase esperar demasiado.

¡Qué lonxe estaban xa para Sofía aqueles tempos dourados de Madrid nos que todos alababan o seu talento e a aloumiñaban! Entre aquelas xélicas temperaturas e estraños costumes, botaba, de menos o seu país, á súa nai, e desexaba ardentemente poderse comunicar cos seus, na súa lingua. O seu home, dun carácter difícil e dun acentuado egoísmo, completamente obsesionado cos seus estudos e obxectivos persoais, non fora para ela o compañeiro entrañable que tiña desexado. Aquel ídolo polo cal renunciara ó seu mundo, xa caera do pedestal coa convivencia diaria. A desilusión acentuaba a amargura da soidade e a morriña era cada vez maior.

Pasado un tempo, Sofía voltou a Madrid, porque o seu home decidira que a familia se instalase en Londres. A el interesáballe continuar alí as súas investigacións e a española aproveitou a circunstancia para convencelo de que era una boa ocasión para achegarse a España. Aqueles anos foran moi duros para ela e desexaba ardentemente voltar a ve-lo seus e que a súa nai coñecese ás dúas nenas pequenas, de

maneira que, con elas atravesaron Europa en tren e chegaron á capital de España, aínda que por pouco tempo. A Wincenty non lle interesaba Madrid, estaba impaciente por continualo seu traballo e o círculo dos amigos da súa esposa no lle parecía interesante xa que, ó seu xuízo, as súas conversacións era banais e carentes de aliciente. En realidade, o matrimonio cada vez íase distanciando máis, os seus mundos eran cada vez máis diferentes e o nacemento das nenas deixara ver con bastante claridade que non se cumprira o principal obxectivo de Lutoslawski. Sofía, entregada á crianza das súas fillas, sumisa no fogar e asumindo con responsabilidade o seu papel de nai á española, sufría esa realidade cotiá e tivera que relegar a un distanciado segundo plano o seu labor literario. Aquel respiro cos seus só aliviaría temporalmente a súa situación persoal.

Unha vez en Londres, onde permaneceron todo o curso escolar 1889-1890, a galega mandou algunha colaboración para publicar en España, cuestión que acadou por mor da vontade do seu irmán Vicente, tamén escritor.

De volta xa a Drozdowo, unha vez que transcorreu o verán, Sofía tivo que enfrontarse á nova proba de acompañar ó seu home ó seu novo destino: a cidade tártara de Kazán.

Ateneo Ferrás
Un lugar de encontro

A dominación rusa, que continuaba a pisotea-los dereitos máis elementais dos polacos, anos atrás prohibira o uso da lingua polaca e o cultivo da cultura autóctona, anulara sen miramentos as liberdades individuais e entre elas a posibilidade de que un profesor polaco puidese exercer nunha universidade do antigo reino de Polonia.

A Wincenty Lutoslawski, en consecuencia, non lle quedara máis remedio que conformarse con ensinar naquela universidade rusa, lonxana, perdida na Tartaria. Precisamente naquela mesma universidade estudiaran persoeiros tan universais como Tolstoi e dela expulsarían a un estudante revolucionario chamado Vladimir Ilich Uliánov, Lenin, por ter organizado un mítin.

Unha vez que o matrimonio se instalou naquela cidade, Wincenty mergullouse nas súas tarefas profesionais e Sofía houbo de enfrontarse á súa propia soidade, aínda máis afastada do seu entorno natural e nun ambiente onde nada lle conectaba co seu propio mundo salvo a súa firme vontade de seguir. Alí permanecería ata a primavera de 1893.



Ano 1888. Retrato da familia Lutoslawski. Á esquerda, sentada ca súa filla maior no colo, Sofía Casanova. En pé, detrás dela, Wincenty (Muzeum Przyrody w Drozdowie).

O nacemento da súa terceira filla, Yadwiga, que tivo lugar en abril de 1891, veu a alegrarlle a vida, pero tamén veu a confirma-la desesperanza do seu pai no empeño de conseguir aquel fillo varón tan esperado.

Nembargantes, o illamento da escritora tivo a súa parte positiva. Dotada dunha sensibilidade extraordinaria, continuou compondo poemas, desafogo íntimo imprescindible para ela, pero a contemplación daquelas xentes exóticas, a experiencia dunha vida tan diferente, os seus dotes de observación, xuntamente coa súa maduración persoal, a inclinaron xa sen remedio a atopar definitivamente a súa canle de expresión na prosa, máis axeitada para a descripción e a narración. Tomou pois boa nota da brutal actitude das autoridades zaristas e do sufrimento dos campesiños e nómadas que vivían na rexión, plas-mou nos seus escritos as impresións profundas que lle produciron aquelas paisaxes, captou a idiosincrasia dos seus habitantes e, non moito tempo máis tarde, remataría por redactar dous novos libros, un de viaxes, que levaría o título de *Sobre el Volga helado*, e a súa primeira novela, que se chamaría *El Doctor Wolski*.

No relato *Sobre el Volga helado*, a escritora, identificando protagonista e narradora, conta en primeira persoa as súas propias experiencias dunha viaxe emprendida dende Drozdowo a Kazán en pleno inverno. A pintura das exóticas e xélicas paisaxes, os tipos que

sobreviven nelas, a anguria permanente de que a capa de xelo puidese quebrar e que a propia protagonista fose tragada polo río, conforman unha narración interesante e atractiva de enorme forza testemuñal.

En realidade, Sofía e o seu home fixeran aquel percorrido en xaneiro de 1893 no interior dun trineo que, tirado por cabalos, deslizándose polo río Volga xelado, transportáraos de novo ata aquela capital tártara. Para a galega, aquela experiencia tiña sido asombrosa pero moi inquerdante.

Ó comezar o dexelo que preludiaba a primavera, o matrimonio Lutoslawski voltou a Drozdowo. O Volga era xa navegable e os vapores facían casi normalmente a travesía, esquivando as enormes avalanchas de neve que flotaban na corrente.

Atrás quedaban as vivencias de Kazán, pero tamén a redacción do segundo manuscrito, que traía a escritora xa finalizado. Tratábase dunha novela, *El Dr. Wolski*, onde o protagonista era un médico polaco, trasunto de Wincenty Lutoslawski, que subordina toda a súa vida á idea de servir a unha dobre causa: a de ser orixe de novas xeracións máis felices por ser máis sas, e a de contribuír á construción e independencia de Polonia. Para logralo conta coa súa intelixencia e a súa vontade. A obra contiña unha dura crítica ás obsesións mesiánicas e euxenésicas do home da súa autora.

Nesta novela Sofía da moita máis importancia ás ideas que á acción e, nese sentido, reflicte unha situación histórica na que as ideas entraran en crise. Ademais do patente trasfondo autobiográfico, o ambiente exótico onde se sitúa a acción, á que se lle presta unha atención moi considerable, é un factor moi do gusto finisecular. O misterio e o exotismo dos costumes orientais apaixonaba ós lectores da época e a autora non escatima recursos para describilas.

Tras aquela estancia na Tartaria, o matrimonio viaxou a España coas súas fillas. Como Lutoslawski estaba invitado ó Parlamento das Relixións, que tiña proxectada a súa celebración dentro da Feira Mundial de Chicago, a familia achegouse a Vigo, onde Wincenty embarcou para Norteamérica. Sofía coas nenas, durante a súa ausencia, disfrutou dun verán, á beira do mar, en Marín. Alí voltou a ver con frecuencia á súa amiga a poeta ourensá Filomena Dato, a seu vello mestre Echegaray —que tiña naquela localidade pontevedresa a súa residencia veraniega— gozou de tertulias como a da casa do Arco, dos irmáns Muruáís, ou a da casa das Galerías, que se celebraba arredor do poeta Manuel del Palacio, sentouse no célebre banco da botica da Peregrina... e, en suma, recuperou as súas propias amizades e afeccións.

Cando Wincenty Lutoslawski voltou da súa viaxe, a escritora e a súa familia emprenderon o camiño a Londres, como estaba previsto.

Aquel inverno non foi improdutivo para a escritora. Con máis tempo, porque contrataran a unha institutriz polaca para que as nenas recibisen unha educación polaca, Sofía puido adicar máis tempo ó seu labor literario e a se relacionar con intelectuais que coñecía o seu home, ós que máis tarde aludiría nas súas obras. Aquel mesmo ano publicaríase a súa novela en Madrid, para o cal ultimou tódolos detalles.

Seguindo o seu costume, a familia, ó comezo do verán voltou a Polonia onde, en setembro ocorrería unha traxedia: a morte da pequena Yadviga, filla menor de Sofía que aínda non contaba cinco anos.

Enferma de disentería, o seu pai, cegado polas súas extravagantes ideas, encirrouse en curala el mesmo coa súa propia enerxía e negouse a que a vira un médico, a pesar das súplicas da súa muller. A nena, morrería ós poucos días.

O feito en si e as circunstancias dramáticas nas cales se produciu aquela morte esgazaron profundamente a Sofía, sumíndoa nunha profunda crise persoal. Aquela perda afondara a súa soidade e viñera a quebrar aínda máis o seu matrimonio, xa gravemente resquebrado. Foi tal a mágoa, que a familia decidiu traela a España, a *resucitala*, polo cal, de novo, todos tomaron o tren para Madrid onde pasaron aquel triste Nadal de 1895.

Ateneo
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

VI.- Sofía en Mera: a defensa do galego


En abril do ano 1896, Wincenty Lutoslawski¹⁵ escribiu ó propietario do Hotel del Comercio da Coruña solicitándolle información e pregándolle que lle facilitase en aluguer unha casa nos arredores da cidade herculina ou da cidade de Ferrol xa que, aconsellado polo entón famosísimo xeógrafo Botella, consideraba que era un lugar san e axeitado para vivir durante algúns anos. Xulgaba, ademais, que Galicia era un lugar idóneo porque as súas xentes tiñan fama pola súa vivacidade e resistencia e porque, ó ter nacido alí a súa muller, coñecía a moita xente, o cal sería para ela moi agradable.

Non foi difícil acada-lo que querían e, ó comeza-lo verán de 1896, a familia Lutoslawski asentouse en Mera, entón aldea de pescadores situada fronte da cidade da Coruña e acomodáronse na coñecida como casa de Casilda, fronte ó areal. Dende a súa ampla galería po-

dían contemplar como, a poucos metros, as ondas rompían na praia e, a algúns máis alá, a torre de Hércules avisaba ós traballadores do mar.

Wincenty Lutoslawski pensaba redactar alí a que sería a súa obra capital, un estudio sobre a obra de Platón¹⁶, para a cal estivera investigando varios anos, en varios países. Naquel lugar tranquilo podería continuar a traballar, as nenas gozarían á beira do mar e Sofía tería o sosego e o afecto necesario para conseguilo seu restablecemento, xa que aínda estaba moi afectada pola morte de Yadwiga.

Mera convertiuse nun centro de poetas e intelectuais polacos e europeos por obra e gracia do matrimonio Lutoslawski, naqueles dous anos que eles permaneceron alí. James Fitzmaurice-Kelly, profesor e hispanista británico, Eduardo S. Dodgson, filólogo e arqueólogo,



Cantinas escolares. A Coruña, 1919.

Tadeusz Micinski e Stanislaw Przybyszewski, poetas polacos de primeira fila, foron algúns dos ilustres estranxeiros que recibiron Sofía Casanova e o seu marido en Mera.

Moi cerca deles pasaban os veráns escritoras como Emilia Pardo Bazán, Filomena Dato ou Fanny Garrido, coas cales os Lutoslawski tamén pracialles conversar. Sofía recuperou naqueles anos ás súas amizades galegas e coñeceu a persoas relevantes que ata entón non tivera a oportunidade de tratar. Os centros culturais da Coruña e doutras capitais galegas reclamáronna para formar parte de actos ou xurados e, pouco a pouco, ocupou en Mera un lugar preferente sendo considerada protectora dos máis desfavorecidos. A súa simpatía, a súa cordialidade, e maila súa solidariedade foi valorada por tódolos humildes ós que non dubidaba en atender.

Precisamente no tempo no que Sofía Casanova viviu coa súa familia en Mera, en determinados círculos intelectuais de Galicia, e da Coruña, en concreto, estaban a producirse os froitos dun proceso de concienciación política a quen o sentimento rexionalista, fomentado a través da acción cultural, tiña dado un importante pulo. O galeguismo consolidárase pouco a pouco nos anos 80 co nome de Rexionalismo, seguindo a terminoloxía catalana. Murguía, que voltara a Galicia mediada esa década, non abandonara o seu

empeño de lexitimar e de defende-lo valor indiscutible das linguas vernáculas coma verdadeiras linguas nacionais e, destinado en 1893 en A Coruña, dende a cidade continuara a súa defensa dun nacionalismo vagamente liberal que daría lugar á fundación en 1897 da Liga Galega, a cal él mesmo presidiu e que integraban un comité formado por Salvador Golpe, Eugenio Carré e Manuel Lugo.

Galo Salinas fundara en 1895 a *Revista Gallega*, semanario que defendía con vehemencia e con paixón os intereses de Galicia. A publicación, que funcionou de feito coma o portavoz da Liga Galega, daba canle a colaboracións en lingua galega e castelá escritas por Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Tettamancy, Eugenio Carré Aldao —o cal adquirira un ano antes a vella imprenta de Puga, que editaba a revista—, Martelo Paumán, Salvador Golpe, Florencio Vaamonde, Eladio Rodríguez González, Cabeza de León, Barcia Caballero, Noriega Varela, Villar Ponte, etc. e, como era de esperar, publicou con frecuencia textos de Sofía porque, con todos eles tiña, en maior ou menor medida, unha relación cordial.

Sofía, con certa frecuencia, cruzaba a baía en lancha e, ó achegarse á cidade, deixábase ver pola tertulia da Librería Regional de Eugenio Aldao, chamada con sorna a "Cova Céltica" á que acudían os rexionalistas coruñeses presididos por Manuel Murguía.

A sensibilidade do matrimonio Lutoslawski con respecto á defensa dos valores nacionais galegos e da cultura e lingua autóctonas era especial xa que, no mundo polaco, a defensa da propia entidade era fundamental. Concienciada con respecto á reivindicación dos valores nacionais polacos e incitada sentimentalmente pola morriña sufrida na súa ausencia, a Sofía no lle costou entender aquelas ansias dos intelectuais galegos. As súas experiencias persoais e o ambiente en que se movía, formado por xente que defendía e cultivaba, aínda a risco da súa vida, os valores autóctonos, contribuíron a amosa-lo seu interese por aquel movemento e pronto compartiu co grupo rexionalista o empeño de defende-los intereses de Galicia.

Poucas veces, nembargantes, utilizou a escritora a lingua galega. Coñecía moi ben a literatura da súa terra natal, sobre todo a poesía, tamén a lingua, pero os seus hábitos lingüísticos, coma consecuencia da súa temperá marcha de Galicia, non cadraban coa espontánea utilización do galego. ¿Cómo falalo con interlocutores que nin o coñecían nin o falaban?




Josefa López Calvo con Halina

Ateneo
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 2
www.ateneo.coruña.es

En agosto de 1897, naceu en Mera outra filla de Sofía á cal se lle puxo o nome de Halina. Este derradeiro froito do matrimonio tamén foi o derradeiro intento de logralo que dende dez anos atrás fora unha meta para o seu pai: un fillo varón. Cando se produciu o alumeamento, Wincenty non disimulou o seu disgusto e, a partir daquel intre, cada vez alonxouse máis da súa muller e das súas fillas. A chegada da nena, lonxe de remedia-la longa e profunda crise do matrimonio, puxo máis de manifesto a imposibilidade de arranxala. A familia coma tal ía a durar de facto quince anos máis por mor dese nacemento pero, pouco a pouco afrouxáronse máis as ataduras íntimas e as boas relacións entre Sofía e o seu home. Co pretexto da publicación do seu libro en Londres, Lutoslawski ausentouse de Mera e estreitou as súas relacións cunha señorita inglesa chamada Carolina Fitzgerald, á cal xa coñecía. Wincenty semellaba ter présa por repara-lo "seu erro" con respecto á elección da nai estranxeira do salvador de Polonia.

Cando Halina naceu, para axudar a criala, a súa nai contratou a Pepa, Josefa López Calvo, xove nai solteira natural de Cecebre, que polas súas circunstancias persoais se vira na obriga de confiar ó seu propio fillo ó coidado dos seus maiores para saír a servir. Pepa, ademais de cumprilas súas funcións como ama de cría e neneira da recién nacida, tomaría tal cariño á súa señora que se convertería durante



A escritora cos pais e o neno de Josefa López Calvo

máis de cincuenta anos na fiel, inseparable e incondicional serventa da familia e da propia Sofía. Pasaría pouco despois directamente do galego ó polaco, sen coñece-lo castelán, e sería a interlocutora en lingua galega que tería Sofía Casanova durante o resto da súa vida.

En abril de 1898, os Lutoslawski partiron, pero antes houbo unha festa de despedida que lle ofreceron a Sofía os seus amigos da Liga Galega. Naquela festa¹⁷, entregáronlle á escritora un pergamiño no cal Antonio Seijo Benasset pintara xunguidos os escudos de Galicia e Polonia, ademais Eladio Rodríguez González caligrafara primorosamente esta inscrición:

"Á DISTINTA ESCRITORA CRUÑESA SOFÍA CASANOVA DE LUTOSLAWSKI os seus amigos e os seus admiradores, conságranlle esta agarimosa lembranza ao deixar temporalmente a súa terra, onde queira Dios vexan presto retornar ao lar dos seus maores á tan feiticeira e garrida dona. Na Cruña aos dez días do mes de abril de 1898".

Asinaban o pergameo os compoñentes da Liga encabezados por Murguía e Pondal. Sofía, a xuízo dos asinantes, era merecedora daquel obsequio polo seu patriotismo e virtudes persoais.

Wincenty Lutoslawski, que estaba presente na homenaxe á súa dona, correspondeu ensalzando a Galicia, país superior (segundo as súas verbas) á tan afamada Suíza. A velada tivo lugar na casa do señor Saunier, director da fábrica do gas da cidade e cónsul de Rusia naquela época. Rematou coa formulación de desexos dun futuro libre, sen servilismos, para Galicia e Polonia.

Cando, anos despois, o 4 de setembro de 1906, se celebrou nos salóns do Real Consulado da Coruña a que sería na práctica a primeira sesión da Real Academia Galega, o sector da "Cova Céltica" obtivo 12 numerarios dos 40 académicos iniciais. Estes numerarios fundacionais nomearon a Sofía Casanova membro Correspondente, distinción que, casi cincuenta anos despois elevaríase ó mais alto rango corporativo cando o 16-4-1952 a escritora foi nomeada Académico de Honor por unanimidade.

Ademais de colaboracións en publicacións periódicas galegas, como *Galicia Moderna*, *Revista Galega*, *El Telegrama* ou *El Eco de Santiago*. Ó marchar, Sofía deixaba tras de si outro libro publicado en Galicia. En xaneiro de 1898, a Biblioteca galega dirixida

por Andrés Martínez Salazar publicou na Coruña, asignándolle o núm. 47 desta colección, *Fugaces*, segundo libro de poemas da escritora. Estaba adicado a María Stasiowa, muller do seu cuñado Stanislaw, auténtica irmá nos momentos máis amargos.

Fugaces acolle na súa primeira parte, "Juveniles", poemas publicados xa en *Poesías*, o seu primeiro libro de poemas. Na segunda parte, titulada "Ausencia", agrúpanse poemas compostos entre 1887 e 1897, período durante o cal a escritora vivira no estranxeiro. Durante esta década, moito máis intensa e

chea de sensacións novas para Sofía, a necesidade de expresa-los seus sentimentos e a súa dolorosa soidade –a pesar de estar fisicamente acompañada– tíñanse feito urxentes. Como é natural, esa necesidade de desafogo íntimo foi marcando o carácter deses poemas cunha intensidade lírica nacida da sinceridade dos sentimentos que os inspiraron. Xa non se trata dunha poesía de aprendizaxe, cada verso brota, sincero, da alma da poetisa e do seu mundo íntimo. Os seus temas veñen dados por esas experiencias persoais: o desengano, a desilusión, a meditación sobre a condición humana...



Retrato de Sofía Casanova. Óleo propiedad da familia

VIII.- Outra vez Polonia: Cracovia

A escritora e as súas fillas permaneceron en Drozdowo ata novembro de 1899, mes no que se instaláron en Cracovia. Alí, na súa prestixiosísima universidade, emblema da intelectualidade polaca, traballaría Wincenty Lutoslawski, polo cal toda a familia trasladouse con el.

A antiga capital de Polonia, con vivas tradicións do século XVI, o de ouro, de fermosa arquitectura renacentista, era o que se podería chamar un relicario patriótico.

Lutoslawski, cada vez máis distanciado do mundo interior da súa dona, como continuaba inmerso no seu mundo de mesianismos, reencarnación e loita pola redención de Polonia, atopou nesa nova cátedra o ambiente intelectual desexado. O seu peculiar idealismo, cada vez máis esaxerado, afastábao sustancialmente dos comportamentos comúns do resto dos mortais e facultábao para transgredir determinadas normas convencionais. As súas extravagancias pronto o converteron nun personaxe molesto para certos sectores da Universidade e sumamente atractivo para os estudantes novos.

Na vida cotiá e familiar, a súa dona atopábase cun ser máis desequilibrado que cordial, ó cal, dende os últimos anos —especialmente dende a morte de Yadwiga e o nacemento de Halina—, vía máis coma a un perturbado que como a un sabio. O certo é que Lutoslawski padecía dende anos atrás unha enfermidade maniáco depresiva de tipo circular que o convertera ós ollos da súa dona, máis nun doente do cal se sentía enfermeira, que nun esposo querido e admirado, coma nun principio ocorrera.

Sofía, moi querida e respetada pola familia do seu home, continuaba unida oficialmente e convivindo co seu esposo, máis por consideración ós principios católicos tradicionais —esenciais para os seus parentes polacos, ós cales quería entrañablemente— que por querer reconstruí-lo seu resquebraxado matrimonio. Por unha parte, o afán de educar ás súas fillas correctamente e a súa dependencia económica impedíanlle tomar calquera outro camiño digno. Os libros e traballos publicados non lle rentaban o suficiente para sobrevivir e a súa modesta familia española non lle podía ofrecer estabilidade económica. Por outra banda, ela mesma fora educada nas normas convencionais da sociedade española da súa época que en casos semellantes non prescribían ás mulleres outro remedio que a sacralizada resignación cristiá e unha boa dose de paciencia infinita.

A súa respetabilidade diante da sociedade polaca e diante da familia coa que non só convivía senón na que tamén se apoiaba, radicaba en soste unha postura propia dunha digna Lutoslawski, pese á actitude do seu home. En contraste coas aventuras de Wincenty, ela era a nai dos seus fillos e a nora impecable daqueles señores polacos. A súa conducta, os seus valores espirituais e a súa discreción estaban fóra de toda dúbida e continuarían a estar, pese a que a súa vida persoal fora aniquilada por un visionario que demostrara ser máis conflictivo para a súa familia que a estranxeira descoñecida de quen nun principio se dubidara.

Afortunadamente, Cracovia era unha cidade que ofrecía moitas posibilidades. Naquel intre era un foco cultural importantísimo. Estaba a cidade chea de ar-

tistas, intelectuais e nacionalistas activos. Era unha Atenas polaca, un fervedoiro de iniciativas culturais e artísticas que Sofía estimaba moito. Os polacos daquela rexión anexionada a Austria, incluso eran máis libres, podían organiza-lo ensino e na súa propia Universidade gozábase do privilexio —único na desmembrada Polonia— de impartir clases en lingua polaca. O idioma do país fora declarado lingua oficial nas Universidades de Cracovia (1870) e Lwow (1873), e iso propiciara que as xuventudes das tres Polonias se sentísen atraídas por eses núcleos de cultura vernácula. A cidade galitziana ademais era a sé da antiquísima Academia de Ciencias e Belas Letras, chamada Academia Jagelon, e a Universidade gozaba dun tradicional prestixio. A situación dos polacos nos territorios de dominio austríaco era en moitos aspectos incomparablemente mellor que a dos seus compatriotas de Prusia ou Rusia, e Sofía, que tiña experiencia da represión rusa —posto que Drozdowo estaba situado na Polonia arrebatada polo Imperio do zar— sentíase máis libre tamén xa que na vida cotiá se podía pensar, escribir, falar e conserva-los valores propios sen que fose un crime que se pagase co cárcere, a deportación ou a morte.

Esa liberdade traducíase, en principio, na posibilidade de recibir a amigos e distinguidos intelectuais e artistas nos propios salóns cos cales Sofía será feliz falando de literatura, de arte, de todo canto lle apaixonaba dende xove. Estaba disposta a abrir un camiño propio, a saír da encrucillada na cal a emprazaran as dificultades da súa vida persoal.

Ademais dos problemas persoais, oturo disgustara e humillara moito á escritora un ano antes. Refírome ós desastres coloniais españois que escandalizaran ós intelectuais de gran parte de Europa e da propia España. Sofía tamén vivira aquela humillación e sentírase especialmente molesta ó ter que oír fóra da súa patria comentarios reprobatorios arredor do comportamento vergoñoso dos políticos españois, responsables daquel desastre. A súa fidelidade á coroa española e o seu amor propio, ademais das súas relacións de amizade con políticos notables, leváranla a defende-la imaxe da súa patria incluso cando era racionalmente indefendible. Agora, en Cracovia, polo feito de que en Austria reinase un achegado tan próximo á raíña M^a Cristina, tan amada, sentíase máis cerca da súa patria, máis arroupada para defender, a pesar de tódolos reveses, a categoría do seu país diante dos estranxeiros. Así que deixando a un lado o rol de abnegada sombra do home extraordinario, erixíuse en difusora da cultura

española e embaixadora dos valores hispánicos entre talentos eslavos cunha sensibilidade e altura intelectual que, para ela tamén, era francamente enriquecedora. Ademais na Polonia austríaca, Sofía foise amosando coma unha muller de carácter contraposto en moitos aspectos ó do seu home. Se el era polaco ata a medula, ela era española ata a médula, se el idealista exacerbado, ela cada vez máis realista, se el era cada vez máis excéntrico, ela era cada vez máis encantadora, sociable e cálida, evitando sempre caer na frialdade eslava del. Se el era ás veces disoluto, ela continuaba a ser impecable. El inestable, ela todo un carácter.

Os Lutoslawski recibían tódolos mércores na súa casa a políticos, escritores, pintores, artistas e intelectuais que naqueles anos formaban o núcleo impulsor da cultura e da política nacional. Sofía, no seu propio salón, foi unha verdadeira ponte entre a cultura española e maila polaca, unha difusora da nosa literatura, embaixadora do seu país nun intre no cal España non estaba moi ben vista no estranxeiro.

O autor polaco Bolfslaw Lutowski, en *Egzemplarz autorski*¹⁸, cando se refire ó salón literario de Sofía Lutoslawska, cita como asiduos ós escritores polacos de primeira liña Stanislaw Wyspianski, Wladyslaw Reymond, Tadeusz Micinski e a Stanislaw Przybyszewski. Ós políticos nacionalistas Zygmunt Balicki¹⁹, J. Poplawski e Roman Dmowski. A ideoloxía política de Lutoslawski e o seu activo patriotismo achegáranlo moito ós compoñentes da antiga "Liga Nacional" que, naquel intre xa se convertera no Partido Democrático Nacional (N.D)

Outros poetas importantes como Lucjan Rydel, Jan Kasproicz ou Antoni Lang frecuentaban tamén a casa da española, aínda que non tódolos do seu círculo eran eminentes da literatura. Contaba Sofía, por exemplo, coa presenza de profesores como Marchlewski, que tiña a especialidade da botánica.

Os Lutoslawski compartiron de cheo o apoxeo cultural cracoviano e participaron activamente das inquiredanzas e búsquedas que, naqueles anos, ocupaban ós escritores que daban vida ó movemento que se chamaría "Młoda Polska" ou "Xove Polonia".

Dende que en 1887 Zenon Przesmycki, "Miriam" editara en Varsovia a revista *Zycie* (*La Vida*) na que apareceran traducións de poetas estranxeiros coma Baudelaire, Poe o Verlaine, continuaran aparecendo en Polonia traducións das obras poéticas capitais de

Baudelaire ou Rimbaud, o cal propiciara que, arredor de 1890, xurdise en Polonia o movemento artístico e literario chamado "Młoda Polska" ("Xove Polonia"), modernismo ou neorromanticismo que habería de durar ata 1918, data da independencia do país. Entre 1897 e 1900 editárase en Cracovia *Zcie*, cunha dirección que asumira en 1898 Stanislaw Przybyszewski²⁰ e que atrouxera a teóricos e prácticos de "Młoda Polska". Esas publicacións e o desenvolvemento do teatro nacional converteran a Cracovia no centro do movemento "Xove Polonia" arredor do cal se agrupaban poetas que cultivaban unha poesía *liberada*, como a chamaban eles mesmos.

En realidade, o movemento ía máis alá dunha moda poética ou dunha estética determinada, era o resultado da crise da *Weltanschauung* científica e evolucionista e supoñía a búsqueda dunha saída nos filósofos, como Schopenhauer ou Nietzsche, que ofrecían algunha esperanza ó individuo. No centro das preocupacións deses artistas estaba a existencia dunha profunda crise relixiosa e o afán de buscarlle un novo sentido á vida e á morte.

A literatura polaca –vinculada ás correntes intelectuais occidentais– deixouse influenciar por un criterio antirrealista que baixo o nome de modernismo abrangueu o simbolismo, o decadentismo e mailo neorromanticismo que propiciou que se revisasen e releesen as grandes obras dos románticos polacos e que voltasen con máis intensidade os soños de independencia e revolución.

Sofía, anfitriona de moitos dos protagonistas de todas esas búsquedas, impresionou a aqueles intelectuais polacos, que máis tarde evocarían a súa personalidade, escribirían acerca dela artigos periodísticos ou mencionarlíanna nas súas obras. Para eles non foi só a exótica esposa dun filósofo brillante, foi tamén unha muller que brillaba con luz propia polo seu don de xentes, talento e cultura.

Como se sabe, en 1905, durante a guerra ruso-xaponesa, estalou a revolución nas terras do imperio do Zar. As ansias de independencia eran tan vivas entre a xuventude polaca que creron chegada a hora de acadala. Polonia foi entón vítima dunha feroz e sutil represión, que trataba de sofoca-la sublevación e as numerosas manifestacións e folgas.

No estranxeiro, os sucesos que acompañaron á masacre rusa de xaneiro de 1905 interesaron enormemente e por iso a prensa internacional esforzouse

por cubri-la noticia e informar dende o lugar dos feitos. As grandes rotativas europeas desprazaron ós seus redactores máis importantes a territorio ruso e os periódicos madrileños de máis tiraxe fixeron o mesmo enviando a Alfredo Vicenti, Enrique Gómez Carrillo e Luis Morote.

Polo *Heraldo de Madrid*, periódico do ferrolán Canalejas –dirixido naquel intre por José Francos Rodríguez, vello amigo de Sofía Casanova– foi enviado a Rusia Luis Morote. Unha vez que a escritora tivo noticia da súa chegada a Varsovia –ela vivía en Cracovia– buscouno, acompañada do seu cuñado Stanislaw, e proporcionoulle magníficas fontes de información. Morote contaría despois nas páxs. 111 e 112 do seu libro *La Duma*, publicado en Madrid. A información de primeira man que tiveron os españois sobre aquela situación que estaba preocupando ó mundo foi posible gracias a Sofía.

Wincenty Lutoslawski viaxaba moito e, por razóns profesionais –sobre todo a partir de 1901– chegou un intre no que as súas ausencias foron cada vez máis prolongadas. Estivo en Grecia, Constantinopla e Exipto



Casa de Cracovia onde viviu o matrimonio Lutoslawski

e, no ano 1907, trasladóuse a Estados Unidos outra vez. Na primavera de 1906 coñecera a Wanda Peszynska a cal, andando o tempo, acabárase convertendo na súa segunda muller e nai doutros dous fillos, un deles varón, aínda que non o salvador de Polonia, xa que jironías do destino! acabaría incluso establecéndose en Norteamérica e cambiando de apelido, por puro pragmatismo.

En 1907 a familia Lutoslawski deixou a súa casa de Cracovia e trasladóuse a Varsovia. Ausente o profesor daquela universidade, non tiña moito sentido permanecer alí. En Varsovia vivían os cuñados de Sofía, e Drozdowo, onde vivía aínda a nai dos Lutoslawski, estaba moito máis cerca da capital do Vístula que de Cracovia. Ademais, o matrimonio xa non era moi sostible, nin en aparencia.



Caricatura feita por Castelao para *El Cuento Semanal*. (1909).

VIII.- Entre Madrid e Varsovia

No verán de 1907 Sofía decidiu viaxar a Madrid coas súas fillas e naquel mesmo verán redactou o que sería a introducción da súa nova obra *Lo Eterno*, que non tardaría moito en publicarse. Nela expresaba o seu temor a ser vista coma unha estraña polos seus propios compatriotas, e a ter cambiado tanto que xa non fose posible a conexión cos seus amigos e persoas coas que compartira tantos puntos de vista antes de vivir no estranxeiro. A súa sensación de desarraigo estaba razoablemente fundada xa que, nos últimos vinte anos, a súa vida vírase condicionada por mor de circunstancias notablemente diferentes ás que rodearan ás mulleres españolas da súa época e, en consecuencia, a súa mentalidade difería notablemente da delas en moitos aspectos. O seu mundo era diferente. Ademais constataba que, salvo os que pertencían ó círculo familiar e íntimo, a esqueceran. Lembraban vagamente a unha moza que se fora moi lonxe...

Empeñada en evitar ese esquecemento a toda costa, puxo todo o seu empeño en recupera-lo que, en realidade, era case irreversible e en evita-lo illamento, en impedir aquilo que lle espantaba: non ser de ningunha parte. En Polonia era estranxeira, aínda que moi querida no seu círculo, e nai de polacas. En España, o seu país, unha descoñecida, nai de dúas estranxeiras. A posibilidade de novas publicacións, o feito de frecuentar ós seus antigos amigos como Alfredo Vicenti ou Galo Salinas e de facerse ver en círculos coma o Centro Galego ou o Ateneo de Madrid foron algúns dos recursos que utilizou para combater aquel esquecemento, pero ese combate non fixera máis que comezar porque tampouco decidira aínda si quedaría definitivamente en Madrid, e a ausencia voltaría a impedir de novo a definitiva reconquista do seu nome.

Antes de voltar a Varsovia, Sofía Casanova veu nas librerías, xa impresa, outra das súas obras: *Lo Eterno*. Publicáraa en Madrid Regino Velasco aquel mesmo ano de 1907. Era a súa segunda novela e escribíraa en Drozdowo, aínda que a concibira pensando en España. Os personaxes eran españois e os ambientes tamén. Non hai nela nin una soa referencia a Polonia.

A novela presenta o conflito dun atractivo mozo que, tras verse abocado a acepta-lo sacerdocio sen vocación, é devorado por unha paixón amorosa e non ten dúbida en mentir e enganar para tentar satisfacela. Arrepentido a tempo, loita contra a súa paixón e, poñendo terra por medio, entrégase a un labor exemplar de apostolado en África.

Tódolos acontecementos narrativos da obra están ó servizo da tese que se defende nela: a idea de que os que loitan poden vencer porque contan coa súa propia vontade e coa misericordia divina. Da propia loita interior, da agonía do protagonista, xorde a vocación que lle faltaba ó comezo. A intención didáctica da novela é máis que evidente.

Sofía encarou outro inverno máis en Varsovia pero coa esperanza de voltar en verán a Madrid. Tiña as miras postas en España, e quizáis por iso e porque estaba decidida a ser cada vez máis independente, adicouse con afán a escribir para cumprir cos seus compromisos e poder dar á imprenta outra novela, mais esta vez escrita de forma epistolar, que se titularía *Más que amor*, e que publicaría en Madrid outra vez Regino Velasco, en 1908. Neste mesmo ano, a nova obra sería tamén publicada en Varsovia e en Cracovia. Traducíraan ó polaco as dúas fillas maiores da escritora. Trátase dunha obra dun enorme trasfondo biográfico xa que estaba baseada na correspondencia que sosti-

vera a escritora ó parecer co galego Alfredo Vicenti, amigo de Sofía.

Sofía Casanova presenta *Más que amor* precedido dun poema introdutorio "A la bella y grande Ela Balicka" no cal, baixo o pretexto de satisfacer a curiosidade da dedicatoria, reflexiona sobre a natureza do amor e sobre o carácter dos polacos e dos españois, ós cales compara. Pouco despois, para responder á polaca "Princesa de las nieves", como así chama a Ela, prega ó seu amado que lle explique ese amor ideal que os une, anticipando deste xeito o contido da historia que se narra a continuación de forma epistolar. Tralo poema, comenza unha serie de oitenta e dúas cartas e varios telegramas entrecruzados entre María –trasunto claro da propia Sofía Casanova– e un grupo reducido de personaxes entre os que destaca Carlos Vargas, destinatario da maioría delas, que pronto se perfila coma protagonista xunto a María.

As cartas dela redáctanse dende Varsovia ou Kalinowo, as de él dende Madrid. O lector asiste de forma gradual ó namoramento dos protagonistas ó paso que eles o viven. Os acontecementos, o proceso psicológico, relátase de forma liñal, lóxica. Acompañan á expresión dos sentimentos as opinións dos protagonistas arredor de aspectos diversos de Polonia e España, descrições esporádicas de Varsovia e Madrid e unha serie de disquisicións arredor da moral dos políticos ou de literatura.

No fondo da obra, un dos temas que obsesionaban á súa autora nesta época da súa vida: a posibilidade dun amor triunfante do desencanto e do odio, posible na distancia, pero afastado da entrega física. Un amor en paz e dende lonxe: ¡Máis que amor!

Coa publicación desta novela en polaco, en Varsovia, no periódico *Gazeta Codzienna*, a carta datada o 8 de xaneiro na ficción considerouse coma atentatoria ó Estado polo que os censores rusos suprimiron o periódico e multaron a Sofía Casanova. A sanción imposta foi de 500 rublos, unhas 1.500 pts. daquela época. Na traducción que se publicou en Cracovia, suprimiuse a carta sancionada en vista do sucedido, dese xeito a novela puido circular polo resto de Polonia e non foi confiscada.

Na carta conflictiva, Carlos Vargas escribía a María o seguinte:

"Polonia siempre fue un país de ambiciones desequilibradas y de anárquicos. Me interesó mucho su historia: en tiempos de escolar a puñetazo limpio argumentaba yo en contra de los usurpadores que algunos de mis camaradas defendían para enfurecerme. Ignoro si sabes que España es la única nación europea que no ha suscrito el inicuo reparto, y que nuestras madres usaron collares y pendientes de gruesas perlas negras que se llamaban lágrimas de Polonia. Aún hoy hay iglesias donde los congregados de la oración se reúnen periódicamente para impetrar del Todopoderoso la independencia y el bienestar de la infeliz hermana católica [...] Seguro estoy de que cuando se hunda la hegemonía prusiana (no hay hegemonía que dure más de dos, tres siglos) y se disgregue en pequeños grupos bárbaros el núcleo moscovita, Polonia continuará su historia". (Máis que amor, 1908: 133-134).

De volta outra vez en Madrid, Sofía continuou empeñada en recupera-lo lugar que cría corresponderlle



A escritora no Centro Galego de Madrid.
Nesta imaxe inspirárase Castelao para facerlle a caricatura en *Vida Galega*



Academia de Poesía. Sentado no extremo da mesa, rodeado dos poetas, Alfredo Vicenti. Á súa beira, Sofía Casanova. Madrid, 1911.

entre os seus compatriotas, polo cal propuxose dar a coñecer as súas novas actividades poéticas no prestixioso Ateneo. Aquela tribuna era un lugar apetecido por todos coma plataforma de lanzamento ó mundo das letras e das artes. Dende a mesma, adoitaban exporse novas iniciativas e ideas.

Para acadalo seu propósito, aproveitou a escritora o feito de que Carlos Fernández Shaw —compañeiro nos vellos tempos daquelas recitacións poéticas na corte— presidía naquel intre a Sección de Literatura do Ateneo, de tal xeito que, se presentou diante del e explicoulle a súa pretensión. A pesar da súa cortesía, a escritora percibiu que o seu antigo compañeiro non se mostraba moi proclive a complacela, pero non desistiu do seu empeño e seguiu insistindo. Ó remate, por mor da influencia doutros incondicionais como Alfredo Vicenti, puido a escritora ler os seus novos poemas no transcurso dunha velada literaria celebrada en novembro de 1908.

Entre eses e outros esforzos, a galega fíxose sitio naquel mundiño madrileño de escritores, e pouco a pouco o seu nome foi de novo frecuente naqueles círculos. Boa proba diso foi que, o 14 de novembro daquel mesmo ano, no restaurante Fornos da capital de España, por mor da súa volta a Polonia os seus amigos renderonlle unha homenaxe, á cal asistiu un nutrido grupo de escritores e admiradores. Alí estivo Blanca de los Ríos, Concepción Jimeno de Flaquer, Carmen de Burgos “Colombine”, Consuelo Álvarez “Violeta”, redactora de *El País*, Antón del Olmet, Eduardo e Alfredo

Vicenti, Querol, Linares Rivas, Dicenta, Salvador Rueda, Basilio Álvarez, Prudencio Canitrot, e moitos máis. Dentro da súa angustia por verse sempre obrigada a escoller nunha dualidade para ela xa esencial, Sofía víase arruopada, pero o seu deber de nai, as súas obrigas, facíanna voltar a Polonia.

Ó chegar a Varsovia, a galega atopouse coa desagradable sorpresa de que o seu home vendera a casa conxugal e, polo tanto, non tiña xa o seu propio fogar na capital polaca.

Como as súas dúas fillas maiores xa non eran unhas nenas e a pequena era xa maiorciña, unha vez casada a maior²¹, Sofía decidiu fixa-lo seu domicilio en Madrid, así que, coas súas dúas fillas solteiras e a súa fiel Pepa, voltou á capital española e instalouse nun piso da rúa Marqués de Urquijo, nº 19.

Dende 1907, en España as coleccións de novelas curtas facían furor, especialmente a titulada *El cuento semanal*. Quen lograba publicar nesta prestixiosa colección, aparte de cobrar pola súa obra unha cifra nada despreciable en relación co que se acostumaba a pagar ós escritores, lograba en pouco tempo acadar unha popularidade considerable pola enorme difusión do semanario. Sofía logrou publicar neste a novela curta *Princesa del amor hermoso*, que saíu co Núm. 156 da colección, correspondente ó 24 de decembro de 1909. Na súa cuberta, aquel número contaba cunha estu-penda caricatura da escritora feita polo debuxante

Alfonso Rodríguez Castelao, quen igualmente era responsable das ilustracións das páxinas interiores²², que acollían unha narración modernista ambientada en Galicia.

Na súa casa de Madrid, a escritora formou a súa propia tertulia aínda que tamén se achegaba ás dos seus amigos. Non era raro atopar en Marqués de Urquijo, 19 ó crítico de *La Época*, Eduardo Gómez Baquero, "Andrenio"; a Jacinto Benavente, a seu amigo incondicional Alfredo Vicenti, ós irmáns Manuel e Antonio Machado, a Ricardo Baeza, ó galego Goy de Silva ou a escritores que daquela debutaban na vila e corte como Victoriano García Martí –todavía "El Duque de El" para os lectores de *El Liberal*– e a tantos outros, naquel intre con carreiras tan prometedoras coma a do solteiro de ouro Manuel Portela Valladares que, ademais de frecuentar aquela tertulia, cortexaba a Izabela, segunda filla de Sofía.

O 9 de abril de 1910, a escritora deu unha conferencia no Ateneo de Madrid que titulou *La mujer española en el extranjero*. O texto desta conferencia, que tivo enorme éxito, publicouse pouco despois. Naquela ocasión a escritora subiu ó estrado para comunicar opinións de destacados europeos arredor da muller española, e para expor as súas propias preocupacións e experiencias internacionais. Preocupábanlle verdadeiramente dende había tempo os asuntos relacionados coa educación, o analfabetismo –auténtica lacra nacional– o rol da muller española na sociedade e, en xeral, o atraso da sociedade española. Ela coñecera outros países, víra outros modelos e era consciente de que o seu país non estaba á altura que debería. No estranxeiro constatara que á muller española non se a coñecía e que seguía a ser vítima da absurda lenda que presupoñía a todas a imaxe e semellanza da voluble e apaixonada *Carmen* que inmortalizara Bizet. Sofía defendeu na súa alocución a capacidade da muller española, borrada do mapa intelectual europeo, e fixo votos pola elevación da cultura feminina e a superación do que chamou *el quietismo ancestral que tiene anquilosado el espíritu femenino de mi patria*. Despois de citar ás mulleres máis destacadas da súa época, entre elas a Concepción Arenal e a Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova advertiu ós varóns que a escoitaban:

Es de vosotros, los hacedores en público de leyes que deshacéis en privado a quienes toca encauzar el espléndido manantial de la actividad femenina, que hoy se pierde... en las murmuraciones de la holganza o la devoción sin caridad de los conventos [...]. Derribad los muros que la rutina y un negro

atavismo ideológico pone entre ella y el aire sano de la educación racional. [...] El día que la mujer española se encuentre a sí misma y disponga de su voluntad, de su personalidad, ahora esclavizada por usos medievales y afrentosos celos, en el extranjero se le reverenciará; La provocativa Carmen dejará paso a la mujer colaboradora y amiga del hombre. Amiga digo, que es ser a las veces menos que amante y a las veces mucho más. (La mujer española en el extranjero, 1910: 36, 37)

Sofía estaba moi interesada na polémica que por entón se suscitara arredor do rol da muller na sociedade e a estimación e dignificación da condición feminina. Sen ser feminista no sentido que ten hoxe a palabra, sen ser unha radical, sempre valorara determinadas cualidades que as mulleres, extraordinariamente estimadas por ela, coma Gabryela Balicka ou a súa cuñada María Olszewska –nai do que sería anos despois o compositor de música Witold Lutoslawski– posuían, e refírome á independencia de criterio, consecuencia da súa formación intelectual e humana. Sofía defendeu a activa participación da muller no ámbito social, cultural e político, e a colaboración da muller co varón na construción dunha sociedade máis moderna e equilibrada. Estaba segura de que as mulleres aportarían –cando menos– o seu sentido común, cualidade que Sofía consideraba preferentemente femenina.

Ó voltar a España, Sofía Casanova observara tamén o calamitoso estado do sistema sanitario español e, convencida de que tiña que facer algo, comencara a organizar actividades de carácter solidario aproveitando as súas excelentes relacións sociais. O 1-12-1910, unha revista gráfica de Madrid, *Nuevo Mundo*, daba testemuño daqueles esforzos ó publicar unha foto na que aparecen a raíña M^a Cristina e a infanta M^a Teresa acompañadas de damas da alta sociedade. Correspondía o testemuño ó acto da toma de posesión da nova Xunta de Damas no dispensario antituberculoso da rúa Goya que levaba o nome da raíña. O director do dispensario, o Dr. Verdes Montenegro fixéralles os honores. A presidenta do patronato, nomeada polo Ministerio da Gobernación, era naquel intre Sofía Casanova polo cal aparece, na foto, a carón da raíña nai.

No ámbito estritamente privado, a escritora naquel tempo, tivo que enfrontarse a un grave problema familiar. O seu xenro fora detido e encarcerado en Polonia por participar en actividades políticas nacionalistas non gratas ó réxime do Zar. El era un dos responsables do Partido Democrático Nacional e xa anos atrás pasara un ano enteiro recluído na fortaleza Alexandryska de

Varsovia por adherirse ó movemento escolar que pedía que se permitira ensinar ós polacos o catecismo católico en lingua polaca.

A súa filla, unha e outra vez, en cartas e telegramas suplicoulle que acudise á raíña nai D^a María Cristina. Logo de dubidar –posto que non se atrevía a pedir audiencia para suplicar axuda– Sofía decidíuse e foi recibida amablemente en audiencia pola raíña quen se brindou a interceder diante das autoridades zaristas.

Efectivamente, non tardou moito en chegar a Polonia un comunicado da Chancelería Imperial do Zar que ordenaba a liberdade de Mieczyslaw Niklewicz, pola intercesión particular da Raíña de España.

Nestes anos que Sofía viviu en Madrid, a raíña M^a Cristina nomeáaraa secretaria da Fundación de Santa Adela polo que despachaba semanalmente con ela. Sofía cos seus artigos periodísticos tentou sacudí-las conciencias dos máis acomodados con respecto ó problema da hixiene infantil e por iso vírona adecuada para ser presidenta do Congreso que sobre a tuberculose se celebrou en Barcelona no ano 1911. Pola súa activa participación concedéuselle, ademais do título de Presidenta Honoraria, a medalla de prata. A escritora organizou incluso un dispensario que con axuda da Cruz Vermella atendía ós máis probes, cuestión nada banal nunha época na cal a Seguridade Social era unha quimera. Baixo a protección da casa real e contando coa axuda directa da raíña nai, Sofía, o mesmo que Concepción Arenal, trataba de paliar-la calamitosa situación dos máis desfavorecidos e traballaba para acadar máis medios asistenciais. Chegou a fundar en Madrid o Instituto de Hixiene Popular, asociación que

socorría e asistía a domicilio a mulleres indixentes e que ensinaba ás nais a coida-los seus fillos. Persoalmente dirixía as actividades do Comité feminino desta institución.

Os labores sociais e de solidariedade non impidiron, nembargantes, que Sofía seguise a escribir e publicar nestes anos, e así, en 1911 R. Velasco publicou en Madrid o seu terceiro libro de poemas titulado *El cancionero de la dicha*.

A obra editouse precedida dunha *Ofrenda de poetas* que recollía poemas adicados á escritora e asinados por Villaespesa, Manuel Machado, Ricardo León, Manuel S. Pichardo, Federico Ruíz Morcuende, Goy de Silva, Antonio Rey Soto e Vicente Casanova. Tratábase dun libro modernista pola forma das súas composicións, a métrica empregada e os temas tratados. De tódolos xeitos, entre as catro partes que forman o conxunto aparecen algunhas composicións moi pegadas a modas pasadas e coplas de arte menor, completamente tradicionais, pero non por iso desusadas na época.

Un ano antes, a autora asistira á inauguración da Academia da Poesía, que se constituíra con toda solemnidad nos salóns do Ateneo de Madrid. Presidira a primeira sesión a infanta Paz de Borbón y Baviera e asistiran as infantas Teresa e Isabel, acompañadas do infante Fernando. Naquela ocasión, Sofía leu un poema seu: "La poesía del destierro". Tralo discurso de Mariano Miguel del Val, interviran tamén Blanca de los Ríos, Villaespesa, Zayas, Enrique de Mesa, Manuel Machado, Ángel Avilés, os irmáns Álvarez Quintero e incluso a infanta Paz.



Dispensario antituberculoso da calle de Goya. No centro de grupo, a raíña Dona M^a Cristina. Á súa esquerda, Sofía Casanova. Madrid, 1910.

Pero quizáis o logro máis extraordinario de Sofía Casanova naqueles anos foi estrear unha comedia súa no Teatro Español de Madrid o día 11 de marzo de 1913. Asumía a dirección artística do teatro aquel ano Benito Pérez Galdós. *La Madeja*, título da comedia, foi interpretada por Matilde Moreno, Jaime Borrás, Concepción Villar e Rafael Calvo nos papeis máis importantes.


Naquela época era rarísimo que unha muller vise representada unha peza súa nun escenario. Despois de Gertrudis Gómez de Avellaneda, só Rosario de Acuña conseguira estrear no Teatro Español. Sofía Casanova era a terceira. O texto de *La Madeja* editouno Regino Velasco en Madrid, no ano 1913.

Na autocrítica, Sofía afirmaba que non pretendía coa obra máis que distraer ós espectadores poñendo en escena a un marido vulgar e o flirteo exótico dunha bela

ianqui aburrida nunha praia francesa, pero coa súa representación lograra un dos seus soños e case un imposible.

Sofía, xa no ano 1914, continuaba coa súa actividade extraordinaria pasando os invernos na súa casa de Madrid e os veráns en Mera. No verán de 1913 achegouse a Ourense por mor de que a nomearan raíña da Festa da Poesía da cal era mantedor Victoriano García Martí. En marzo de 1914 sería nomeada filla adoptiva da cidade das Burgas e pouco despois de que lle rendesen aquelas honras, voltou a Polonia a pasar unha tempada coa súa familia.

Eran malos tempos os que corrían para Europa e alí, en Drozdowo, na casa da súa sogra, a sorprendería a guerra, a primeira guerra mundial, acabando de raíz coa súa curta felicidade, unha conquista que se ganara a pulso, e que xamais podería consolidar.



Basilio Álvarez, Sofía Casanova, Prudencio Canitrot, a nai da escritora, Jesús Santeiro e Vicente Pérez Casanova tomando o té na casa familiar de Madrid.

IX.- A traxedia da guerra

Sofía Casanova chegou a Polonia pouco antes do estoupido da primeira guerra mundial e pouco antes de que o Zar ordenase a mobilización nos seus territorios.

Ó tempo que as tropas alemanas avanzaban de leste a oeste coa intención de se apoderar de Francia, o xeneralísimo ruso, o gran duque Nicolás, lanzaba unha dobre ofensiva contra alemáns e austríacos que sorprendeu ó inimigo. O 20 de agosto, as tropas rusas atacaron e tomaron territorio prusiano, o cal provocou o contraataque do xeneral Hindenburg e a derrota dos exércitos rusos en Tannenberg, a Stebark polaca. As tropas do Zar destacadas no Narew foron estrepitosamente vencidas, e a cantidade de mortos e prisioneiros foi enorme. Nembargantes, as perdas humanas serían aínda maiores porque, poucos días despois, os rusos voltarían a sufrir outra derrota nos lagos Mazurianos.

A escritora española non estaba naqueles momentos moi lonxe do escenario destes desastres, porque fora pasa-lo verán a Drozdowo, situado á beira do Narew. Dada a proximidade e maila gravidade dos feitos, viviu con especial angustia o desenvolvemento das operacións militares e maila tráxica sorte dos soldados do Imperio ruso. Coma consecuencia do reparto de Polonia, centos de miles de polacos foran mobilizados en tres exércitos distintos, o ruso, o alemán e o austro-húngaro, e foran chamados a combater uns contra outros, irmáns contra irmáns, para defende-los intereses daqueles mesmos que consumaran o desmembramento do seu país. A traxedia xeral europea era por esta razón especialmente cruel para eles e, nada máis comezada a contenda, vían ademais convertida a súa patria no escenario dos enfrontamentos.

Sofía Casanova, atrapada xa pola guerra e por aqueles tráxicos acontecementos, saíu de Drozdowo cara a

Varsovia, afastándose da fronte, entre canóns e soldados. Ían con ela, ademais de Pepa e a súa filla Izabela, os seus dous netos e a familia do seu curmán Josef. O grupo, despois de moitas dificultades puido chegar á capital e, unha vez alí, como fixeran moitas mulleres rusas e polacas, a española púxose a disposición da Cruz Vermella polo que foi destinada a traballar como enfermeira na estación do ferrocarril Viena-Varsovia que se convertera nun improvisado hospital de urxencia. Como ela, traballaría alí a súa amiga Gabryela Balicka e ambas xunguiron os seus esforzos –día a día e durante moitas horas– ás de moitos profesionais e voluntarios que atendían a centos de feridos chegados da fronte.

A medida que pasaron as semanas, os alemáns avanzaron máis e máis en territorio polaco e ruso, o cal ía causando verdadeiro pavor á poboación varsovia. A ameaza de que entrasen as tropas inimigas na cidade era cada vez máis acuciante, os bombardeos cada vez máis intensos, incluso na propia estación convertida en hospital, e Sofía Casanova –xa con 53 anos– como os demais varsoviaños, houbo de soportar aquel inferno, supera-lo seu propio medo e enfronta-las penosas situacións ás que somete unha guerra.

Cando o inimigo estivo xa ás portas da cidade, a galega foi advertida, ó igual que as demais irmás da Cruz Vermella do risco de ser apresada polos alemáns. A maioría permaneceron nos seus postos e ela tamén, aínda que sabía que, se entraban os alemáns, os seus cuñados serían fusilados xa que, en tanto que nacionalistas conservadores, afíns ó partido de Dmowski, declaráranse do lado de Rusia e Francia. O Zar prometéralles a cambio a realización dos ideais nacionalistas de Polonia.



Varsovia: A desaparecida estación de ferrocarril Varsovia-Viena, convertida en hospital de urxencia na primeira Guerra Mundial.

Informada polos propios feridos que viñan da fronte e por destacadas figuras políticas e militares do círculo familiar, a escritora coñecía perfectamente a superioridade dos alemáns, pero optara por ser útil, así que non escatimou esforzos nin valor.

Nos momentos de máis apuro, de máis avalancha de feridos que había que atender, o alto mando ruso dera a orde de non auxiliar ós prisioneiros en tanto que non se asistira primeiro ós feridos rusos. O mandato era especialmente cruel para as irmás polacas que tiñan parentes, veciños ou compatriotas loitando co inimigo, e por iso eran vixiadas dun xeito humillante mentres facían o seu traballo. Comprendoo Sofía e indignada, non tivo dúbida en entrevistarse coa delegada xeral da Cruz Vermella rusa para lle recorda-lo significado do brazaletes que todas levaban e o dereito de tódolos seres humanos a ser auxiliados, sen distincións. Preocupada polos prisioneiros, ademais, pediu un permiso especial para visitalos na Cidadela Alexandriska de Varsovia que, por ser española e polo tanto dun país neutral, foille concedido. Gran número deles eran deportados a Siberia, outros morrían e as súas familias xamais saberían da súa sorte.

Coa esperanza de comunicarse cos seus e co seu país, a galega escribiu cartas ós seus parentes e nas mesmas contou canto ocorría. Algunha publicouna *El Liberal* en decembro daquel ano e dous anos despois, incluso, editáronse no libro titulado *De la guerra*, que consagraría a Sofía Casanova coma testemuña do ocorrido na fronte oriental da guerra.

A comezos do ano 1915, extenuada e sen noticias do seu país, por fin chegaronlle novas dos seus familiares de España pero, entre elas, unha veu a engadir máis tristura e desolación á súa vida: a morte da súa nai.

Non se permitiu á escritora, nembargantes, o luxo de dramatiza-la morte natural dunha anciá. Convencida da utilidade das súas anotacións, pese á súa dór, continuou narrando canto sucedía ó seu arredor mentres os alemáns aproximábanse cada vez máis deixando ó seu paso miles de cadáveres. Espantada polas dimensións que estaba a toma-la traxedia, apuntou os detalles cotiáns dos que traxicamente era protagonista a poboación civil e analizou nos seus escritos as novas tácticas

bélicas, as trincheiras –agora quilómetros de foxos escavados no nevado solo polaco–, as ametralladoras que as protexían, capaces de disparar centos de proxectís por minuto, e demais logros da técnica, destinados á destrución de seres humanos.

En febreiro de 1915, no seu intento de pasa-lo río Narew, os alemáns bombardearan e ocuparan a zona na cal estaban encravadas as posesións dos Lutoslawski. Toda a familia foi evacuada. A mansión convertérase meses atrás no cuartel xeral das tropas rusas e deixara de ser un lugar minimamente seguro.

A escritora comprendía mal o debate apaixonado que había en España con respecto á guerra. Aquela loita verbal encarnizada a prol ou en contra dos alemáns parecíalle algo inútil. Escandalizáballe a guerra como tal e canto máis a coñecía, máis inmoral a xulgaba. A súa guerra non era a das discusións en tertulias de cafés, era a experiencia do horror mesmo.

Coma consecuencia deste furor e da gravidade do feito en si, os periódicos españois facían verdadeiros esforzos para informar da marcha da guerra, que interesaba a todo o mundo. *ABC*, dende o comezo da contenda, destacara na zona da fronte oriental a Juan Pujol, antigo correspondente do periódico en Londres e en Bélxica; en París a José M^a Salaverría; ó galego Julio Camba enviouno a Zurich e Londres, a José Juan Cadenas a Italia e Austria, etc.

Continuando con ese afán de informar ós seus lectores, o 8 de abril de 1915, *ABC* presentou nas súas

páxinas a Sofía Casanova como a nova correspondente na fronte oriental da guerra, como "cronista de ABC en Polonia". A esta presentación seguía xa a primeira crónica coa súa sinatura, titulada "La guerra en Rusia", coa que comezaba un inxente labor informativo que duraría case trinta anos. Os seus artigos darían ó diario madrileño unha extraordinaria popularidade entre os españois. A nova correspondente non era simplemente unha periodista asalariada, era unha escritora de renome en todo o país e tiña a experiencia de ter vivido moitos anos naquelas terras, estaba integrada naquela sociedade, coñecía moi ben ás súas xentes e costumes, a súa lingua, e estaba estupendamente ben informada. Dende a súa primeira crónica, advertiu ós seus lectores que se atopaba dentro do terreo disputado polos alemáns e que as súas narracións serían dolorosas, porque eran *verdad vivida*. Advertía ós lectores explicitamente que, en contacto diario co sufrimento, tendo comprobado que a guerra bestializa ós homes e cega as súas almas cun odio colectivo, máis anticristián aínda que o individual, non esperasen loubanzas para os triunfadores. Odiaba a guerra.


O día 30 dese mesmo mes e ano, a revista da Habana *Labor Gallega* publicaría "Una hermosa carta de Sofía Casanova desde el campo de la guerra". Na mesma, a escritora expresaba o seu agradecemento pola solidariedade demostrada polos seus paisanos ó poñerse á súa disposición con esta frase:

"Di que necesitas y esa frase será suficiente para que Galicia errante te dé una prueba de su afecto y su cariño".

Ela contestaba emocionada :

"¿Qué quiero? Que todos ustedes y ese magnífico Centro Gallego de La Habana sepan que su paisana, la única española en estas tierras de desolación, cumple con su deber de misericordia en el Hospital de Urgencia de la estación Viena-Varsovia. Esa estación por la que tantas veces salí para mi patria. Y la hermana española, como aquí me denominan, pide el recuerdo de ustedes y que la conserven en su gracia".

Evidentemente Sofía estaba máis pendente dos demais que dela mesma. Moi atarefada co seu traballo no hospital e coas súas crónicas, recibía de tarde en tarde, con moita dificultade, algún periódico de España e valoraba extraordinariamente as xestións que a coroa española estaba a realizar por medio das súas



A escritora nunha sala do hospital de urxencia da estación de ferrocarril Varsovia-Viena. 1915 (*Labor Gallega*).

chancelerías —posto que era un país neutral— a favor dos prisioneiros dun e doutro bando. Ela non facía senón colaborar a esa mesma causa valéndose do seu pasaporte español. Ó seu ver, o inminente ataque alemán a Varsovia era claro síntoma de que cada día todo era moito máis complicado entre Rusia e Polonia do que se agardaba nun principio. A guerra duraba máis, sen que se vise o seu fin, a poboación civil sufría ata máis non poder e Polonia convertérase, como Bélxica, no campo de operacións dunha contenda xeral. Como sabía que o descoñecemento de Polonia en España era enorme, facía todo o posible por informar daquel país, do seu xeito de vida e dos seus problemas, e facíao co empeño que poñería calquera patriota polaco. Sofía destacaba, por exemplo, a capacidade de organización que tiñan os cidadáns de ali para tratar de facer fronte á catástrofe, xa que crearan o Comité de auxilios públicos —verdadeiro goberno dos polacos— que coordinaba tódolos servizos necesarios para a comunidade, entre eles o de socorrer a miles de nenos refuxiados, vítimas do avance alemán polas provincias xa ocupadas.

Xa na primavera, a guerra semellaba non ter fin, os ataques incrementábanse e a angustia cada vez era maior. Nas súas crónicas, a escritora contaba ós lectores todo ese acontecer e sinalaba que, cantas máis torturas da guerra presenciaba, maior era a súa ansiedade, que aumentaba agardando as que poderían vir.

Malia que o desánimo lle apreixase o corazón, Sofía botoulle coraxe e achegouse á fronte da guerra situada na terra dos Lutoslawski. Aproveitando o seu uniforme de Irmá da Cruz Vermella e acompañada do seu cuñado, o sacerdote Kazimierz Lutoslawski, visitou Lomza, pequena cidade situada a 5 quilómetros de Drozdowo, cun hospital no cal traballaba como médico a súa cuñada.²³ A arriscada viaxe de 15 horas que narraría despois en *ABC* para os seus compatriotas,

poñería de novo a proba a valentía da escritora, dándolle pé ademais a describir para os habitantes dun país en paz unha Polonia aberta en furados, ferida, arrasada. Sofía permaneceu sete días nunha das mansións da familia do seu home, posto que na outra estaba instalado o mando militar ruso. Dende alí tomou nota de todo canto acontecía no seu entorno, incluso do desolador espectáculo que ofrecía a natureza á beira do río Narew, poxante en primavera, cando fora condenada pola cobiza e mailo odio humano a ser inmediato campo de batalla e de morte.

De volta a unha Varsovia en pánico pola inminente chegada dos inimigos, xa en xuño, Sofía e as súas compañeiras atopáronse cunha mostra máis da ferocidade enemiga. Comezaron a chegar soldados da fronte queimados e envelenados con gases asfixiantes. Era a primeira vez que se vían os efectos do uso daquela arma mortífera e o espanto diante daquela nova fase da destrución humana, naquel progresivo e infernal cataclismo europeo, apoderouse da galega. O desconcerto dos sanitarios, que non sabían cómo nin qué facer fronte a aquela nova forma de matar, foi total. A escritora narrou aquela traxedia para os seus lectores. Estaba abraiada e horrorizada. Explicaba como o alento dos soldados e o que exhalaban os seus uniformes producía malestar e opresión ó personal sanitario e como, protexidos despois por unhas máscaras de algodón hidrófilo e gases—antepasadas das que hoxe chamamos máscaras antigas—, e poñendo en práctica as instrucións que as potencias da Entente deran para facer fronte ó gas mortífero, tentaron paliar los danos infinitamente maiores que os remedios que se podían aplicar. Sofía non vía ó seu arredor soldados de un e outro bando, contemplaba desolada e impotente a seres humanos, como ela mesma, atrapados nun inferno cada vez máis sen esperanza de saída. Cando regresaba a casa, esgotada do hospital, agardáballe o papel en branco e as crónicas por facer.

Como viran que Varsovia estaba a punto de ser tomada e que as autoridades rusas deixaban saír libremente da cidade ós seus habitantes, aínda que non lles permitían voltar, coa fin de que os nenos estivesen máis seguros, naquel verán, Sofía con Pepa, as súas fillas e netos, viaxou en tren ata Minsk pensando en poñerse a salvo nos arredores da cidade. A pesar da enfermidade da súa filla Izabela, a falta de medicamentos, e de tódalas penalidades que supuxo chegar alí con nenos pequenos, conseguiron instalarse todos nunha aldea a 20 quilómetros da capital bielorrusa, pero Sofía permaneceu pouco tempo alí porque se sentía necesaria en Varsovia.

Aproveitando a chegada do seu cuñado Marjan Lutoslawski, uns días despois fixo fronte ás enormes trabes burocráticas e logrou que a deixasen regresar á capital do Vístula, onde continuou o seu labor humanitario e informador.

Varsovia xa era unha cidade preparada para a súa evacuación e Sofía quería transmitir á Europa máis occidental aquela dramática realidade. As crónicas, polas dificultades da guerra, chegaban ó periódico con retraso pero o paso do tempo non lles restaba interese, posto que contiñan autenticidade e verdadeiro dramatismo humano. Tiñan para o lector o atractivo propio dunha narración “in situ” e a fidelidade de quen conta a verdade viva, de quen está implicado na mesma traxedia que dá a coñecer.

En agosto, como tódolos que quedaran os últimos en Varsovia, entre eles Gabryela Balicka, Sofía tivo que abandonar-la cidade e dispúxose para reunirse coa súa familia.

Unha auténtica riada de seres humanos expulsados de Polonia, os cales empuxaban cara ó Norte de Rusia despiadadas ordes, percorreu os camiños daquel enorme Imperio, empuxada polo avance alemán. A española era un daqueles malpocados que comenzaban un novo calvario, o do exilio. Varsovia e a maior parte da Polonia rusa caera en mans dos exércitos de Hindenburg, os cales continuaban avanzando polos países bálticos.



Sofía Casanova co uniforme da Cruz Vermella. 1916 (ABC)

X.- O éxodo: no corazón de Rusia

Integrada dende o comezo na Cruz Vermella de Varsovia, refuxiada naquela zona da Rusia Branca, Sofía non fixo outra cousa máis que continua-lo seu labor humanitario no cal tódolos seus familiares estaban involucrados dende o comezo da guerra. O Comité Cívico de Varsovia encargara a Mieczyslaw Niklewicz, xenro da escritora, e a Marjan Lutoslawski, o seu cuñado, que organizasen os servicios de socorro ós millóns de polacos arrastrados cara ó interior de Rusia pola marcha da guerra.

A correspondente tivo enormes dificultades naquelas condicións para facer chegar as súas crónicas a *ABC*. O envío de cartas dende Minsk a Madrid era practicamente imposible, polo cal a periodista decidiu buscar unha solución entrevistándose coa máxima autoridade zarista da zona. A galega suplicou que lle posibilitaran mandar ó embaixador de España en San Petersburgo noticias para a súa familia. Ela enviaría as súas cartas ó embaixador escritas en francés e abertas, cantas veces llo permitiran. O xeneral contestou con evasivas, puxo a desculpa de que non tiña tempo. Sofía, entendendo a súa falta de interese en complacerla, buscou quen lle levara unha carta ó embaixador español, na que lle pedía a súa intercesión diante do xeneral ruso. O embaixador mandou dous telegramas, un ó xeral e outro a Sofía Casanova, co cal a escritora voltou a falar co xeneral. Éste, seco pero amable, conveu con ela que lle trouxese dúas veces por semana as cartas –abertas e en francés– dirixidas ó embaixador, él encargaríase de facelas chegar ó seu destino. Sofía alugou un cuartucho na cidade para poder cumprir co seu traballo, xa que chegar á cidade dende a aldea onde estaba refuxiada a súa familia era un calvario, e cumpriu o acordado. Cada vez que entregaba as cartas ó xeneral, éste recibíaa amablemente e comentaba con ela algunhas incidencias da guerra, chegado a manter con él certa amizade.

Entretanto Minsk pasou a ser unha cidade ameazada polos alemáns, implacables na súa ofensiva. A artillería e maila cabalería do Zar abríanse paso a través do mar humano que circundaba a cidade e os bombardeos eran constantes. Despois de tremendas dificultades, sen saber uns dos outros, lograran reunirse alí toda a familia Lutoslawski –un total de vintaoito persoas entre maiores e nenos– pero, ó igual que unha enorme multitude de refuxiados, ás portas do inverno, voltaron a verse empuxados fatalmente a outra humillante e tráxica evacuación cara a Moscova. A morte, a aglomeración de feridos, a falta do máis elemental, a fame e maila desesperación foron para todos afliccións diarias. A familia conseguiu, á segunda intentona, acceder a ocupar un vagón dun tren que os levou a Moscova.

Aqueles angustiosos momentos serían narrados pola escritora anos máis tarde nun conto infantil titulado *Viajes y aventuras de una muñeca española en Rusia*, publicado en Burgos, no ano 1920, por Hijos de Santiago Rodríguez e ilustrado por Gutiérrez Larraya. A protagonista do conto sería a boneca de Krysia, nome familiar de Cristina Niklewicz, neta maior da autora, e a mesma moneca narra o sucedido.

Instalada toda a familia en Moscova, centro de tódolos intereses da guerra naquel intre, a correspondente de *ABC* gozou dunha posición de máximo interese informativo. Ela xa vivira alí e atopouse cunha cidade pouco cambiada. Toda a súa familia, unindo esforzos, traballaba no Comité cívico de Varsovia e acudía ás estradas e arredores da cidade para reunir ós polacos despavoridos e desorientados, auxiliabaos e buscáballes, dentro do posible, algun xeito de vida. Sofía comentaba todas estas cuestións ós seus lectores españois e explicaba os cambios políticos que se producían no Imperio como consecuencia da marcha da guerra, nefasta para Rusia. A Sofía, cada vez máis

decepcionada, non se lle escapaba a profunda crise política do Zarato.

Informando de todos eses asuntos, chegou ó seu coñecemento que aquelas cartas entregadas ó amable xeneral de Minsk encallaran e no foran enviadas ó embaixador español en Petersburgo. O propio militar ruso, *amablemente*, entregara as cartas da española ó xefe da policía e éste á censura que as secuestraba por sistema. Nin a familia, nin o periódico, nin a embaixada tiveran noticias da escritora naqueles dous meses. Cando o embaixador e o periódico decatáronse do que pasaba, reclamaron ás autoridades

rusas que prometeron devolver aquelas cartas *se as atopaban*. Sofía, en vista do ocorrido, desprazouse a San Petersburgo a ve-lo embaixador español e aloxouse na casa do seu cuñado Stanislaw, que vivía alí. Aqueles días foron para ela coma unha pequena tregua porque, ademais de gozar da conversación e da compañía do embaixador español, conde de Cartagena, aproveitou para visitar a aristócratas rusas que coñecera no hospital de Varsovia. Elas seguían atendendo ós refuxiados e ós prisioneiros, actividades que interesaban moito a Sofía dende o punto de vista humanitario, pero tamén estes contactos proporcionábanlle puntos de vista diferentes e datos moi interesantes para o seu labor informativo.

Pouco tempo despois, o conde de Cartagena abandonou Moscova pero, antes de facelo, enviou á escritora a insignia da medalla de ouro con cinta Ana que a Cruz Vermella rusa otorgáralle polos seus servizos como enfermeira de guerra.

O cansazo de tan longa guerra á cal non se lle vía fin desesperanzaba á poboación civil e causaba fondas diverxencias entre os deputados rusos ó comezo do ano 1916. A escaseza de tódolos alimentos, de leña, de calquera combustible non fixera máis que comezar. O inverno para a poboación rusa era un auténtico reto de supervivencia porque comenzaran as restriccións encamiñadas a prepara-la campaña de primavera. A desmoralización, a falta de ética e o disparatado afán de lucro dos corruptos estraperlistas mesturábanse coas calamidades cada vez maiores da poboación e coas tempestades políticas, entre elas a protagonizada por



Conto para nenos inspirado nas vivencias da familia da escritora naqueles días de guerra.

Rasputín, da morte do cal se falaba xa como a dun chibo expiatorio de tódolos males.

Por mor da celebración da Pascua de Resurrección, en vésperas da ofensiva, Sofía foi elixida polo Comité cívico de Varsovia e o das damas polacas para visitar ós soldados da brigada polaca que combatían na fronte rusa, nas trincheiras de Minsk, e alá viaxou —casualmente enferma e con febre alta— durante vinte e catro horas, nun tren amoreado, acompañada do seu cuñado o sacerdote Kazimierz Lutoslawski. Unha vez en Minsk, estiveron aloxados na casa da princesa Boroniecka, presidenta da Cruz Vermella de Varsovia, que os

acompañou ás trincheiras donde permaneceron os tres varias xornadas que pasaron nas propias trincheiras cos soldados durante o día, e nun vagón do ferrocarril, estacionado a uns catro quilómetros da fronte, pola noite. Das súas impresións, logo de ver aquelas enormes toupeiras, quedaron testemuños nas crónicas que despois puideron ler os españois do seu tempo.

Na ameazada cidade bielorrusa, Sofía tamén visitou as obras que sostíña o Comité, entre elas un asilo para nenos, e decatouse de que a xente estaba sobrecollida polo pánico, aterrorizada pola proximidade do inimigo. Os reflectores alemáns e os bombardeos fixeran revivir á española a angustia dos últimos días de Varsovia. Esgotada como tódolos que a rodeaban, a aquela guerra que non parecía ter fin, non se lle vía saída ningunha. Chamados a filas os homes de 45 anos e Moscú enteiro era un enorme hospital.

Por riba, no mes de setembro Sofía aínda tivo que enfrontarse a dúas mortes cercanas: a do seu neto menor, a quen Pepa ensinara a falar castelán mesturado con galego, e a de Zygmunt Balicki, o político polaco que fora esposo da súa íntima amiga Gabryela, aínda en Varsovia. Tamén o 30 do mesmo mes morría en Madrid, vítima da diabetes, Alfredo Vicenti, un dos seus mellores amigos. Por fortuna, naquel intre, ela non se decatara da luctuosa noticia.

A mediados de outubro daquel funesto ano de 1916, foi preciso abandonar Moscova e a escritora foi a San Petersburgo. Alí saíralle ó paso acontecementos que cambiarían o mundo.

XI.- Testemuña da Revolución Rusa

Sofía chegou a San Petersburgo, sede da corte Imperial, centro industrial e lugar importantísimo de adestramento de reclutas, nos últimos meses do ano 1916. As folgas xa frecuentes nas fábricas Putilowsky aumentaban a medida que pasaba o tempo e o malestar acrecentábase cada vez máis. A férrea censura daba orixe no pobo, xa farto de tanta guerra e expoliación, a unha serie de elucubracións que aumentaban o temor e o malestar xeral. Cada día falábase de *pogroms* inminentes e sangentos e temíase máis o total desabastecemento, xa moi precario. Ó goberno do Zar desbordáballe a gravidade e cantidade dos conflitos radicalizados polos dous anos e medio de guerra.

A correspondente non só se ocupou de conta-lo máis notable do que estaba sucedendo no goberno de Rusia e á súa poboación civil, senón que tamén recolleu a polémica creada pola propia estratexia dos contendientes en liza con respecto á independencia das rexións do Vístula, como chamaban a Polonia. Entre os refuxiados polacos, como é natural, o asunto interesaba moitísimo porque a maioría deles alistáranse nun exército ou en outro en función das promesas de independencia que fixera o goberno correspondente. Naquel momento de crise, cansazo e desesperanza xeral, calquera noticia ó respecto era para eles fundamental. Unha proposta de paz feita polos Imperios centrais e rexeitada polo Zar veu a desacougar aínda máis a tódolos habitantes do Imperio ruso, que abertamente a desexaban.

Na rúa, o frío, a neve, a fame e demais calamidades da guerra agravaban a angustia de todos. Sofía, agotada coma os demais, compartía e sufría a agónica situación do Imperio. O asesinato de Rasputín, de quen ela escribira nas súas crónicas, veu a altera-lo cotián

xa bastante axitado por sí só. A raíz da morte do *mujik*, en decembro de 1916, a correspondente viuse impossibilitada polo bloqueo para mandar crónica ningunha a España, o cal lle impediu comentar máis extensamente aquel asesinato político. Ademais, os seus comentarios disgustaran á representación do goberno do Zar en Madrid, que protestara oficialmente. En Petersburgo, por sorte, as autoridades non sabían quen era Sofía Casanova, nin que unha refuxiada de Polonia, unha tal Lutoslawska, escribía para *ABC* sobre os asuntos rusos, porque os periódicos españois non estaban ó alcance daqueles que poderían sentirse molestos con aquilo que se publicaba. O embaixador do Zar en Madrid, nembargantes, reclamara oficialmente e propúxose averiguar persoalmente quen era a escritora, quería localizala en Rusia e descubrir por medio de quen mandaba o seu traballo. Sofía, enterada desa cobiza, era tan consciente de que corría perigo que máis tarde comentaría que nunca se chegou a explicar cómo o diplomático non fora quen de facela calar. En realidade, nos seus artigos, comentaba e describía sinceramente a descomposición do imperio ruso, explicaba os sucios manexos dos responsables da guerra e denunciaba os grandes intereses dos poderosos por manter unha confrontación da que o pobo estaba farto e ó límite da supervivencia.

A pesar de que conseguía cumprilo seus compromisos co periódico, no mes de febreiro de 1917, queixábase indignadísima de que todo canto escribira en xaneiro fose tirado ó mar. Enfadada, en vez de renderse, afirmaba rotundamente que as crónicas que mandara despois si ían chegar a *ABC*, pero o certo era que cada vez tiña que ter máis inxenio para cumprir co seu compromiso de informar e gracias ás amistades, valixas diplomáticas e outros medios excepcionais chegaban, aínda que con retraso, os seus testemuños.

Ela contaría logo que moitos deles enviáraos por mar, outros ocultos no peito dos aviadores, entregadas as cartas á man e moitísimas en etapas, ademais de todas elas en sobre aberto e sen enderezo.

Por todas esas dificultades o traballo de Sofía Casanova chegaba con retraso ós lectores españois. O seu valor testimonial era enorme e, aínda que as noticias que daba, cando chegaban a publicarse perderan xa actualidade inmediata, non deixaban de ter gran interese os seus comentarios porque explicaban a maioría das veces o miolo das cuestións das que se tivera noticia máis puntual. Os seus escritos eran, ademais, vivos, non noticias frías e escuetas de axencia. Vía a guerra coma unha trampa común para tódolos seres humanos, independentemente de que fosen partidarios dun bando ou doutro. As súas simpatías estaban cos países aliados pero non era quen de sentir odio polos alemáns ou polos austríacos, incluso negabase a crer as verdadeiras barbaridades que deles se dicían, aínda que tiña experiencia das súas crueldades porque lle tocara vivi-la guerra no bando oposto. Sostiña que a guerra brutaliza a calquera ser humano, independentemente de que sexa dun ou doutro lado. A súa antipatía por Inglaterra ou polos Estados Unidos era, dende logo, palpable. Rara é a liña que, referíndose a Inglaterra, xunto ó seu nome non se atopan verbas como *la pérfida, egoísta*, ou a que querendo mencionar a Estados Unidos non aparezan expresións como *el tío Sam* ou *Yankilandia*. Ningún asunto no que estivesen estas dúas nacións involucradas vía ela con confianza. Non se fiaba das súas mediacións e sempre advertía dos seus intereses egoístas.

Evidentemente, a escritora nas súas crónicas daba fe de que, naquel inverno de 1916-1917 a situación que se vivía en Rusia era desesperada. Os desexos dunha victoria rápida esfumáranse e o descontento das tropas e da poboación civil era cada vez máis clamoroso. A axitación política e a convulsión interna, consecuencia das derrotas militares e o caos económico, chegaran á culminación. A revolución era só unha cuestión de días.

Como se sabe, o 7 de marzo de 1917 (23 de febreiro, segundo o calendario ortodoxo) comezaron a xurdir unha serie de folgas na capital do Imperio ruso que desembocarían, catro días máis tarde, nunha revolución aberta. As tropas de San Petersburgo apoiaron ós sublevados. Reapareceron os *soviets* de 1905 que se apoderaron de parte do poder, e a Duma tivo que recoñecer que a situación se escapaba do control do Goberno do Zar. O 15 de maio, Nicolás II foi obrigado a

abdicar e a Duma designou un goberno provisional presidido polo príncipe Lvov. A partir deses acontecementos esperábase unha evolución cara a unha República de corte liberal-democrático pero, como todo o mundo sabe, os acontecementos foron por outra canle, o cal tivo fonda repercusión histórica.

A noticia da Revolución rusa apareceu en *ABC*, a toda plana, o 16 de marzo, polo tanto varias datas logo de que realmente ocorrera. Aínda que o lector recibía noticias dispersas do que pasaba en Rusia, non tiña información coherente que lle permitise agarda-lo violento estoupido. Foi máis tarde, cando tivo a posibilidade de le-las crónicas de Sofía Casanova cando puido explicarse por qué todo acontecera así.

Sofía, logo de narra-las manifestacións, as folgas que presenciara en San Petersburgo, os enfrontamentos coas forzas da orde e o absoluto desconcerto que se apoderara dos cidadáns naqueles días como consecuencia da falta total de información e de prensa, pasou a describí-la parte máis complicada de entender para o lector español, é dicir, a actitude da Duma e da alta clase política. Aquela información si que era única e difícil de conseguir para os demais periódicos españois, porque só a podía dar, naquel intre, quen tiña un coñecemento directo, quen fose testemuña da revolución.

A correspondente contou canto iba acontecendo, día a día, entrecruzando as opinións e sensacións do home da rúa, a visión do seu porteiro, a sorpresa e maila confusión do cidadán de a pé, coas descricións da axitación nas rúas, do estoupido revolucionario nas pontes, da neve tinguida de vermello co sangue dos manifestantes en brutal confrontación coas forzas represoras, o son das notas da Marsellesa, as bandeiras vermellas... Só despois, ó cabo duns días, pasou a analizar e interpreta-los acontecementos. En principio, a súa actitude foi transmitir serenidade e manterse expectante. A súa preocupación era conseguir información, aínda que para elo tivese que arriscarse a se-lo branco dos tiroteos da rúa desplazándose pola cidade. A súa simpatía polos revolucionarios era franca, comprendía o desbordamento do pobo, e ata lle parecía, nun principio, que a actitude do goberno do Zar non era desacertada, porque non había a cantidade de vítimas que adoitan levarse por diante as revolucións. A súa simpatía polo proletariado, famento, verdadeiro protagonista, non tiña dúbida. Ela sabía que o pobo ruso era vítima dun anacrónico sistema económico e político, e compartía coa xente a desesperación dunha guerra interminable. De tódolos xeitos, tra-

taba de non botar máis leña ó lume e a súa actitude era expectante, a propia de quen agarda ver qué cariz toman as cousas. Vivía intensamente os acontecementos de cada instante e compartía a ledicia daquel pobo que tantas veces víra sufrir. Pasaba polos hospitais da cidade para medi-lo custo das revoltas e comprobaba que non había traslados de feridos de forma masiva. Incluso chegou a crer que aquela revolución non pasaba polas fases de terror propias doutras. Agardaba que todo aquilo, cun entusiasmo que lle contaxiaba, desembocase nunha República á francesa. Ademais, nas crónicas nas que narra os primeiros días da revolución, non ocultaba as súas simpatías polas mulleres revolucionarias e describía con entusiasmo, por exemplo, a Viera Figner –liberada do cárcere no que permanecera vinte anos por atentar contra do Zar Alejandro II– a quen vira pasar rodeada de valerosas mulleres. Sofía, describindo o acompañamento comentaba que elas eran *la encanación de las reivindicaciones femeninas y el orgullo de los triunfadores*.

Levada polas súas simpatías hacia o proletariado, a correspondente nos primeiros días da revolución incluso rechazara violentamente o liberalismo burgués dos *cadetes* e aceptara entusiasmada o movemento socialista ruso, aínda que o seu socialismo –o da escritora– sempre fose moderado e, dende logo, utópico. Non tardou en ocuparse da evolución política daquela revolución e, ó paso que deu a noticia da encarceración dos personaxes do antigo réxime, explicou ordenadamente ó lector español en qué se convertera aquela sublevación, o acontecido na Duma, nas altas esferas do goberno e á familia real, destacando o comportamento civilizado dos revolucionarios e o comportamento xeneroso da Zarina, soa cos seus fillos en Tsarkoie Selo –o Zar atopábase en Pskov e dábase por segura a súa abdicación– que non permitira que ningún membro da súa garda personal fixese fronte ós revolucionarios, evitando así derramamentos de sangue.

Despois narrou a destitución e maila detención da familia real con todo detalle, destacando a dignidade dos protagonistas e en particular da Zarina, quizáis con intención de neutralizalos anteriores, tan comentados, favores da emperatriz ó asesinado Rasputín. Monárquica sincera, Sofía non agachaba a súa simpatía polas persoas reais, aínda que non defendía o sistema de goberno que sostiveran e non negaba a súa ineficacia como gobernantes. Confiaba no novo Goberno provisional presidido por Lvov, a quen etiquetaba de monárquico constitucional, porque parecíanlle positivas as medidas que adoptara: a abolición da pena

de morte, a supresión da censura e maila orde que regulaba os dereitos do soldado. A verdade é que a española cría que asistía á creación dun estado liberal e polo tanto burgués, e soubo ver coma moi importante o decreto emitido polo goberno –en realidade do soviets– que transformaba a disciplina do exército e que sería clave para o xiro que ía a dar todo aquilo. A cuestión do remate da guerra era primordial e por eso a correspondente tamén se ocupou do asunto, así como do prometido reparto de terras ós labregos.

Pasado un mes de exaltación xubilosa, Sofía xa comezou a ver que a revolución ía moito máis lonxe do que supuxera. O goberno da Duma non tiña autoridade moral, a familia imperial seguía en poder dos revolucionarios sen que as xestións dos países estranxeiros puidesen liberalos, o problema da guerra seguía sen solucionarse e a volta dos exiliados de Siberia ou do estranxeiro disparaba as loitas de ideas e as paixóns dos revolucionarios. Con respecto ó remate da contenda, había diversidade de opinións, entre elas a de Lenin, que esixía a paz inmediata mentres Miliukov non a quería a ningún prezo.

Como Sofía xulgaba este problema como prioritario, decidiu ir busca-la noticia e achegouse ó palacio Táuride, sede da antiga Duma, onde se instalara o Soviet, substituindo ó Parlamento imperial. Quería ver de cerca unha sesión permanente daqueles revolucionarios coma outras veces víra as do antigo réxime. Quería oír aquelas intervencións como tamén escoitara as dos outros. Xa de volta, narrou con todo detalle as súas impresións e comentou o mal efecto que lle causara ve-la sede da antiga Duma *invadida por soldadesca maloliente*, que charlaba fumando e cusbindo no primoroso parquet. Sempre guiada por un soldado, conversou cos señores do Gabinete de Prensa, que tornaron a súa amabilidade en distante indiferencia cando ela lles dixo que traballaba para un periódico español neutral, e tomou nota dos asuntos que ocupaban ós revolucionarios naquel intre. Día a día e sen acougo escribía encol dos conflitos internos dos que discutían a paz. As súas crónicas publicábanse con retraso pero contiñan información veraz e puntual de canto interesaba cada vez máis ós lectores españois, pendentes dos seus comentarios.

A mediados de xullo tiveron lugar sangrentos choques entre as tropas fieis ó goberno e centos de miles de obreiros, soldados e mariñeiros que esixían a dimisión do Goberno Provisional o cal, para aglutina-lo país xa inmerso nunha loita de clases, preparara unha grande ofensiva bélica, que fracasara. A correspondente

narrou aqueles enfrontamentos fraticidas confesando que aqueles días foran para ela os máis tristes. Vira cadáveres enfilados nas beirarrúas, caer ás nais e ós nenos entre os soldados e como se mataban uns ós outros cando, poucos días antes, todos xuntos cantaban a Marsellesa.

Foi nestes días, na confusión dun daqueles tiro-teos, cando Sofía sufriu unha grave contusión ó ser golpeada accidentalmente por un dos que fuxían das balas. As consecuencias deste accidente serían nefastas para a súa vista. A pesar dos coidados ós que tivo que someterse, xamais voltaría a ver ben.

Aínda así, seguiu enviando crónicas nas cales narraba a axitación daqueles meses. A guerra aínda non rematara e as loitas polo poder, as tempestades políticas e a inquietude da poboación preocupaban á escritora. As folgas en vésperas da confrontación do Goberno cos bolcheviques eran cada vez máis numerosas, a carestía da vida facíase insoportable para todos, a tensión aumentaba día a día. A española sabía que se preparaba un golpe de estado, e así foi.

A primeiros de novembro –25 de outubro en Rusia– Sofía xa narraba ós seus lectores dende a súa experiencia persoal e con todo detalle o desenvolvemento e mailo estoupido da gran revolución bolchevique, do *levantamento maximalista*, como o chamaba ela e os demais informadores do momento.

Lamentablemente, o seu relato non puido chegar rapidamente a Madrid para publicarse e non se puido ler antes do 19 de xaneiro de 1918.

Nas crónicas escritas nas primeiras semanas da revolución, que contiñan o máis salientable do que acontecera, Sofía non facía mención a situacións de terror ou de represión, aínda que si sinalaba accións e esaxeracións da reacción en contra dos *maximalistas*. Ela simpatizaba co afán de xustiza e co propósito de paz que tiñan os triunfadores da revolución.

Non tardou a escritora en sinalarse coma obxectivo ir ó Instituto Smolny e entrevistar a Trotsky, parécíalle o máis interesante dos compañeiros de Lenin e o máis empeñado en remata-la guerra.

Naqueles días, comezos de decembro de 1917, que unha muller burguesa entrase no *antro de las fieras*, como ela humoristicamente escribiu, parecía telo seu risco, pola pésima reputación dos comisarios e da garda roxa. Como ela era consciente diso, aínda

que tiña medo, non deu explicacións á súa familia, e acompañada de Pepa –a quen tampouco concretou onde ían– dirixiuse ó encontro do ministro de Negocios Estranxeiros, cargo que entón ostentaba o revolucionario. Na publicación da entrevista non só apareceu a súa conversación con Trotsky. As sensacións das dúas mulleres ó entrar no Instituto Smolny, o espanto de Pepa que preguntaba en galego á súa señora ónde a levaba e a descrición do ambiente, completaron o valioso testemuño.

Tras daquela entrevista comezou a ensombrecerse o optimismo de Sofía. A impresión que lle produciu canto oíra en boca de Trotsky e aquela excesiva austeridade, xunto coa rudeza de modais daqueles revolucionarios armados, deixaron no espírito da escritora un desencanto e unha inquietude evidente. Todo aquilo era máis veraz quizáis, pero inquietante, feo, incluso hostil para unha señora que, coas súas maneiras indicaba que pertencía a outra clase social, nese intre e lugar, mal vista. A española non se sentíra cómoda, a pesar de que o ministro lle mencionara ó amigo de ambos Pablo Iglesias. Non por iso restoulle importancia ó personaxe nin deixou de pensar que o seu valor era insubstituíble na Rusia daqueles días.



Recopilación de crónicas na Revolución Rusa. Madrid, 1920.

XII.- A represión e a Guerra Civil

O recruacemento da violencia e a súa xeneralización en toda Rusia condicionou de forma substancial a opinión da española con respecto ó novo réxime. O ton e o contido dos seus artigos máis inmediatos variou sensiblemente e convertéronse en duros alegatos en contra da guerra e da axitación interior que se vivía na Rusia revolucionaria: incendios, descarrilamentos, roubos, mortes a eito, etc. A lectura da crónica na que narra o incendio do teatro Penayewsky, sucursal do correo de campaña e hospital, fai aínda hoxe estremecer ó lector máis desapaixonado. O descoido, a ineptitude das autoridades e maila impotencia das vítimas conmoveran de tal xeito á escritora que, horrorizada, clamaba en contra da enorme indiferencia xeral ante a perda das vidas humanas. A onda de represións xeneralizadas contra os reaccionarios e os burgueses, a anarquía que deixaba as mans libres a ladróns e maleantes esmorecía pouco a pouco a esperanza que Sofía depositara naquel novo réxime. Ademais o odio de clases desatara unha onda de violencia en Rusia que engadía unha guerra civil á propia guerra internacional, aínda non rematada. Sofía xa non podía simpatizar co novo sistema, se este era cómplice ou non era capaz de atallar tales barbaridades. A opinión das xentes que formaban o seu círculo e ó sabérense parte dunha clase social odiada naquel intre, contribuía aínda máis a que tomase unha posición crítica.

Cando Lenin disolveu a Asamblea Constituínte, e polo tanto anulou os principios democráticos, Sofía xa non tivo dúbida de que comezaba unha época de arbitrariedade e represión. O discurso de Trotsky intentando xustifica-la medida pareceulle mesiánico.

A escritora, levada pola súa tendencia ó idealismo e polo seu desexo de paz, ilusionárase coa posibilida-

de de que aquela revolución trouxese consigo a anhelada xustiza social, pero a realidade poñía en evidencia que, de continuar así as cousas, perecería todo o seu mundo, os seus valores, os seus amigos, os seus familiares, ela mesma. Incluso, Trotsky lle dixerá que os revolucionarios aspiraban a estende-las súas ideas polo seu propio país. Estaba convencida de que todo canto amaba acabaría sendo vítima daquela redención teoricamente idílica pero que, na práctica, era tan violenta como tódalas demais. O único que agardaba era o éxito das negociacións de paz na cal os bolcheviques estaban moi interesados. Mentres tanto, a fame, o frío e o illamento conformaban o vivir diario. Sofía preguntábase se todos resistirían outro ano máis. Estaba, como todos, esgotada.

Por fin chegou unha paz polémica, forzada pola urxente carencia de todo o imprescindible, pola fame, pero paz ó fin. Na práctica, nembargantes, pronto se trocaría unha violencia por outra. Rusia asinara a paz rematando a súa participación na guerra con outros países, pero tiña outra guerra dentro de si que non tardaría en manifestarse con toda a súa crueldade.

Verbo da cuestión polaca, o acordo que os bolcheviques lograran por separado con Alemaña e Austria en Brets-Litovsk trouxera como consecuencia que case tódalas terras que soñaban ver unidas os nacionalistas polacos estivesen agora en mans alemanas. Francia, sen ter xa por medio os intereses da súa aliada, proclamou o dereito de Polonia a ser independente e unificada. A raíz da caída do Zar xa formara por decreto un exército polaco e establecera contacto co Comité Nacional que en agosto de 1917 e baixo a presidencia de Roman Dmowski —o íntimo amigo dos Lutoslawski— instalárase en París. Para os polacos, os seus inimigos tradicionais, é dicir, Alemaña e Ru-

sía, aliñábanse a un mesmo lado. A historia dera a razón a aqueles que ó comezo da guerra declaráranse do lado da Entente. A aqueles que seguía ilusionando a unión de Polonia non lles quedaba máis remedio que continuar a colaborar cos aliados, xa que Alemaña e os responsables do novo réxime en Rusia cederan a Ucraína parte das terras polacas, e o resto de Polonia estaba baixo o poder alemán. A cuestión era delicadísima porque, por unha parte, as lexións polacas, formadas por voluntarios e forzosos chamados ó exército ruso, foran desarmadas e vencidas despois do derrubamento da fronte oriental (parentes e coñecidos da escritora morreron, crendo salva-la súa patria, durante os catro anos de combate) e batíanse coa garda roxa cos alemáns ás súas costas. Por outra, a maioría dos polacos refuxiados en Rusia, que dende o comezo da guerra se xunquiran a aquela nación fronte ós Imperios, agora eran rexeitados polo goberno de Moscova por mor das súas actividades antialemáns e a súa complicidade cos países da Entente, pero non podían voltar á súa terra porque esta estaba en poder do inimigo contra o que loitaran durante os últimos anos. Os familiares e amigos de Sofía, e ela mesma, estaban nesta situación.

obriga de actuar con poderes absolutos nas cidades mentres que no campo os Comités de Pobres multiplicaban os seus crimes en nome do Estado. A partir de xaneiro de 1918, un decreto de Lenin creou tribunais especiais que reprimían toda crítica ou oposición ó partido. O clima era de guerra civil.

A escritora nas súas crónicas publicadas en *ABC* trataba de distinguir entre os responsables do goberno e os revolucionarios de boa fe pero, dende o comezo, denunciou a represión dos Tribunais Revolucionarios e puxo de manifesto o feito de que aquel sistema se prestaba ó abuso, á vinganza persoal e ó crime impune. Afirmaba explicitamente, ademais, que a revolución do proletariado fracasara xa claramente porque non era un levantamento dun pobo, dunha nación unida e forte, senón a revolución unilateral dunha clase social capitaneada por sectarios indíxenas á cal o proletariado europeo nin entendía nin podía obedecer. Consideraba que, a partir da firma de Brest-Litovsk e do traslado da sede do goberno a Moscova, comezara o período do comunismo e das disidencias profundas entre os revolucionarios, ó tempo que se rematara o período máis intenso e extraordinario da revolución rusa.



Дни революции. Совершенно здание Литовского здания.

Posto de policía bombardeado polos revolucionarios. Outubro, 1917 (Archivo General de Palacio, Madrid).

Unha represión feroz desatouse para sufocar tódolos problemas políticos e, para tratar de solucionar os problemas económicos, o goberno bolchevique pasou a unha nacionalización extensiva e ó pulo da loita de clases no campo, actuando dende enriba. A Tcheka, creada no mes de novembro de 1917 tiña o dereito e a

Na primavera de 1918, ó arrecia-la represión contra os burgueses e os inimigos do réxime, os cuñados de Sofía, Jozef e Marjan Lutoslawski, foron encarcerados. Partidarios da Entente e antixermanos convencidos, ocuparan altos cargos de responsabilidade nos organismos encargados dos refuxiados polacos en Rusia e

foran acusados por Krilenko de “perigosos homes europeos e contrarrevolucionarios”, polo cal a garda roxa entrara nas súas casas e metéranos en prisión con destacadas personalidades do réxime do Zar. Agardaban no cárcere a decisión do Tribunal Revolucionario. Naturalmente, aquilo non era a democracia parlamentaria nin a concordia coa que soñara Sofía. Os refuxiados polacos ansiaban voltar canto antes pero estaban atrapados naquela rateira. A galega, nas súas crónicas, describía aquela feroz represión sistemática que recaía dun xeito especial e selectivo sobre os seus próximos e amigos e, con crueza, explicaba os horrores concretos dunha guerra civil da cal tamén ela era testemuña e vítima. Estaba de novo atrapada nun inferno. A falta de comunicación de Rusia co mundo –de xuño a agosto non logrou pasar nin unha das súas crónicas fóra das fronteiras rusas– convertía en case imposible a tarefa de informar e acentuaba a súa soitude con respecto a España. A súas fillas estaban doentes, os seus netos famélicos. A posibilidade da

repatriación era remota, pero a única saída posible para fuxir daquel inferno. Sofía intentáralo varias veces por medio da neutral embaixada española, pero os seus intentos foran infructuosos. A situación facíase máis grave a medida que os socialistas revolucionarios e os seus cómplices dos países da Entente atacaban ó réxime bolchevique. Cada vez máis, de forma sistemática, respondíase ó terror co terror. A situación dos refuxiados cada día facíase máis perigosa en Rusia. De non acadar un salvoconduto pronto quizáis non sobrevivirían.

En agosto de 1918, Sofía comentou para os seus lectores a execución da familia imperial rusa nun artigo que se publicaría a mediados de setembro. Un mes antes, Madame Narischkine, Grande Maitresse da Corte lera á escritora española cartas da Zarina nas cales a emperatriz retrataba a vida cotiá dela e da súa familia en poder dos bolcheviques. Nada puidera evita-la masacre.



1917.
Дни революции
Баррикады на Митинской улице.
Barricadas en San Petersburg. Octubre, 1917 (Archivo General de Palacio, Madrid).



Relato inspirado na Rusia convulsionada que coñeceu a escritora.
Publicado en *La Novela Semanal*. Madrid, 1925.


XIII.- Por fin a repatriación

Gracias ós representantes do Goberno de España, Sofía e os seus fillos puideron obter permiso para abandonar San Petersburgo en setembro de 1918 coa fin de intentar chegar a Polonia, cuestión moi difícil, dadas as condicións de seguridade e a precariedade das comunicacións. Antes de marchar, a escritora visitou en Moscova ós seus cuñados encarcerados, ós que quería coma verdadeiros irmáns xa que convivira con eles dende nenos. A confianza que querían infundi-los avogados e os amigos da familia –que tentaban de salvarlos e de que puidesen saír cara a América ou Francia– sostiña á familia, pero aquela visita producíralle unha profunda tristeza, un esgazamento máis. Ela sabía que eran frecuentes os fusilamentos sen mediar explicacións e da noite á mañá. Temía que aquilo ocorrese como, desgraciadamente, así aconteceu.

Despois de salvar moitas dificultades puntuais, como efectua-la devolución dos bonos de comestibles ós Comisariados –requisito indispensable para ter opción á compra dos billetes– a adquisición dos certificados esixidos, etc. etc., por mor da axuda de tódolos membros da Embaixada española, Sofía Casanova e os seus lograron tomar un tren que os levou a Torosзино, fronteira rusa coas terras de dominio alemán. Alí, ó longo de máis dun quilómetro de vía férrea amontoábanse fuxitivos que agardaban a súa oportunidade para coller outro tren cara ó leste, fuxindo de Rusia. A española e a súa familia uniuse á multitude e, logo dunha serie de incidentes, ás catro da madrugada do segundo día, porque figuraban na lista do comisario polaco, permitíronlle subir ó tren, a aqueles vagóns de gando e, amontoados con centos de infelices, chegaron a Pskov onde permaneceron dous días, mortos de medo, indefensos diante das bandas de malfeitores

que se dedicaban a roubarlles todo ós repatriados. Tras outra revacunación, despiollamento e revisión de documentos, acadaron ó fin continua-la viaxe e chegar a Varsovia.

A capital estaba sometida a un severísimo réxime militar que ordenaran os alemáns. Sofía conseguiu que as autoridades lles deixasen desprazarse a Drozdowo, propiedade que permanecía respectada por orde da Rainha de España Dona M^a Cristina e, unha vez alí, xa no mes de outubro, chegou a funesta noticia do fusilamento inesperado dos irmáns Lutoslowski. As súas viúvas e os seus orfos aínda non puideran saír de Moscova (levaban unha semana nun vagón de gando, no que sobrevivían amontoados coa esperanza do regreso) cando o rexente, Arcebispo Kakowski, e as institucións nacionais organizaron solemnes funerais na catedral de Varsovia en honor dos seus homes.



O ministro Burgos Mazo impon-lle as insignias da Cruz da Beneficencia a Sofía Casanova. No grupo, baixo o escudo, Emilia Pardo Bazán. Madrid, 1919.

Estas horribles experiencias, e as que xa vivira en Rusia acabaron por converter a Sofía Casanova nunha combativa antibochevique.

En España, Alfonso XIII concedéralle a gran cruz da orde civil de Beneficencia con distintivo morado e branco. O Real Decreto, asinado en San Sebastián o 14 de setembro de 1918, especificaba que lle correspondía tal honra polos seus destacados actos de abnegación e altruísmo nos hospitais rusos como Irmá da Caridade. A española, aínda en Rusia por aquelas datas, era totalmente allea a aquelas honras e só se podía permiti-lo luxo de sobrevivir.

En novembro daquel mesmo ano acadouse o Armisticio. Establecérase a evacuación e a devolución dos territorios aliados ocupados polo inimigo, aínda que non estaba claro ata onde abarcaba esa devolución e Polonia volvía a ser ama de si mesma e a recuperar a súa identidade como Estado independente. Nembargantes, os límites de Polonia estaban sen precisar e o novo Estado foise desenvolvendo pola súa conta. De momento, polo menos, o réxime militar alemán suprimírase e os cidadáns polacos podíanse desprazar libremente por cidades e aldeas sen pedir permiso especial. Sofía nas

súas crónicas salientou o alivio que lle proporcionarán os polacos os novos acontecementos aínda que a carestía estaba a ser para eles un escollo importantísimo co cal se atopaban a cotío. Polo menos —comentaba— no tiñan que soportar aquela carencia absoluta que padeceran en Rusia. Todos tiñan un pedazo taxado de pan negro, pero non había calzado nin roupas, e entraba o inverno. O novo estado de Polonia aínda tería que pasar tódalas dificultades propias da consecución dunha organización interna e que pelexar polas súas fronteiras, pero se cumpriran os vellos anhelos de independencia. Aquela loita secular contra a presenza estranxeira, pola que tantos deran a súa vida, tivera por fin a súa victoria.

Sofía informouse de todo o máis salientable dese proceso de asentamento nacional e, a pesar das súas dificultades persoais, coxunturais²⁴, cando en Polonia xa se formara un goberno de coalición patriótica baixo a presidencia de Paderewski, conseguiu desprazarse a España, onde chegou a primeiros de abril de 1919. Á escritora permitíraselle coller un tren militar aliado —no cal só viaxaban diplomáticos e persoal militar— por mor das xestións feitas polo cónsul de España en Varsovia. Era o único convoi que circulaba pola Europa dos vencidos.



Homenaxe a Sofía Casanova na redacción do diario ABC. Madrid, 1919.

XIV.- De volta da guerra

Sofía chegou a unha España tamén chea de problemas. Co gallo do fin da guerra acabara o aparente desenvolvemento económico que só beneficiara a uns poucos. O paro obreiro enfastiara e crispara á sociedade, a paz mundial animara ós nacionalismos e política-mente a situación era sumamente complicada xa que o sistema dos partidos turnantes se desgastara. Alfonso XIII confiara a Maura a formación dun novo goberno de concentración conservadora.

Cando Sofía Casanova coñeceu a axitación social na que se atopaba o seu país, esforzouse en explicar que o remedio que propagaban os afíns ó sistema ruso non era tal. Ferida pola dura experiencia do terror roxo, espantáballe que España caera no que ela consideraba unha revolución desvirtuada ó servizo duns fanáticos que, lonxe de solucionar os problemas do Imperio do Zar, engadiran máis dor ós seus habitantes. Por iso, contou a súa experiencia daquel réxime a todo o que quixo oír. Indubidablemente, as súas experiencias e ideas ó respecto interesaban a máis xente que ós que formaban parte do seu círculo privado porque a escritora fixérase famosa polas súas crónicas, lidas durante tantos meses polos lectores de *ABC*. O seu coñecemento directo daqueles feitos históricos tan recentes —completamente excepcional para unha muller española da época— facía dela un personaxe de interese extraordinario. Pero, a ese interese sumouse pronto o dos conservadores e o da xerarquía eclesiástica española os cales lle deron moitas oportunidades para expor as súas opinións e experiencias dende os estrados máis importantes do país. É evidente que, de non convivir a eses intereses, Sofía Casanova non tería a oportunidade de propagar en tantos foros a súa repulsi-ón cara ó réxime bolchevique.

A escritora estaba convencida de que seguir os pasos de Rusia e secunda-las ideas dos seus dirixentes para acadar a unión do proletariado internacional non era máis que caer na trampa. Sabíao por experiencia e sabíase a única española que fora testigo do proceso e da revolución. Porque pensaba dese xeito, colaborou cos grupos españois máis reaccionarios interesados en disuadir ó proletariado que xa tomara iniciativas para expresa-lo seu malestar.

Estrela dunha campaña antibolchevique, Sofía visitou a redacción de *ABC* onde se lle rendeu unha homenaxe. Alí estivo o máis destacado da España conservadora: as condesas de Romanones, Pardo Bazán e Bugallal entre outras; Blanca de los Ríos e a dona de Luca de Tena, propietario do periódico. O Presidente do Goberno conde de Romanones, o conde de Bugallal, Francos Rodríguez, o marqués de Valdeiglesias, director de *La Época*, Ricardo Gasset, director de *El Imparcial*, Moya y Gastón de *El Liberal*, Andrés González Blanco, director de *La Jornada*, e outros periodistas destacados da época. Personaxes do mundo periodístico como Ortega y Munilla, Antonio Royo Vilanova, Muñoz Seca, Coullaut Valera, Salaverría, Blanco Belmonte, Mendez Bringa, Fresno, etc.

Como é natural neses casos, o acontecemento tivo unha ampla difusión e foi pretexto para que se escribieran artigos que ensalzaban o mérito persoal e profesional da valente galega. Poucos días despois, Sofía deu unha conferencia ós obreiros de *ABC* á cal asistiron non só os traballadores da casa senón tamén os doutras imprentas e incluso algún do gremio da construción. Non faltaron as señoras representantes de institucións sociais e, dende logo, alí estaba Milagros Sanchis (dona do pediatra Manuel Tolosa Latour) presidenta do Co-

mité feminino de Hixiene Popular, que a propia Sofía fundara anos antes.

Sofía citou naquela conferencia as causas que, ó seu ver, determinarán o malestar dos obreiros españois, admitindo a existencia de explotadores, a especulación resultante da guerra, a enorme carestía da vida agravada polos baixos salarios e a falta de solucións gobernamentais, pero advertiu da gravidade do odio de clases e do contaxio da *terrible enfermidade rusa*. Ó seu ver, non eran comparables as situacións xa que consideraba que o proletariado español non padecía a escravitude secular que soportara o ruso. Recoñeceu, nembargantes, que os proletarios españois e os da clase media estaban explotados, e fixo fincapé na miseria desta última *que agoniza lentamente co seu chaqué raído e as súas botas remendadas*. A escritora, ademais, sostivo que o movemento agrario e proletario español daquel momento estaba a ser sustentado por axitadores internacionais, e propuxo a creación dunha Liga de mulleres *evanxelizadoras do proletariado*, burguesas e aristócratas que, prestándose a resolver os problemas da clase traballadora, disuadíralle de secundar intereses estranxeiros.

En realidade, Sofía clamaba por unha xustiza que detivese situacións como a que vira e vivira, pero a vida política española estaba moi enrarecida e o círculo monárquico e autocratizante que a escritora frecuentaba nin tiña interese nin era quen de solucionar as carencias do proletariado, e moito menos de asumir as reformas que Sofía reclamaba. A aqueles oíntes gustáballes máis oír falar da ameaza do exterior que da reclamación dos dereitos laborais dos traballadores ou da coherencia cristiá. Sofía, dacordo cos principios evanxélicos, reclamaba os dereitos elementais, sagrados, dos seres humanos, dereitos que aquela clase dirixente, que se chamaba cristiá, secularmente se negaba a conceder.

Precisamente aqueles días, a escritora confiara, en privado, ó seu amigo Victoriano García Martí que estaba escandalizada da exhibición de xoias e demais luxos que vira nas reunións de damas aristocráticas. Recén chegada dunha amarga experiencia bélica, de padecer e ver padecer terrible necesidade e fame, non podía concibir aquela ostentación sabendo que estaban a morrer centenas de persoas dos países contendentes. Aquela frivolidade producíalle auténtico rechazo.



Sofía Casanova no Centro del Ejército y la Armada, en Madrid. Á súa dereita está sentado o xeneral Primo de Rivera e á súa esquerda Alcalá Zamora. 1919.

O 25 de abril de 1919, Sofía falou para a cúpula militar española pronunciando unha conferencia no Centro do Exército e da Armada en Madrid. A conferencia titulada "Impresións dunha muller na fronte oriental da guerra europea" publicaríase pouco despois. Naquela alocución, entre outras cousas, dixo²⁵:

[...] *el genio del hombre en estos cinco años se ha empleado en contra de sí mismo, y su potente capacidad le ha servido exclusivamente para destruir al hombre. No hay victoria, no hay imperio o predominio de razas que justifique la destrucción del ser humano [...] pobre mujer, aterrada por la catástrofe del mundo, yo tengo que decir, ante todo, que aborrezco la guerra, y que la actual, por concentrar en sí todos los males, con el pecado original del imperialismo, es un crimen de lesa civilización y que criminales han de ser las consecuencias de esta guerra.*

Sofía non só narrou dende a súa propia experiencia aspectos da contenda, tamén destacou os erros da política zarista e os sufrimentos do pobo a quen se lle esixira un sacrificio desmedido. Ó referirse á revolución rusa, a conferenciante citou algún dos erros que, ó seu ver, a fixeran posible e definiu o bolchevismo coma unha peste que trouxera a guerra, un produto da loucura das masas, fartas de sufrir e combater. Advertiu que era unha negación da orde e estabilidade constituídos pero que tiña a pretensión de transformalo mundo, ofrecéndolle ós máis pobres a esperanza de xustiza. Se se quería evitar en España, afirmou, habería que emprender reformas que non a fixesen desexable, e para demostralo seu parecer, puxo o exemplo da Alemaña derrotada onde, naquel intre, non podían evitarse brotes do movemento revolucionario.

Corrían tempos nos que o exército español e outros sectores de poder querían continuar a guerra de África, de tal xeito que, as declaracións de Sofía tiveron que resultar molestas e inoportunas. Nembargantes, quizais porque ela era unha muller, non llo tomaron moi en serio.

Aínda habería de intervir ante a elite social feminina no hotel Ritz pronunciando outra conferencia o 10 de xuño daquel ano. O acto celebrouse a instancias das Damas enfermeiras da Cruz Vermella e o tema da alocución foi a muller e a guerra. A experiencia como voluntaria no hospital de retagarda e o comportamento das mulleres en Polonia e Rusia ocupou o seu discurso. Destacou a solidariedade e a abnegación daquelas mulleres e describiu o aspecto dos batallóns femininos que loitaran na ofensiva de Galitzia, ó tempo que salientou o seu enorme esforzo e valor. Recordou a traxedia do enorme sufrimento dos nenos e das súas nais na guerra e rematou instando ás mulleres que a escoitaban a colaborar no logro dunha maior xustiza social que evitase confrontacións como a que ela vivira.

Como D. Laureano Salgado, caldense enriquecido na emigración e iniciador do desenvolvemento hidro-

eléctrico en Galicia, viu que Sofía Casanova estaba esgotada e pagando as consecuencias daqueles anos de tráxicos sufrimentos, invitouna a pasa-lo verán na súa casa de Caldas de Reis. Por ese motivo, a escritora chegou a Galicia a comezos de xullo de 1919. Pouco antes da súa chegada constituírase a Federación das Sociedades Agrarias Católicaas daquel partido xudicial, da que era promotor precisamente Laureano Salgado. A escritora foi nomeada presidenta de honra desta Federación.

Despois de descansar en Caldas uns días, Sofía decidiu acepta-la invitación do Concello de A Coruña e facer unha visita á súa cidade natal, á que chegou o 26 de xullo no automóbil do caldés.

O recibimento foi apoteósico. No Portazgo, no pazo da Peregrina, casa do dramaturgo Manuel Linares Rivas, unha caravana de coches nos que ían o alcalde Juan González Rodríguez e os representantes das Sociedades de cultura e recreo, do Exército, a propia comisión organizadora da visita e maila directiva do Círculo de Artesanos, foi dá-la benvinda á escritora, que fixo a súa entrada na cidade acompañada daquela comitiva. As rúas estaban engalanadas con colgaduras que os veciños colocaran nas fachadas das súas casas. A escritora puido comproba-lo empeño que todos puxeran en celebra-la súa volta ó seu paso ata a sé do Círculo de Artesanos, onde, no seu salón de actos estaba prevista a recepción oficial.

Aquela cerimonia na que estaban representadas tódalas capas sociais e institucións da cidade, soamente foi o prólogo duns días cheos de agasallos. Incluso nas horas de descanso, Sofía sentiuse obrigada a saír ó balcón do Hotel Palace, onde se aloxaba, empuxada pola insistencia das ovacións dos seus paisanos.

Ó día seguinte da súa chegada, despois de almorzar cos membros da comisión organizadora, visitou Betanzos, Sada e Mera onde a recibiron con especial afecto e, nas xornadas seguintes, foi protagonista de visitas a institucións de caridade, actos benéficos, etc. etc. O 29 de xullo pronunciou unha conferencia na Reunión de Artesanos. O seu presidente, Manuel Casás, fixo a presentación diante dun auditorio moi numeroso, predominantemente feminino, diante do cal Sofía, basicamente, repetiu canto declarara en público nas outras conferencias que pronunciara en Madrid, aínda que rematou a súa alocución recitando uns versos nos que, deliberadamente glosaba outros de Rosalía de Castro. Pola noite foi cumprimentada por

MADRID, DIA 26 DE ABRIL DE 1919, NUMERO SUELTO 5 CENTS. 10 10 10

ABC

DIARIO ILUSTRADO. AÑO DECIMO-QUINTO. N.º 5.050. 10 10 5 CENTS

MADRID: UN MES, 1,50 PESETAS. PROVINCIAS: TRES PESETAS. EXTRANJERO: SEIS PESETAS. REDACCION Y ADMINISTRACION: SERRANO, 61, MADRID. AFANADO 7014. 41



MADRID, EN EL CENTRO DEL EJERCITO Y DE LA ARMADA LA ILUSTRADA ESCRITORA SOTIA CASANOVA AL TERMINAR SU INTERESANTE CONFERENCIA DE ARTEANOS. (FOTO ZUBIR)

Portada do ABC do 26-4-1919. Sofía Casanova, despois de pronunciar a conferencia no Centro del Ejército y la Armada, entre os xenerales Primo de Rivera e Weyler.

unha comisión feminina das Irmandades da Fala, formada polas mulleres de Antón Villar Ponte e Luis Peña Novo entre outras. O coro *Cantigas da Terra* ofreceulle unha serenata, ofrecéuselle un banquete no cal tomaron a palabra Manuel Casás, Félix Estrada Catoyra, o médico Rodríguez (José Rodríguez Martínez) o alcalde —que leu un telegrama de Emilia Pardo Bazán—, Narciso Correal y Freyre de Andrade, Victoriano García Martí y Laureano Salgado. Tamén interviu Julio José Casal, que recitou un poema en honra da homenaxeada. Ozores de Prado, o representante do Centro Obreiro de Cultura, *Airiños da miña Terra* de Ferrol, Antonio Rey Soto, Jaime Solá, Francisca Herrera Garrido e Ramón Fernández Mato —estes últimos compuxeran poemas para a ocasión— testemuñaron a súa adhesión enviando notas.



Antigo edificio da Sociedad Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña.

Antes de abandonar a cidade, Sofía aínda realizou unha serie de actividades, entre elas visita-lo cárcere provincial, recibir a unha Comisión de damas da Cruz Vermella, ás que regalou o brazaletes que ela usara en campaña, visitar ás cigarreiras e asistir á estrea na Coruña de *La casa de la Troya*, versión teatral da obra de Pérez Lugín, acompañada polo propio autor da novela e por Manuel Linares Rivas. O día 2 de agosto abandonou A Coruña camiño de Caldas, aínda que se detivo para depositar na tumba de Rosalía as flores que lle regalaran as cigarreiras de Coruña.

Naquel verán tamén saíra en Madrid outra obra da escritora *Triunfo de amor*, publicada na colección "La Novela Corta" o 26 de xullo daquel axitado 1919.

Sofía non marchou de Galicia ata que chegou o outono, de tal xeito que tamén foi protagonista doutros actos celebrados en Vigo, onde deu outra conferencia, pasou uns días en Baiona invitada polos marqueses do Pazo da Merced no que hoxe é o parador e, dende aquela vila mariñeira, escribiu unha carta a Cayetano Vaello, presidente do coro *Toxos e Froles* de Ferrol, que publicaría *Labor Gallega* moito máis tarde (29-5-1935). Na mesma, ademais de saudar ó *Correo Gallego*, a escritora destacaba a fonda impresión que lle producira voltar a escoita-las cancións da súa terra. Coa carta, enviaba tamén unhas cantigas de tipo popular compostas en lingua galega, interesantes por ser unha das escasas colaboracións en galego que Sofía firmou.

Xa en Madrid, o día 1 de novembro impuxéronlle as insignias da Gran Cruz de Beneficencia, distinción que lle concedera o goberno español polo seu meritorio labor realizado nos hospitais rusos. Fora o encargado de negocios de España en San Petersburgo, Justo Garrido Cisneros, quen propuxera para ela tal condecoración. A cerimonia celebrouse no despacho do Ministro da Gobernación, Burgos Mazo, e a ela asistiron, entre outras personalidades, Emilia Pardo Bazán e maila dona de Tolosa Latour. O Presidente do Centro Galego de Madrid, Antonio Palacios, ofreceu a Sofía Casanova as insignias costeadas por subscripción popular, aberta pola iniciativa do citado centro.

Non tardaría moito a escritora en abandonar o seu país para dirixirse a Polonia a través dunha Europa desolada. O seu obxectivo era pasa-lo Nadal cos seus fillos.

Atrás quedaron a primeira guerra mundial e a Revolución rusa. Das súas vivencias tamén quedara constancia en España en dúas recopilacións: *De la guerra. Crónicas de Polonia y Rusia*, publicada en Madrid pola editorial Renacimiento en 1916, onde se recollían parte das crónicas que Sofía mandara dende o Leste, e *La Revolución rusa en 1917*, tamén publicada en Madrid, en Renacimiento, no ano 1917. Aínda saíra á luz outro libro da autora sobre a revolución titulado *La Revolución Bolchevista (Diario de un testigo)* publicado en Madrid en Biblioteca Nueva, no ano 1920. Esta obra reeditaríase, felizmente, en Madrid, en 1989, na colección de Castalia, Biblioteca de escritoras e a cargo de M^a Victoria López Córdón.




A escritora na Academia de Jurisprudencia en Madrid, despois dun acto no que se pedira clemencia para os sacerdotes presos en Rusia. Sentada á súa beira, a marquesa de Unza del Valle, Presidenta da Unión de Damas Españolas.



Caricatura de Sofía Casanova feita por Fresno e publicada en *Blanco y Negro*, o 20-6-1919. A dura experiencia da guerra e da Revolución rusa, transformaran visiblemente o aspecto da escritora.



Caricatura de Sofía Casanova feita por Tovar en 1923, na que tamén se aprecia a profunda transformación física da escritora, despois das penalidades vividas.



Cementerio improvisado ó redor da igrexa de San Alexandre en Varsovia, hoxe totalmente reconstruída.
Moi perto vivía Sofía Casanova.

XV.- Os non tan felices anos vinte

Sofía chegou a Polonia e volveu a atoparse coa privación, a fame, o frío e a guerra. Coas fronteiras sen marcar, cercada de exércitos hostiles dispostos a defende-los seus territorios, a recién recoñecida nación atopábase incapacitada para traballar e desenvolve-lo seu novo Estado, asediada polas folgas, a escaseza e a carestía. Por riba, unha epidemia de tifo veu a asolar o país, xa abrumado por enormes dificultades. En medio de todos eses problemas, Sofía sentiuse aliviada cando Francisco Gutiérrez de Agüera presentou as súas credenciais coma embaixador de España ante Pilsudski, xefe do Estado polaco. Para ela este feito supoñía non só un amparo prezadísimo, tamén a posibilidade de ter ó seu alcance unha fonte de información nada despreziable e un contacto co seu país que lle facilitaba cumprir co seu traballo para ABC.

Cando en maio constatou que o acordo entre Rusia e Polonia non fora posible, Sofía que escribe acerca diso, laméntase unha vez máis de que o país se atope de novo oficialmente en guerra. Chama a atención, nembargantes nesta ocasión, a actitude que toma a correspondente verbo dese feito. Quizais influenciada pola reacción española, non escribe como fixera noutras ocasións, analizando as causas políticas ou económicas que provocaran a contenda senón que fai fincapé en que se trata dunha *cruzada cristiana contra el Anticristo rojo*, dolorosa anticipación terminolóxica que dezaseis anos máis tarde se aplicaría a outra realidade en España. A súa desafortunada e persoal análise converte os motivos de interese político e económico que provocaran aquela nova guerra en causas relixiosas, e converte a campaña polaca nunha empresa máis transcendente, esencial para dete-lo ateísmo, ameazador do orbe cristiá.

Posto que Pilsudski neste intre era o xefe do Estado polaco e un personaxe de actualidade, Sofía logra que

lle conceda unha entrevista que publicaría ABC os días 21 e 23 de xuño de 1920. O apelido de casada da correspondente non era unha boa tarxeta de presentación para aquel home, e ela sabíao. Tradicionalmente, os Lutoslawski, ententófilos e, en consecuencia, rusófilos, foran adversarios políticos do entrevistado, que era socialista xermanófilo, e por iso Sofía, para acadar aquela cita valérase da intercesión do embaixador español en Varsovia.

A conversa de ambos mantívose en ruso mesturado con polaco, xa que o mandatario non coñecía a lingua francesa, e os temas que trataron fundamentalmente foron os relativos á Polonia restaurada e o do réxime soviético. A correspondente, se nos atemos ó texto da súa crónica, tivo a impresión de estar diante dun home de nervios temperados, cordial, franco, intelixente, de vontade firme, e coincidía con él no odio á tiranía da Rusia Imperial, aniquiladora de Polonia e asasina dos seus mellores fillos.

Aquel verán de 1920 era particularmente duro para tódolos polacos e, polo tanto, tamén para a española. Unha guerra que parecía interminable mantiña fronte en situación gravísima e a galopante carestía e as enormes dificultades que os polacos tiñan que afrontar a cotío condicionaban extraordinariamente o vivir dun pobo xa extenuado. Semellaba que os malos tempos non ían rematar nunca. Para tratar de aliviar aquel presente, en xullo, Sofía desprazouse a Drozdowo onde, polo menos, agardaba ter unha maior tranquilidade e descanso. Nembargantes, ademais das axitacións políticas interiores, unha orde de recrutamento xeral veu a facer imposible para tódolos polacos o mínimo sosiego. As tropas bolcheviques, que avanzaban cada día máis, poñían a Polonia en xaque, e precisamente presionando en dirección á provincia onde estaban as

terras dos Lutoslawski. Sofía temeu voltar a vivir, coma seis anos atrás, as crueldades máis arrepiantes da guerra e non lle faltaba razón xa que, tomado Grodno, dunha provincia limítrofe con Lomza –cidade provinciana perto de Drozdowo– o obxectivo das tropas soviéticas ó seu paso cara a Varsovia era Bialystok. Pronto a poboación, coordinada polas autoridades locais e polo bispo de Lomza, apresurouse a buscar aloxamento e socorro ós refuxiados das provincias conquistadas polas tropas roxas situadas a poucos quilómetros daquela rexión, polo cal Sofía, formando equipo coa súa familia, fillas e netos, movilizouse para contribuír a establecer los servicios necesarios que organizaran os Comités locais. Os canonazos escoitábanse xa dende Drozdowo e os desertores da fronte sementaban o pánico entre os veciños propiciando tamén a súa fuxida. En agosto, xa só a segunda filla de Sofía, Izabela, permanecía nas terras dos Lutoslawski. Quedara alí para protexer á súa avoa e, polos avatares da guerra, ambas quedaran illadas. Esta circunstancia dobraba a inquietude de Sofía que, en Varsovia, vía inminente xa a toma da capital. Na mesma, unha vez máis, presenciou como as legacións estranxeiras –a española tamén– abandonaban a cidade e como se producía unha fuxida masiva. Nunha crónica escrita o 10 de agosto e publicada en ABC o 24-8-1920, a corresponsal explicou os motivos polos cales non abandonara a cidade:

“Yo me quedo aquí desoyendo la noble voz del señor ministro de España, que me incluyó con mi hija Halita en la lista de los protegidos por España que pueden con la Legación salir de Varsovia. Hoy, como durante toda la guerra, el auxilio espiritual de mi Patria me conforta [...] Mi hija Bela está en Drozdowo, y en Lomza funciona ya el Soviet. Permaneciendo yo aquí, acaso pueda saber de ella. Me quedo, y en la medida de mis fuerzas contribuiré a la defensa de Varsovia. Soy miembro de la Cruz Roja española, y al haber recibido la merced de una gran cruz, estrella de la misericordia, tengo el deber de procurar merecerla.”

Vivindo nunha capital en estado de sitio, vendo dende as balconadas da súa casa ó anoitecer as chamas da fronte e recibindo noticias contradictorias dos familiares en territorio xa bolchevique, a tozuda galega agardaba feridos no improvisado hospital instalado no que antes era a escola politécnica. Ó tempo ocupábase de informar. Ademais de estar en contacto con xenerales como Jósef Haller, xefe do exército que operaba no Norte, e Zeligowski, amigo dende a visita ás trincheiras de Minsk catro anos antes, Sofía reunía información estando ben atenta a todo canto lle rodeaba.

Monseñor Ratti –máis tarde papa Pío XI– tampouco quixera abandonar Varsovia naquela ocasión. Á súa chegada a Polonia no ano 1918 coma Visitador Apostólico, establecérase na parroquia de San Alejandro, igrexa, próxima ó domicilio de Sofía, á cal acudía a española con frecuencia. Esa circunstancia propiciou unha relación de amizade entre a freguesa e o futuro papa que, moito máis tarde, comentaría a propia Sofía Casanova nun artigo publicado no periódico compostelán *El Correo Gallego*, o 22-2-1939.

Por fin, o 23 de agosto, as tropas rusas fuxiron en desbandada, logo de atacar sen descanso unha semana. A manobra militar polaca nos arredores de Varsovia fixera trocar de novo a sorte da guerra. A galega, aliviada, así o fixo constar nos seus artigos –verdadeiros resumes do acontecer diario da fronte– que escribía ó tempo que no hospital auxiliaba ós feridos que, a centenaes, chegaban alí despois de resistir unha semana de asedio. Aquela difícil situación xeral era aínda máis angustiada se cabe para Sofía, xa que ignoraba a sorte da súa filla Izabela, incomunicada en territorio inimigo. Afortunadamente, a chamada dun oficial que, por encargo de Izabela, lle facía saber que a súa filla vivía, tranquilizou á española. Sofía, como os demais cidadáns polacos, ó cambia-la sorte da cidade, puido respirar de momento aliviada, pero a situación da nova Polonia aínda distaba moito de estar resolta.

A galega continuou adicando a maior parte dos seus esforzos ó seu labor de correspondente, axudando á súa familia a sobrevivir co seu soldo e convertendo o seu duro pasar diario nunha tribulación inevitable para poder dar conta da historia. Recababa tenazmente no Sejm polaco a noticia de actualidade política, daba conta das complicadas reviravoltas da política interior polaca e, con verdadeiro escepticismo, analizaba as cuestións internacionais poñendo de manifesto o que consideraba o mal xeral: a cobiza e maila ambición dos países poderosos. Nas súas análises, estaba fortemente influída –non dominada– pola opinión dos altos dirixentes do partido Nacional Democrático de Roman Dmowski, forza política cada vez máis poderosa e teimuda situada na dereita nacionalista ultracatólica. Cumpridos xa os sesenta anos, Sofía evolucionara. As súas duras vivencias e o criterio predominante dos políticos do círculo familiar radicalizaran os seus puntos de vista e minaran aquela flexibilidade que na súa plenitude a caracterizara. Esta involución condicionaría totalmente a súa actitude fronte ós feitos que se producían e que acontecerían no seu país.

XVI.- España de novo. A Dictadura

En febreiro do ano 1923, Sofía Casanova española, acompañada da fiel Pepa, achegouse unha vez máis ó seu país no único tren que cruzaba Alemaña facendo o percorrido directo Varsovia-París, e dúas semanas antes de suprimirse. Producíase naquel intre histórico a ocupación militar da conca do Ruhr por Francia e Bélxica como garantía dos seus créditos, e os ferroviarios protestaban con folgas contra a ocupación, polo tanto non foi precisamente aquela unha viaxe sosegada para as dúas mulleres.

Procedente dunha Europa famenta e destruída, España, e Madrid en particular, parecéronlle a Sofía a viva imaxe da frivolidade, a inconsciencia e o luxo. A galega tiña clarísimo o deber de responsabilidade que debían asumir os máis podentes fronte á formidable crise política e social que assolaba o país, que estaba a punto de desembocar, como así foi, na dictadura militar de Primo de Rivera. A española decatouse inmediatamente daquel panorama e non podía comprender determinadas actitudes como aquela alegre frivolidade dos máis acomodados ou a súa indiferencia ante a despoboación das zonas rurais, o atraso, o desprecio olímpico pola agricultura... Despois de ter visto os campos de Europa abertos en furados, dolorosamente assolados e estériles, a súa actitude verbo da natureza era casi de veneración. A súa experiencia cotiá nun país en pleno esforzo colectivo de supervivencia déralle á súa mirada unha perspectiva moi distinta á dos seus despreocupados compatriotas. Pero Sofía non só se limitou a escandalizarse e a lamentarse da realidade do seu país. O 20 de marzo, dende ABC, dirixiuse ó director do diario, Torcuato Luca de Tena, pregándolle que promovese unha campaña en defensa do bispo metropolitano de Mohilew e de dezasete sacerdotes que, naquel intre, agardaban a súa sentença de morte en Rusia por negarse a asinar os documentos relativos ó usufructo das

igrejas e á entrega de bens e obxectos destinados ó culto. Dende ABC, Luca de Tena alabou a iniciativa da súa colaboradora e pediu ó goberno español que se dirixise por vía diplomática ó goberno bolchevique solicitando o indulto. O asunto foi, ademais, utilizado pola dereita clerical española coma arma lanzable contra os revolucionarios rusos e o anticlericalismo crecente que naquel intre se percibía na esquerda do país coma consecuencia da actitude da xerarquía católica española, máis defensora do seu poder político e social que dos valores evanxélicos. Na realidade, o prestixio de Sofía Casanova, o seu radical antibolchevismo, a súa defensa dos costumes tradicionais e as súas prácticas piadosas, convertérona nun auténtico filón propagandístico para o catolicismo militante do conservadurismo español.

Cando, a pesar de tódolos esforzos deuse a coñecer a execución en Rusia do arcebispo polaco Butkiewicz, os seus compatriotas protestaron enerxicamente e en masa, e en España —en vésperas xa da dictadura— arreceiouno o atroz antibolchevismo. A escritora, convertida no voceiro desta fobia, prognosticou indignada o fracaso do rexime ruso e advertiu do seu perigo, ó tempo que volveu a recordarlle ós seus compatriotas os horrores vividos en Rusia durante o terror roxo. Sofía Casanova en ABC o 14 de maio, vaticinaba:

"Rusia entera sufrirá el vasallaje del extranjero y la mano de la civilización económica de Occidente oprimirá, estrangulará el sistema de las comunidades que han llevado a la degradación, al hambre y al retroceso zoológico a más de cien millones de hombres. [...] Farsa, miseria, dolor, encubren los estandartes del comunismo, que se abatirán en jirones sobre un pueblo impotente y esclavo mañana de los extranjeros".

A súa obsesión —que perduraría ata a súa morte— era desenganar ós que, ilusionados, crían naquela revolución e vían o seu sistema coma remedio ós males do capitalismo que ela contemplaba como *civilización económica de Occidente*. Ilusionada nun principio coa revolución rusa, sufrira esa decepción en propia carne, pasara a experiencia dolorosísima do terror roxo e sentírase traizoada por aqueles nos que ela cría de boa fe. Agora estaba convencida de que o seu deber consistía en advertir do engano ós seus compatriotas para evitar que a súa adorada patria caese na trampa.

A Primo de Rivera, apoiado pola reacción española e o clero, que eran por entón obxectivos da escalada terrorista, conviñalle sen dúbida aproveita-la idea da suposta ameaza soviética para xustifica-la dictadura que ía a impor poucos meses despois. A escritora, sen dúbida totalmente sincera, coa expresión dos seus temores contribuía moito a ese xogo.

A comezos daquel verán, Sofía partiu de novo para Polonia, e dende alí seguiu con verdadeiro interese os acontecementos que ocorrían no seu país. Informada do golpe que Primo de Rivera asestara ó sistema parlamentario español, expresou a súa opinión dende Polonia nas súas crónicas de *ABC*. Tras manifesta-lo seu desacougo, aludía ó *magno programa de pureza y renovamiento de las viejas formas* do Directorio militar, pero antepoñía ós propósitos explícitos do dictador a vontade individual dos cidadáns españois e o seu respaldo a ese programa. Pouco clara, implícitamente amosábase escéptica ante aquela medida de forza que non vía axeitada coma solución ós problemas de España, pero a súa fidelidade á coroa española —non esquezamos que Afonso XIII apoiara o golpe militar— obrigáballe á discreción. A súa experiencia baixo outras dictaduras, por conseguinte, indicáballe que aquel tampouco era o sistema desexable.

No estranxeiro arreciou a campaña internacional contra España, cuestión que á escritora resultaba dolorosísima. A prensa do estranxeiro non era favorable ó Directorio militar, salvo a de Italia onde xa triunfara o fascismo e a irmandade entre Mussolini e Primo de Rivera era manifesta. Sofía, ó le-la prensa de Polonia, atopábase a miúdo con noticias ou comentarios negativos sobre o seu país procedentes case sempre de axencias francesas as cales condenaban claramente o rexime do dictador español e salientaban o fracaso da campaña de Marrocos. O seu empeño era contrarrestar esa avalancha de críticas e, dende *ABC*, colaborou como puido á autoestima nacional. De tódolos xeitos, non puido disimular que lle preocupaba extraor-

dinariamente a cuestión de Marrocos, xa que ela sabía que unha longa guerra como aquela era unha verdadeira sangría de mozos.

Froito dos seus desvelos pola defensa do español e do seu país, empeño no que nunca se rendeu, defendendo incluso o razoablemente indefendible, a finais de 1923 en España concedéuselle a Gran Cruz de Alfonso XII.

No seu entorno familiar, tamén había acontecementos. Naquel ano de 1923, Halina, a súa filla menor e única nada en Galicia, contraeu matrimonio con Czeslaw Meissner, médico de profesión. Izabela, a segunda, casada co militar polaco Romuald Wolikowski, regresara da capital rusa onde acompañara ó seu home, agregado militar da embaixada polaca, e fixara a súa residencia en Varsovia, onde tamén vivía a súa filla maior.

En canto a Polonia, en novembro producíronse grandes disturbios en Cracovia indicadores de que novamente se atravesaba un momento delicadísimo dende o punto de vista político. Sofía sabía que se preparaba un golpe de estado e que se pensaba en Pilsudski.

En xaneiro de 1925, Sofía Casanova volveu a viaxar a España e en Madrid a Librería y Editorial publicou outro libro seu titulado *En la corte de los Zares. El principio y el fin de un Imperio*. A obra pretendía ser unha explicación da Revolución rusa. Nunha parte na mesma se poñía de manifesto a corrupción do sistema zarista e a debilidade, indecisión e mediocre intelixencia do Zar, pero noutra, resaltaba a tenrura, o amor filial, o comportamento afectivo, o máis humano, da familia real rusa, vítima da extrema crueldade bolchevique.

En la corte de los zares ía precedida dunha dedicatoria na cal Sofía agradecía ós seus paisanos, os galegos, e en representación deles, ás señoras Alejandra Ulloa de Rubín e Dolores Morillo, ás cigarreiras coruñesas e ós señores Manuel Casás e Francisco Catoyra aquel recibimento apoteósico que se lle tributara na Coruña en 1919.

A Asociación de Damas da Cruz Vermella da Coruña, da cal formaban parte as dúas mulleres mencionadas na dedicatoria, xa no ano 1921, proxectara unha homenaxe á escritora e iniciara unha subscripción pública co gallo de erixirle un monumento e sufraga-la publicación das súas obras. Cando xa se recadara unha cantidade importante, os organizadores coñeceron as



Ateneo



Comida campestre. No centro do grupo Sofía Casanova e Pérez Lugín. A Coruña, 1925.

penurias polas que pasaba Sofía Casanova naquela Polonia de posguerra e atendendo a suxerencia da propia escritora, decidíron apraza-lo proxecto inicial e enviarlle os cartos que se reuniran para así axudarlle a sobrevivir.

Por todo iso, aproveitando que agora estaba de novo no seu país, Sofía achegouse á súa cidade natal onde chegou en tren o 9 de maio de 1925. Foi entón cando, entre outros agasallos, recibiu o do coro ferrolán *Toxos e Froles*, que a nomeou socia de honra. Varios centros de cultura de Ferrol invitárona a que visitase a cidade departamental pero, naquela ocasión, non puido desprazarse á terra do seu avó. Á Coruña chegara para pronunciar unha conferencia que tivo lugar o día 10 na Reunión de Artesanos. Na mesma afirmou que se propuxera propagar en todas partes o risco que encerraba o bolchevismo. Vía un mal consecuencia da guerra e a esta como a manifestación da maldade de tódalas nacións que interviran nela. Exceptuaba a Polonia que, ó seu ver, loitara non pola expansión senón por unha independencia xusta. A escritora non perdeu a ocasión que lle brindaba a tribuna para sinalar ós praceres, o luxo e maila riqueza coma loucuras resultantes da maior: a guerra.

Días despois, Sofía Casanova desprazouse a Santiago para pronunciar outra conferencia, desta volta no

paraninfo da Universidade. O día 20, Sofía subiu ó estrado acompañada do rector e catedrático da Facultade de Medicina Luis Blanco Rivero e do vicerrector Armando Cotarelo. Falou da guerra, da retirada polaca cara a Rusia, da Revolución bolchevique e da secular resistencia nacionalista de Polonia, sempre tenaz na defensa da súa entidade e dos seus valores culturais propios. Aínda que antes de rematar advertiu do perigo roxo, nesta ocasión, nembargantes, a escritora deu preferencia ó tema de Polonia e o da súa resurrección.

Finalmente, Sofía visitou Lugo onde pronunciou no Círculo de Belas Artes a súa última conferencia antes de toma-lo tren para Madrid.

O 19 de xullo de 1925, o diario coruñés *La Voz de Galicia* deu a noticia de que a Real Academia Galega recollera a súplica de numerosos admiradores de Sofía Casanova e aceptara o encargo de propor á Fundación Nobel de Estocolmo o nome da escritora para o premio de Literatura. Comezaran xa a circular entre os intelectuais pregos destinados a recoller sinaturas de cantos apoiaban á candidata. Nos mesmos lembrábase que Sofía Casanova merecera a Gran Cruz de Beneficencia polas súas *campañas de hermosa y cristiana caridad*, a Cruz de Alfonso XII *por su labor literaria, tan varia y extensa* e que consagrara a súa vida exclusivamente ó ben e á beleza. Xa en 1913,

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro
Fundado en 1879
Rúa Magdalena
www.ateneoferrolan.org

segundo escribiu a eminente investigadora Carmen Simón Palmer²⁶, Antonio Maura –entón Presidente da Real Academia Española– e Emilio Cotarelo pensaran en presentar a Sofía Casanova para o premio Nobel de Literatura, pero a primeira guerra europea veu a frustra-los seus propósitos.

Na revista *Galicia*, do Centro Galego de Bos Aires, en agosto de 1926, páx. 47, reproducíuse o texto dunha carta asinada por Manuel Casás, alcalde da

Coruña, e dirixida ó Presidente daquel Centro en Arxentina, na que se solicitaban sinaturas para apoiar a candidatura de Sofía Casanova ó Nobel de Literatura daquel ano. Comunicábase que xa se adheríran Corporacións, sociedades e personalidades diversas, o Centro Galego de Madrid e o profesorado dalgúns importantes centros universitarios e de ensino superior, e dábanse instrucións para que as sinaturas obtidas se enviasen á Alcaldía da Coruña, onde se enviarían ó Comité encargado de formula-la solicitude.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Alardalen 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

XVII.- Entre Polonia e España: 1925-1931

Sofía voltara a Polonia no verán de 1925, que pasou, como o faría neses anos, coa súa filla maior e os seus netos en Chludowo, fermosa mansión cercana a Poznan, propiedade de Dmowski. Non eran tempos doados para aquela Polonia reconstruída e tampouco para o resto de Europa que se refacía dos quebrantamentos da guerra.

A escritora, que era consciente daquela realidade e unha boa coñecedora da situación xeral, xa que a padecía, adicou os seus esforzos a dar conta nos seus artigos deses anos de canto observaba e do que acontecía no leste europeo. Moi ben informada do que ocurría tanto en Polonia como nos demais países fronteirizos, nas súas crónicas comentou o máis destacado da política polaca, das friccións polaco alemáns, dos asuntos interiores da U.R.S.S. e do enorme drama humano que sufriran as familias polacas e alemáns que, emprobecidas e desventuradas, víronse abocadas a deixar un ou outro país en función da elección da súa nacionalidade. En síntese, tocou os asuntos de máis relevancia política da época. Preocupábanlle as consecuencias dos antagonismos entre os países veciños e, convencida da abundancia dos mesmos en Europa temía unha nova guerra, que vía máis que probable se a Liga de Nacións non acertaba ou non harmonizaba os intereses de tantos preiteantes. Na súa opinión, os Estados europeos foran responsables do triunfo soviético por armar unha guerra horrible e derivar da mesma unha paz sanguenta, e coidaba que os egoísmos nacionalistas facían débiles ós Estados, o cal preocupáballe enormemente porque consideraba que desa debilidade se beneficiarían os bolcheviques dos cales era inimiga acérrima.

Nos últimos meses de 1925, Polonia afrontou unha crise política e económica agudísima. A escaseza era

xeral e os problemas internos eran tan graves que Sofía pronosticou nas súas crónicas a inminencia dun golpe de estado, como así acontecería.

En maio de 1926, tal como a española pronosticara, o socialista Pilsudski –heroe da resurrección polaca, de popularidade extraordinaria sobre todo entre o exército e, para as esquerdas, símbolo da loita contra o fascismo das dereitas– encabezou un pronunciamento militar e forzou a dimisión do presidente da República e do goberno en pleno. O golpe deu orixe a enfrontamentos e combates polo control da capital, polo cal Sofía vultu a temer pola seguridade dos seus e a revivi-lo pesadelo dunha cidade en guerra. Era un momento gravísimo para os polacos.

A española, fiel ó seu labor informativo, explicou e comentou nos seus traballos para *ABC* aquela páxina da axitada historia do seu país de adopción. Nin vía con simpatía nin con acerto o golpe de estado dun militar contra un goberno de dereitas, pero, no fondo, non podía disimular a súa admiración por Pilsudski, personaxe a quen alabara coma a un heroe seis anos atrás, pola súa defensa de Varsovia contra os bolcheviques.

A partir do outono de 1926, e ata 1931, a correspondente vultu a España periodicamente e permaneceu no seu país varios meses. Normalmente viña en outono e vultaba na primavera. Neses meses que pasaba cos seus, desenvolvía unha actividade moi intensa. Ocupábase de cumprir co seu labor de periodista, colaborando non só en *ABC* e *Blanco y Negro*, senón tamén noutros periódicos e revistas nacionais, e preparaba novas publicacións. Neses anos saíron á venda dous novos libros seus e desempeñou outro tipo de actividades coma inaugurar coa súa un

ciclo de conferencias que tiveron lugar en Madrid, na sede da Protección ó Traballo da Muller. Precisamente nesa intervención, que tivo lugar o 4 de decembro de 1926, a escritora volveu insistir no esforzo que as españolas debían facer para loitar contra a corrupción e a frivolidade que, ó seu ver, estaba a destruí-lo país, e puxo de exemplo ás mulleres polacas, activas defensoras do seu país cando, en 1920, os bolcheviques o asediaban. Como anos atrás, voltou a lembrar algún dos episodios vividos na guerra de 1914.

Poucas semanas antes de que pronunciase esa conferencia, en Galicia se preparaba unha homenaxe á correspondente do diario madrileño. O 19 de novembro de 1926, o coro *Toxos e Froles* preparou a chegada de Sofía Casanova a Ferrol. Acordárase celebrar unha festa galega na súa honra e expresarlle o agradecemento daquela colectividade polo poema que a escritora compuxera en Varsovia para o galardonado gaitero Manuel Lorenzo Barxa²⁷.


A mediados de decembro daquel mesmo ano, Sofía asistiu a un concerto en honor do músico polaco Chopin —ó que precedeu unha conferencia do crítico de *La Época* Víctor Espinos— celebrado no Círculo de Belas Artes de Madrid. O acontecemento, presidido pola propia raíña Victoria e mailas infantas, non tería máis que o habitual interese social se non se convertese de feito nunha homenaxe a Polonia e ó seus artistas. Sofía, como era de agardar, ademais de estar presente, comentou entusiasmada en *ABC* aquel recoñecemento á cultura do seu país de adopción e propuxo unha homenaxe parella en Varsovia presidida polos bustos de Cervantes ou Calderón sobre a bandeira española, coma estivera o de Chopin sobre a polaca.

Neses anos, Sofía viu publicados dous novos libros seus que saíron numerados coma tomos do que pretendía ser unha serie que recollese as súas obras completas. A Librería e Editorial Madrid publicou en 1926 o III volume da serie titulado *El Pecado. Novelas galegas* —no que se agrupaban varios relatos da escritora, algúns deles xa editados en 1911— e sacou á luz ó ano seguinte o tomo IV da mesma serie titulado *De Rusia. Amores y confidencias*.

Destacan entre os artigos que Sofía escribiu no ano 1928 os que se ocupan das escritoras polacas. Nos mesmos da a coñecer ós seus lectores diversos aspectos do labor literario de María Konopnicka e de Kazimierza Illakowicz ou Illakowiczówna, abandeirada

das reivindicacións proletarias e femininas, a quen coñecera a escritora española en 1915 no hospital de retagarda varsovia. Tamén neses artigos a correspondente ensalza as novelas de Zofia Nalkowska, comenta as de Eliza Orzeszkowa, e menciona as de María Rodziewiczówna. Referencia concreta merece nos mesmos a obra *La gran bestia* de Szpikowna, de tema bolchevique.

Independentemente de que tratase moitas veces neses anos temas do ámbito cultural, a Sofía, nembargantes, por riba de todo, lle preocupaba e lle amolaba a campaña de descrédito que sufría España no estranxeiro. A pesar de que palpaba a realidade do seu país, posto que o visitaba decote para o que era a época, non quería ou non admitía nas súas crónicas a realidade que tiña diante dos seus ollos e, aceptando de feito a dictadura de Primo de Rivera, negábase a recoñecer nos seus escritos as verdadeiras causas do descrédito de España no exterior. O seu sentimento patriótico, exaltado pola morriña, á cal se aferraba no estranxeiro, a súa fidelidade á monarquía e o horror a que o seu país fose vítima das esquerdas de corte ruso condicionábana esencialmente. Quizais no fondo, conformábase co que para ela era un mal menor,



Novela epistolar publicada en Madrid no ano 1931

xa que estaba persuadida de que o sistema político de Primo de Rivera pretendía frea-lo avance das esquerdas, e para a escritora ese posible avance era sinónimo de volta ó espanto xa sufrido. Sen cambiar con esa postura a súa actitude persoal verbo dos máis pobres —posto que en moitos aspectos o seu pensamento era moito máis avanzado e sincero que o da dereita española— é evidente que Sofía Casanova, a partir do seu desencanto coa revolución rusa, as súas experiencias do terror roxo e maila execución dos seus cuñados, radicalizárase. A esa radicalización, por unha parte, contribuíra enormemente a actitude da xerarquía católica que, baixo o pretexto de combate-lo ateísmo que enarbolaban os bolcheviques, como é sabido, sacaba partido da coxuntura e apoiaba calquera actitude das dereitas —por autoritarias ou reaccionarias que fosen— en nome de Deus e pola salvación dos fieis. Por outra, influíra no pensamento de Sofía o seu entorno polaco. O grupo no cal se integrara, ó que tamén pertencía o seu entorno familiar, estaba fortemente marcado pola ideoloxía e os obxectivos do Partido Nacional Demócrata polaco que lideraba Roman Dmowski. Con este político polaco a escritora levaba convivindo moitos anos, posto que el formaba parte da familia da súa filla maior na casa da cal Sofía habi-

taba dende que o seu home se fora definitivamente do seu carón. Dmowski, delegado de Polonia xunto con Ignacio Paderewski na conferencia de paz de París, oficialmente recoñecido polas potencias estranxeiras da Entente coma representante de Polonia no estranxeiro, firmante da paz de Versalles, fora ministro de Asuntos Exteriores no goberno de Witos (1923) e, tralo golpe de estado de 1926 do mariscal Pilsudski, fundara o Movemento da Gran Polonia, cun programa social e político ligado ó pensamento católico. Practicamente consogro de Sofía Casanova, xa que a súa relación con Mieczyslaw Niklewicz era francamente paternal, exercía unha influencia importantísima na familia da escritora que se traducía no feito de que o xenro da española, militante activísimo do seu partido, fose de feito a súa man dereita.

Pola súa radicalización, Sofía recibiu severas críticas da esquerda española e, do seu disgusto, é indicativo este fragmento da súa crónica publicada en ABC o 30-5-1929, páx. 7, na que comenta:

“Paso de uno a otro extremo de Europa sirviendo, humilde pero fervorosamente, ideales de arte, de amor y de concordia entre los hombres, y, como es natural, infelizmente, mis intenciones y mi obra tienen, más o menos benévolo, censores. En algún sector de mi Patria que se denomina afrancesadamente de vanguardia, reúnense intelectuales de gran inteligencia y cultura, y cuando de pasada me nombran, se me llama calumniadora de los Soviets.

Bastaría para rectificar tal concepto hojear mi libro En la corte de los Zares, los anteriores y posteriores a ése y rememorar mis crónicas de guerra. Yo ni politiqueo ni catequizo ex cátedra, ni odio al delincuente, sino el pecado, como aprendí de la santa Concepción Arenal. Mi pasión es España, y estoy siempre con quienes han menester de una voz, por débil que sea, proclamadora de derechos inviolables que fueron violados; de un acento cordialmente comprensivo y de paz”.

O peor para a escritora era que as súas intencións e a súa obra non só eran criticadas en España. Moitas das súas opinións eran tamén controvertidas en Polonia, de tal xeito que o seu desencanto polo que ela sentía coma unha mala interpretación das súas ideas, actos e sentimentos, paso a paso foise acrecentando extraordinariamente. Aquello doíalle moito e, ferida, queixábase nos seus escritos de que cada vez se afaciá menos ás frías terras polacas ou, dito doutro xeito, cada vez resignábase menos a vivir fóra da súa.



Novela publicada en Madrid no ano 1931

Fóra de España, o seu entusiasmo falando do seu país fería ás veces a susceptibilidade dos demais, que non tiñan precisamente naqueles anos un concepto moi favorable da patria da escritora. A cada vez máis intensa propaganda antiespañola que chegaba a oídos de Sofía no estranxeiro, facíalle defender máis visceralmente o seu. Xa nin aqueles que daban por feito a boa fe da española vían na súa defensa a toda costa de España outra cousa que un respaldo á dictadura, e o certo era que nin tan sequera moitos dos seus amigos conservadores apoiaban xa ó réxime. Non era, polo tanto, nada estraño que se sentise presionada por tódolos sectores, salvo polo incondicional a Primo de Rivera.

Preto xa dos 70 anos, ela declaraba sinceramente nas súas crónicas que sentía horror ó que chamaba *politiquear*. Confesaba que cada vez fuxía máis dos temas políticos e, escéptica, calificábaos de turbios. Os temas das súas colaboracións publicadas en *ABC* no ano 1929 pouco a pouco tomaran outros roteiros. Tiñan máis que ver coas paisaxes e lugares da xeografía polaca que con cuestións de política interior, dos que se encargou algunha vez o tamén periodista Andrés Révész, xa que Sofía, durante o verán e o outono de 1929, non estivo en Varsovia senón que percorreu as terras limítrofes de Polonia de Norte a Sur. Por iso, describía as paisaxes e o xeito de vida deses paraxes para os lectores españois. Adicouse máis a dar a coñece-las rexións polacas que a trata-los temas que tiña abordado anos atrás.

De tódolos xeitos, e de cando en vez, a medida que se avanza na lectura dos traballos de Sofía publicados neses anos no diario madrileño do que era correspondente, percíbese claramente o seu temor a unha nova guerra que, a medida que as datas dos artigos avanzan a súa autora ve máis que probable. Nos albores do verán do ano 1930, por exemplo, as continuas manobras militares que tiñan lugar preto da fronteira con Alemaña producíanlle un desacougo evidente, e o tema da gue-

rra acudía á súa pluma coma un verdadeiro pesadelo recorrente.

Durante a súa viaxe a España, ás portas do inverno de 1930, por poñer outro exemplo, Sofía Casanova percibe xa a atmosfera de hostilidade que invade centroeuropa e, nunha crónica publicada en *ABC* o 11-11-1930, comenta o seguinte:

"Jamás me había ocurrido esto, que es sintomático. Nos hallábamos en la llanura del corazón de Alemania, ante su metrópoli Berlín, y la tempestad que la levanta ha arrojado sobre nosotros²⁸ sus salpicaduras. Berlín y Alemania conmovidos por el triunfo de los hitleros, lanza un grito desafiador de revancha, guerra contra Francia y contra Polonia. La diplomacia de Briand, la suave mano de la Sociedad de Naciones, no detienen el potro, que se desboca. [...] El odio envenena los pueblos, arma con furia los corazones, y este camino que hago tiene a uno y a otro flanco de la vía líneas de invisibles trincheras".

A depresión económica de 1929 e maila enorme crise mundial que recruraría os nacionalismos creaba xa unha atmosfera de hostilidade que Sofía percibía especialmente naqueles berros dos entusiastas partidarios de Hitler. O tempo, por desgracia, non tardaría moito en darlle a razón.

Tamén atoparía ó chegar ó seu país unha España cambiada e dominada por unha conmoción política e social difícil de controlar. A mediados de marzo morrera en París Miguel Primo de Rivera e xa había meses que a peseta agonizaba vítima dunha depreciación cada vez maior, o cal contribuía a crispas extraordinariamente a tensión social. A folga xeral e as manifestacións protagonizaban as novidades de cada día. España, coma Europa, vítima dos conflitos, afastábase cada vez máis dunha desexada estabilidade.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.es

XVIII.- As derradeiras visitas ó seu país: a República

Sofía Casanova continuou a ser testemuña da evolución política do seu país e dos profundos e serios problemas ós que os seus compatriotas tiñan que facer fronte cada mañá porque, dende 1930 a 1934, veu pasa-lo inverno a España, aínda que o ano de 1932 pasouno integramente en Polonia. Nesas visitas ó seu país, a escritora, diante do avance das esquerdas españolas non se sentía nada tranquila nin satisfeita, xa que vía no mesmo un probable engano da xente de boa fe que poñía os seus lexítimos anhelos de xustiza social noutro sistema que, guiado polo ruso, íría a parar onde desembocara aquel. Por iso advertía nos seus artigos que derruír era facilísimo pero que construír unha cidadanía libre e feliz non o era tanto. Prevíaa, en suma, falsos paraísos coa sinceridade de quen antes xa caera na trampa. Detrás do seu discurso estaba a súa frustrada experiencia e maila mesma obsesión dos últimos anos: o pánico a ver unha España bolchevique feita a imaxe e semellanza da Rusia bolchevique,

o cal, segundo a súa forma de ve-las cousas, equivalía a unha desmoralización total do país. A súa entrevista con Trotski, na cal el pronosticáralle canto agora ela estaba a ver, facíalle interpreta-lo que estaba a pasar como o resultado dun evidente empeño dos bolcheviques por envelenar a España. O seu deber –coidaba– era advertilo a quen quixera escoitala.

Neses anos, consecuentemente, comentou as calamidades da dictadura de Stalin e continuou propagando unha visión nefasta da Unión Soviética, a quen se refería nos seus artigos chamándoa *Bolsevia* –e da realidade da mesma estaba moi ben informada a través da súa filla Izabela– e insistiu en que, se persistía aínda o réxime ruso, non era tanto pola defensa dos ideais revolucionarios coma polos intereses da plutocracia comunista e da loubanza das demais nacións interesadas en pactar coa U.R.S.S. para explotalas súas riquezas.



Sofía Casanova despois da conferencia que pronunciou na Asociación de Escritores y Artistas. Madrid, 1934.

A súa esperanza en deter aquel avance en España, que vía tan enganoso e dramático, baseábase na capacidade de reacción que lles supoñía ás mulleres españolas que, polo feito de selas, imaxinaba menos intrigantes, menos belixerantes e máis xenerosas. A súa experiencia polaca leváballe a sinalar coma remedio, do que ós seus ollos era unha desgracia xeral, unha contraofensiva de mentalización dende dúas fronte: a muller e maila escola. Vira en Polonia como a escola polaca fixera fronte á ocupación estranxeira e ganara a batalla evitando que os polacos perdesen a súa propia lingua, a súa cultura autóctona e a súa idiosincrasia. En Polonia mentalizárase dun xeito organizado á xuventude e á sociedade en xeral contra o avance comunista, e Sofía propoñía a mesma solución. Desde logo, ela vía no avance das esquerdas españolas moito máis que un cambio de réxime, para ela tratábase dunha sutil invasión estranxeira, e espantáballe, porque estaba marcada irreversiblemente polas súas tráxicas experiencias, que o seu país perdeuse a súa soberanía.

Conocendo ese xeito de ver a situación, non é difícil entende-lo feito de que a escritora non vise con agrado a chegada da II República española. De tódolos xeitos, recién proclamada, o 5 de maio de 1931, Sofía Casanova opinaba en *ABC* o seguinte:

"La palabra revolución, que desde el sangriento pasado diciembre aturdiría mi corazón con el temor de las revoluciones que sufrí en Rusia y en Polonia, esa palabra fatídica se ha borrado en vitoriosos y en lágrimas... La transición de un milenarismo estado monárquico a un Gobierno provisional de la República se ha hecho sin sangre. Esto es lo que ha calmado nuestra más punzante inquietud en los días de la tragedia nacional. ¿Qué ocurrirá después? [...]. Vivo en el Norte de Europa, donde afluyen de todas partes las calumnias, las leyendas infamantes del pueblo español, que lo señalan como ingobernable, inconsciente y bárbaro. He combatido siempre tales y mayores errores [...] Los pueblos, en sus vicisitudes históricas, transforman sus Instituciones y pasan las Monarquías, las Repúblicas. Lo incólume, lo eterno, es su progreso moral[...]"

A súa escala de valores naquel momento histórico tan extraordinariamente delicado, a súa actitude tolerante e democrática, civilizada, recorda á que ela mesma adoptara a comezos da Revolución rusa cando tamén respectara a vontade popular, posto que vía, como desta volta, un comportamento cívico das masas e supoñía nos responsables de encamiñar aquel

cambio unha intención sa e xenerosa. Ó remate dese artigo, como era de agardar, adicaba unhas liñas á familia real, deténdose na súa faceta humana. Como fixera sempre cos reis doutros países, non entraba tampouco nesta ocasión a vulgar os seus desacertos e permanecía fiel así a unha familia de quen recibira xenerosas axudas e consideración en momentos durísimos. Outros monárquicos menos sinceros, mentres tanto –hai que recoñecelo– apresurábanse a desertar das filas do monarquismo e a declara-lo seu amor secreto pola República.

Durante todo o ano 1932, Sofía cumpríu co seu labor de correspondente en Polonia, onde permaneceu ata outubro de 1933, data na que voltou a España. A suspensión do *ABC* en agosto de 1932 durante quince semanas, afectou directamente ó seu traballo, como é lóxico, aínda estando en Polonia. É evidente que non procedían artigos comprometedores naquelas circunstancias, así que a escritora limitouse a expresar nas súas crónicas o desexo de que España seguise fiel ós principios de unidade e cristiandade, e escribiu máis ben sobre temas culturais aínda que, fundamentalmente, non modificara o seu pensamento verbo da evolución política de España, cuestión que ó ano seguinte, xa no seu país, sería máis que evidente.

Como se sabe, o 30 de xaneiro de 1933 Hitler subiu ó poder e un mes máis tarde suprimiu os dereitos democráticos en Alemaña, dando comezo a unha arrepiante etapa para a historia de Europa.

Cando Sofía Casanova chegou de Polonia ó seu país, España voltaba a estar nun momento verdadeiramente difícil. A oposición parlamentaria e outros acontecementos graves produciran a dimisión de Azaña como presidente do goberno e o presidente da República, Alcalá Zamora, disolvera as cortes e convocara eleccións. Afectada a orde pública e postas sobre o tapete reivindicacións importantes con enerxía manifesta, Sofía interpretou a dureza da situación coma un avance do máis que anunciado comunismo ameazador, de tal xeito que pasou da discreción ó choque frontal e mantivo unha postura francamente contraria á República. Os seus artigos, dende logo, recordaron outra vez máis a trampa soviética.

As eleccións de novembro daquel ano trouxeron coma consecuencia un xiro cara á dereita das Cortes españolas, o cal a tranquilizou. De tódolos xeitos, nunha conferencia que pronunciou na sociedade de Escritores e Artistas de Madrid a comezos de 1934, lamentábase do desbordamento continuo dos extre-

mistas, da inquietude social e da desarticulación dos principios de autoridade e xustiza que convertía ó Estado nun organismo enfermo. Horrorizada diante do que vía vir, Sofía e así o expresaría en ABC o 19-2-1934, chamaba á concordia entre a esquerda e a dereita, nestes termos:

"Espanta conocer a diario el desbordamiento de la insania extremista, y más aún oír sus amenazas de próxima destrucción de España capitalista y clerical... Los amenazados y atacados ferozmente recogen el reto hartos de paciencia; recogen el reto y responden: A la lucha, a las calles, en combate decisivo; a la calle a pelear. La posibilidad de hecho semejante es más dolorosa y amedrantadora que las causas mismas que lo justifiquen. La mujer, muchas mujeres españolas preguntarán, como yo, si no existen en un país civilizado otros medios de reconstrucción patria que la guerra civil [...] ¿No es tiempo aún de intentar un armisticio generoso entre los hermanos que van a matarse? ¿Es que el concepto del derecho, de la unidad nacional, de la libertad y del deber, no pueden prevalecer ni defenderse más que a tiros en las calles?

Si es así, si el extremismo armado incendia y asesina, vamos a la revolución... Una revolución en estos momentos del desastre mundial se sabe como empieza, pero su desenvolvimiento y su fin no son de prever. Lo único cierto será el sacrificio de la juventud española, el dolor augusto de las madres de

todos los combatientes. [...] En la República y en las firmes derechas, ¿no ha de intentarse un esfuerzo supremo para evitar el cataclismo?"

A escritora continuaba no seu artigo preguntándolle ó lector se non se esquecerían os odios de clase, as inxustizas e mailas reivindicacións proletarias de atoparse España diante dunha invasión estranxeira. E afirmaba segura que esa invasión de ideas, de armas, de métodos revolucionarios e de homes xa traspasara as fronteiras, e que xa estaban en territorio español. Defendámonos –concluía– unidos no amor a Deus e á Patria. E avisaba de que a peor das armas populares era a guerra civil.

Sen dúbida, ese *defendámonos*, era tamén unha invitación ás dereitas a que evitaran esa dominación estranxeira que as esquerdas vían dunha maneira moi distinta.

A finais de marzo de 1934, Sofía voltou a atravesar unha vez máis aquela Europa chea de problemas para regresar a Polonia, sumida tamén nunha dictadura. Dende alí seguiría preocupada polos sucesos que se producirían no seu país nos anos vindeiros. Canto viu nas diversas nacións europeas ó seu paso cara ó Leste contribuíu a aumentar máis a súa intranquilidade. Era xa una muller de case 73 anos, case cega, e desta volta ía acompañada do seu sobriño, Joaquín Pérez Madrigal.



Sofía Casanova na segunda metade dos anos trinta.



Sofia Casanova pouco antes da Segunda Guerra Mundial

XIX.- Sofía diante da Guerra Civil Española

A noticia do estoupido da guerra civil española chegou a Polonia e soou nos oídos da escritora coma un clarín que despertaba a conciencia nacional chamando ó combate ós defensores da Patria, ameazada por implacables inimigos dende anos atrás. A escritora sentiu a angustia propia de quen sabe moi ben o que é unha guerra e viviuna. España era o seu paraíso íntimo, era a súa terra, o lugar onde estaban os seus familiares, o irmán que lle quedaba, e os seus amigos. O seu labor de correspondente interrompeuse e a comunicación cos seus complicouse dun xeito extraordinario.

Poucos días despois da sublevación militar, os insurrectos constituíran en Burgos unha Xunta de Defensa, formada por militares e presidida polo xeneral Miguel Cabanellas Ferrer, de quen, curiosamente, era secretario Joaquín Pérez Madrigal, sobriño da escritora.

Sofía, que non variara esencialmente o conxunto das súas ideas verbo do asedio bolchevique a España, sentiuse chamada tamén a colaborar á salvación nacional e, consecuentemente, aliñouse do lado dos golpistas asumindo a necesidade de defender á Patria e as demais razóns que os mesmos se atribuíran. Para ela tamén era unha *cruzada*, tal como Franco a presentara, e *unha guerra santa*, como así a xustificaran os defensores da relixión, entre os cales, como está demostrado, figuraban as altas xerarquías eclesiásticas que ela respectaba cegamente.

Ata tal punto eso foi así que a española fixo canto puido para colaborar á propaganda franquista nos medios católicos polacos e escribiu poemas en honor ó caudillo –moi pouco artísticos por certo– que se publicaron en periódicos como *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia* ou *El Ideal Gallego*. Ademais, no inverno de 1938, aceptou vir a España para contribuír coa súa

presencia e a súa palabra á causa *nacional*. Por iso, foi recibida por Franco en Burgos e, dende alí, chegou á Coruña o 20 de novembro nun coche *gentilmente cedido por el ministro del Interior, señor Serrano Súñer*, segundo lemos na primeira páxina de *El Ideal Gallego* do día 22-11-1938. A viaxe, naturalmente, era propagandística, xa que, na formación do primeiro goberno de Franco en febreiro de 1938, tódalas cuestións relativas á prensa pasaron a depender, como é ben sabido, do Ministerio do Interior. Xa na cidade, recibíuna o seu irmán Vicente, que se refuxiara alí fuxindo de Madrid, e polas súas amizades, ademais de ser cumprimentada polo alcalde, Fernando Álvarez de Sotomayor. Foron días de homenaxes e parabéns dos cales os periódicos locais comentan que as autoridades salientaron o valor da escritora e o seu patriotismo, posto que se atrevera a facer unha viaxe tan longa e penosa ós seus 77 anos, que Sofía, como era de rigor, visitou o Fogar do Ferido, a Delegación Provincial de Frontes e Hospitais, repartiu roupas e cigarros ós mutilados, e que asistiu ós xantares oficiais que organizaron as autoridades na súa honra.

Coma de costume, Sofía Casanova desplazouse a Santiago para gana-lo xubileo, foi nomeada Irmá Maior da Arquiconfradía do Glorioso Apóstolo e declarada hóspede de honra da cidade.

De volta á Coruña, aínda foi obxecto de máis agasallos ata deixa-la súa terra natal o 15 de decembro. A súa intención e o seu desexo era o de voltar, sen embargo, xamais o faría. Partiu de Burgos a San Sebastián e, por Irún, a Varsovia. Era a última vez que cruzaba a fronteira española. A segunda guerra mundial e as súas consecuencias impediríanlle voltar a ve-la súa patria. Aínda tería que soportar as últimas estacións da súa persoal via crucis.



Madrid, novembro, 1936.



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Varsovia, xullo, 1942.

XX.- Atrapada pola Segunda Guerra Mundial

Cando en marzo de 1939 os españois estaban a punto de ver rematada aquela salvaxe guerra civil, a Europa do Leste comezaba o calvario. O estoupido da que sería coñecida na historia como a Segunda Guerra Mundial era tan só unha cuestión de meses.

En agosto, o xenro de Sofía Casanova, Czeslaw Meissner, esposo de Halina e médico de profesión, xa fora movilizadado e a súa muller e fillos abandonaran a cidade de Poznan, onde vivían, para buscar un lugar seguro, xa que se prevía unha invasión alemana. Sofía Casanova, en Varsovia, sabía que a guerra estaba a punto de estoupar e voltaba a vivi-las angustias da mobilización xeral, o aprovisionamento masivo das amas de casa e o terror perturbador pola inminencia dun ataque que se vía vir, aínda que non tan inmediatamente coma se produciu na realidade. A casa dos Niklewicz, familia da filla maior de Sofía, coa que ela vivía dende había anos, íase enchendo de parentes que se sentían máis seguros na capital. Izabela, a súa outra filla, pasara por alí cos seus dous fillos retirándose cara ó leste do que podería chegar a ser zona de agresión alemana.

Todos aqueles indicios eran moito máis que eso e, unha veterana como a española, tiña a evidencia de que outra guerra estaba en portas.

Diante daquela dolorosa realidade, só coñecía dúas formas de tranquilizarse: rezar e escribir. Por unha parte, só Deus podería evita-la catástrofe. Por outra, Sofía sempre crera no valor do testemuño, de tal xeito que se dispuxo a rezar e a anotar canto ocorría día a día entre a poboación civil de Varsovia, da cal formaba parte. Afortunadamente, por mor desa necesidade e xeito de afronta-los acontecementos históricos, hoxe contamos con datos interesantísimos dende o punto

de vista humano e biográfico daqueles días de incertidume, os últimos vividos en liberdade para moitísimas vítimas do nazismo e do stalinismo.

Sofía recolleu con tesón o transcorrer dun ano enteiro, do 25 de agosto de 1939 a agosto do ano seguinte. Enviadas estas notas ó seu irmán Vicente no ano 1944, verían a luz ó ano seguinte, publicadas pola editorial Atlas, en Madrid, baixo o título *El martirio de Polonia*.

Baseándonos nos datos da obra citada, sabemos que o encargado de negocios español en Varsovia, duque de Parcent, ó comezo da guerra, fixo todo canto estaba na súa man para convencer a Sofía Casanova de que regresase a España con Pepa e a súa filla Halina, a única que nacera en España. A pesar da insistencia do diplomático, nembargantes, a escritora non aceptou o ofrecemento, aínda que era plenamente consciente do que lle agardaba, é máis, cando chamaron a filas ós reservistas, ela manifesta literalmente que está *aterrada*, e refírese a aquela como a súa cuarta guerra.

Nos días que seguiron á invasión alemana –como se sabe, o 1 de setembro, sen plena declaración de hostilidades, a aviación alemana atacou Polonia– Varsovia foi obxectivo dos bombardeos inimigos, polo cal a poboación civil, organizada, comezou a soporalo pesadelo das alarmas, das sirenas que lles obrigaban a acubillarse nos sotos, etc. etc. Sofía, ós seus case oitenta anos, viuse obrigada como os demais a subir e baixar a cotío cinco pisos, e ás veces moi apresuradamente. Moi mermada a súa visión e coxa, era insoportable para ela aquel trasfego continuo. Por iso, aceptou a invitación do embaixador de Portugal e refuxiouse provisionalmente na embaixada portu-



A rúa Marszałkowska, Varsovia, no 1930
onde residiu Sofía Casanova.

guesa, moito máis comfortable. Os seus tres netos varóns, de 21, 18 e 16 anos respectivamente, fillos da súa filla maior, cos que ata entón vivía, foran mobilizados. A irmá deles, Cristina, anque con moitas dificultades, aínda podía atendela, de tal xeito que a galega quedouse en Varsovia ata que a súa permanencia na cidade foi imposible.

Como a súa filla menor, Halina, se refuxiara cos seus cinco pequenos nunha casa de campo en Grelewo, aldea situada non lonxe de Varsovia, pareceulle á familia que Sofía e Pepa debían de reunirse con eles, de tal xeito que no tardaron en emprender apresuradamente a viaxe, logo de escolle-lo que podían levar das súas pertenzas pessoais e dos seus recordos de España, xa que quizais nunca máis voltarían. Naquela quinta estaban refuxiadas outras mulleres e un total de vintetrés nenos ós que as súas nais, volvendose tolas, tentaban de protexer das bombas e das balas. Naquel refuxio permaneceu Sofía cos demais ata que os combates chegaron ó propio xardín.

¿Que fora mentres tanto dos seres queridos?

Aquela pregunta formaba parte da angustia diaria, posto que non era posible a comunicación. O exército polaco, aínda que heroico, fora arroiado en poucas semanas. O neto maior de Sofía Casanova pronto caeu prisioneiro, as divisións de Pomerania e de Poznan, onde loitaba o home da súa filla Izabela, foran derrotadas e, por riba de tantas desgracias, o 17 daquel mesmo mes Polonia tamén foi atacada polo leste por parte do exército soviético e miles de polacos caeron prisioneiros e foron empurrados cara ó interior da U.R.S.S.. Sofía non tiña novas de Izabela e dos seus fillos que se refuxiaran naquela parte do país e, agachada naquela aldea, sufría o indicible vendo ás familias das súas fillas no maior dos riscos. Tamén aumentaba o seu sufrimento o non saber do paradeiro dos seus seis sobriños Lutoslawski, cinco deles eran orfos daqueles que executaran os bolcheviques no ano 1918.

En poucos días, as tropas de Hitler, implacables, ocuparon Polonia, e con aquela apocalipse comezou a volta atrás para aquel pobo, repartido unha vez máis. Tralo horror, os alemáns anunciaron que Polonia xa non existía coma nación e, tan só arredor de Varsovia e Cracovia existiu un remedo de Estado polaco rexido por un gobernador xeral que implantou as prácticas do Reich: control policial, exterminio de intelectuais, peche de universidades e condena a traballos forzados da poboación civil útil.

Paralelamente, os polacos organizaron a resistencia na cal colaboraron activamente e dende o primeiro intre tódolos membros da familia de Sofía Casanova. O feito de que fosen acérrimos e comprometidos inimigos dos soviéticos —e polo tanto simpatizantes do fascismo como Sofía, en canto que este se erixira en inimigo tamén do comunismo— non quería dicir, en absoluto, que consentiran ou aceptasen xamais a ocupación alemana nin calquera outra. O risco que corrían todos eles, pois, era máximo.

Completamente illada, Sofía nin podía mandar unha soa crónica ó seu país nin recibir ningunha noticia, polo que en España se teme seriamente pola súa vida e pensouse —unha vez que se prolongaba o seu silencio— que perecera.

A escritora, nembargantes, non se deu por vencida. Dende o seu refuxio aldeán, agora tomado por oficiais alemáns, aproveitando a súa condición de española, por medio dunha refuxiada que abandonou a casa de Grelewo, enviara unha carta ó conde de Magaz, embaixador español en Berlín, coa esperanza de que



A rúa Marszalkowska, aproximadamente á mesma altura da ilustración anterior, en 1945.

chegase ó seu destino. O seu empeño en racha-lo seu illamento era obsesivo. Pasado certo tempo, devoradas pola impaciencia e o desexo de saír daquel pozo, desesperadamente, ela e a súa filla alugaron un carro e aventuráronse, con Pepa e os nenos, ata o pobo máis cercano que distaba uns dezaioito quilómetros de Grelewo, pensando en toma-lo tren cara a Poznań.

Ó chegar ó pobo, nin atoparon tren nin nada que o substituíra, polo que pronto se viron obrigadas a voltar ó lugar de onde saíran. Nembargantes, ó comprender que non había outra saída para Halina, Pepa e os nenos, Sofía –xenio e figura– decidiu, pola súa conta separarse deles, aínda que semellaba un disparate regresar soa a Varsovia. Non podía resisti-la pasividade de agardar máis, somerxida naquel pozo que para ela era Grelewo, de tal xeito que se despediu de todos e soa, logo de facer noite naquel pobo, partiu cara á capital nun carro que a súa filla lle alugou. Sofía Casanova, na páx. 72 de *El martirio de Polonia*, explica así este episodio:

“Apuntó el día ventoso, frío, y llegó el carro alquilado para mí por Halita. Monté, me hundí en su fondo de paja y salí al camino de Varsovia. Cuarenta kilómetros a través de tropas, cañones, caballerías y fugitivos. Pueblos y aldeas del camino eran ruinas calcinadas. Fosas recién cerradas por doquier. Llegamos a los arrabales de Varsovia. ¡Qué horror! Entramos en la calle Chmielna²⁹, un largo paso de dolor. ¿Está en pie mi casa? Adelanta el carro y no

me atrevo a preguntar. Huele a humo y a cadáveres. Ante un montón de escombros no puede pasar. Ruinas de la casa enorme, derrumbada por las bombas. No me es posible bajar del carro. Me sacan de él y ando entre cenizas”.

Logo de informarse pola veciñanza de que a súa neta Cristina e o seu irmán menor foran sacados con vida dos cascallos da casa, cando esta se derrubara esmagando a cento vinte persoas, Sofía, ó verse sen fogar e no medio dunha cidade assolada, dirixiuse a outra rúa e recorreu á porteira do inmoible no cal vivira durante quince anos. Horas despois, por fin, reuniuse cos seus dous netos sobrevivintes, por mor da cooperación dos veciños e coñecidos.

A situación da cidade era caótica e desoladora, na mesma dificilmente podía sobrevivir unha persoa de moita idade, de tal xeito que, ós poucos días, a española, con resignación, volveu acompañada da súa neta á aldea onde continuaba Halina con Pepa e os nenos. Antes, volveu a tentar poñerse en contacto con España, sen resultados inmediatos. A escritora permaneceu varios meses na aldea, xa inzada de soldados alemáns.

En decembro sóbouse en España que Sofía Casanova sobrevivira. As tentativas de comunicación a través de Berlín deran resultado, aínda que tarde. Franco, interesado pola súa paisana, brindouse a xestionar-la súa repatriación, pero de novo ela se negou a abando-

na-las súas fillas e netos. Non sabía ónde estaban nin qué fora deles e arrepiaballe perde-lo contacto cos seus para sempre.

Ó fin regresou de Drozdowo María, a filla maior da española, expulsada da súa casa polos bolcheviques, e toda a familia supervivinte aloxouse nun piso alugado en Varsovia. Aquela casa tivo un trato especial por parte dos alemáns porque habitaban nela dúas españolas. Non había moito que o embaixador español en Berlín conseguira a Sofía e a Pepa documentación española e lles deran cartillas de racionamento coas que atenuaban as penurias de toda a familia.

Como consecuencia daquela mellora na situación, chegou ó periódico madrileño unha colaboración da súa correspondente que se publicou o 16 de decembro de 1939, precedida dunha nota na cal se celebraba que Sofía Casanova non morrera como se pensara.

Como era de agardar –outra cousa tampouco sería posible– a crónica describía a traxedia da guerra pero non falaba da crueldade das tropas alemáns, senón que na mesma aparecían frases como *la disciplina alemana rige todo el territorio*. Nela presentábase a uns soldados xenerosos, amables e tenros cos nenos. Quizais por esa mesma razón chegara a crónica a Madrid, lugar de confianza para Berlín, onde sería *bien comprendida* a mensaxe.

Anque a española pensara outra cousa dos invasores de Polonia, se a mensaxe tiña que pasar por Berlín, tampouco podía ser doutra maneira, de tal xeito que non é posible saber con exactitude ata que punto Sofía simpatizaba ou non coas tropas nazis naqueles momentos. O anteriormente paladín e defensor da cristiandade fronte ó comunismo convertérase no invasor de Polonia e asolara todo canto Sofía posuía, incluso levara por diante ás súas fillas, xeros e netos, era o verdugo de toda Polonia. Non parece, pois, moi lóxico que a escritora fixese outra cousa que tentar mante-lo seu privilexio de española diante dos nazis. Con iso, ademais da seguridade física, podería salvaguarda-la relativa manutención dos seus e dar cobertura á actividade clandestina da resistencia que se organizara baixo o seu teito. Na mesma estaban involucrados tódolos seus.

Pasada a primeira onda de excesos, o terror pronto se fíxo metódico e organizado. Na opinión dos que viviron aqueles días en Varsovia, a crueldade dos nazis convertía nun xogo de sociedade a actitude dos seus compatriotas na anterior guerra.

Dado o talante de Sofía Casanova, non é de estrañar pois que a súa crónica seguinte, sen data, pero publicada o 14 de febreiro de 1940 en *ABC*, cambiase totalmente de ton. A escritora, tras esbozar un escenario dunha cidade destruída e na que a neve convertera as ruínas en bloques fantasmais, comentaba que, ó visitalos albergues que acubillaban ós que non tiñan fogar, non era posible oír outra cousa que non fose o infortunio. Aludía ó illamento, ó éxodo dos desamparados, levando criaturas cubertas por montonciños de neve, e describía aquel panorama desolador deste xeito:

“Todo aquí es dolor indecible, prolongado, sin esperanza. Y más allá, en el Occidente de las fortificaciones ciclópeas y en los océanos ¿qué sucede? [...] ¿Será posible que, sobre los despojos de la civilización milenaria, la nuestra, galopen las hordas del Septentrión metiendo en las sepulturas de nuestros padres y en la sangre de nuestros hijos sus caballos feroces, abriendo paso a la irrupción bárbara que avente las cenizas de Europa?”

La dolorida y santa palabra del Pontífice, las oraciones del mundo cristiano ¿no moverán las conciencias de los potentados de la fuerza para que se detenga la última horrenda razón de los pueblos, la bruta razón de las armas? [...]

Hablemos todas las mujeres. No alcanzará nuestro sentimiento a detener la catástrofe de los odios y las ambiciones, pero la lógica de la Historia habla. [...]

A brutal dominación alemana, a destrución absoluta e implacable, presidía agora o artigo de Sofía Casanova, a pesar da súa situación persoal privilexiada por ser española e das circunstancias que condicionaban o contido e o estilo do artigo, publicado nun periódico da España da posguerra e para lectores de ideoloxía afín a quen provocaba aqueles males sinalados pola escritora.

Nesta crónica –e só se publicaron estas dúas– xa non se percibía aquela visión anxélica das tropas de Hitler da primeira. Agora a española escribía con desesperación e amosaba un panorama de destrución, de morte e de penurias extremas: *Todo aquí es dolor indecible, prolongado, sin esperanza*. A bo entendedor...

Unha vez máis a barbaridade da guerra. Como nos seus mellores tempos, Sofía voltaba a amosa-las crueldades provocadas por aquela bestialidade da guerra e, neste caso, para os que sabían perfectamente do que lles falaba, porque a sufrían.



Na Varsovia arrasada polos nazis, papeis suxeitos con pedras cos nomes dos familiares buscados

Naturalmente, esta crónica custoulle o despedimento en *ABC* a Sofía Casanova. Unha carta do director e dono do periódico, Luca de Tena, comunicoulle que prescindía dos seus servizos, o cal foi para Sofía Casanova unha desilusión máis e coma unha sentenza que a condenase ó silencio para toda unha eternidade. Non era a verdade o que interesaba, aínda que esa verdade fose difuminada por consideracións xerais ou aínda que se contemplase a crueldade dende o ángulo da súa propia ineficacia, cunha ollada de máis alcance, máis duradeira. A escritora non nomeara ó que sementaba o terror, pero tódolos lectores sabían quen o sementaba. Na España de Franco, un ano despois do triunfo dos golpistas coa valiosísima axuda de Alemaña, ninguén con poder quería escoita-lo que relatava unha testemuña do horror que sistematicamente producía en millóns de seres humanos o cómplice da feliz España victoriosa. Nin tan sequera anque o dixeran unha muller de probada fidelidade á causa franquista. De tal xeito que... tapóuselle a boca.

Aínda hoxe a familia da escritora recorda o golpe baixo que foi para a galega aquela carta, en plena angustia, en medio dunha Polonia aniquilada e torturada. Tamén eran crueis os que presumiran de evitar ou conte-la crueldade roxa. É certo que, por mor da súa condición de españolas –a de Sofía, Pepa e Malina– sobrevivían naquela familia, sobre todo os nenos, pasando menos fame e tendo maior seguridade. É certo que por iso a Gestapo non se cebaba con ningún daquela casa, pero a realidade lixera pedazos as

esperanzas e os heroes da escritora, tan atroces nos seus procedementos como aqueles ós que detestaba ferozmente dende 1918. Eles estaban a beneficiarse daquela outra apocalipse.

Entre 1939 e 1941 prohibíraselle ós polacos todo tipo de instrución intelectual –os netos menores de Sofía Casanova ían á escola polaca clandestina a pesar de que a colíu os adolescentes polacos eran fusilados por asistir á mesma cando os alemáns os descubrían– só se lles permitía a actividade artesanal. Foron ocupadas e saqueadas as igrexas, torturados moitos sacerdotes ata a morte, e os xudeus foron amontoados en guettos e conducidos ós campos de concentración establecidos, para máis escarnio –como o de Oswiecim (Auschwitz) ou Brzezinka (Birkenau), traxicamente famosos– en territorio polaco. No leste de Polonia, ocupada tamen polos rusos, estes capturaran gran cantidade de soldados e oficiais polacos que, coa poboación civil, levaran ós campos de concentración ou á morte. A propia filla de Sofía Casanova, Izabela, refuxiada naquela zona, como dixeramos, conseguiu salvarse cos seus dous fillos e chegar a Varsovia en maio de 1940, só uns días antes da deportación xeral dos civís que vivían naquela parte do seu país.

No medio de tal inferno, a situación excepcional da que gozaba a escritora na Varsovia nazi permitiulle unha marxe de liberdade, a ela e á súa familia, suficiente como para se poder relacionar cos soldados españois integrados na División Azul que, por azares da guerra,

foron parar a Varsovia. A escritora tiña permiso para ir a visitalos ós hospitais e, unha vez diferenciados polo distintivo da unidade, na manga do seu uniforme, cando ela ou seus familiares os atopaban nas rúas, mortos de frío, enfermos ou destruídos polos sufrimentos que trae consigo a guerra e o severísimo inverno do leste europeo, acollíanos na súa casa, dábanlles sopa quente e falábanlles en castelán, que non era pouco.

A escritora e os seus sabían que a estes españois os enviaran a lugares da fronte rusa onde o perigo era maior ou as condicións eran peores e por iso non dubidaban en localizalos para atendelos e valerlles. Esta atención, nembargantes –e baséome en testemuños persoais da familia da escritora, daqueles mesmos que

interviron nestas accións que aquí se relatan– aínda que era prioritariamente humanitaria, tiña tamén outra fin, o de aproveitar calquera descoido ou negligencia dos soldados españois para apropiarse de munición, armas ou calquera obxecto ou prenda útil á resistencia polaca na que participaban activamente tódolos membros da familia. Incluso, ó retirarse a unidade española, un neto da escritora, Andrzej Wolikowski, fillo de Izabela e dun oficial de alto rango do exército polaco, aproveitou a circunstancia e o seu coñecemento do español para fuxir de Polonia e, camuflado como soldado da unidade, chegar a territorio español. O seu obxectivo, en realidade, era reunirse no estranxeiro co seu pai, que fuxira dunha morte segura polas súas perigosas misións políticas e militares³⁰.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 203-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

XXI.- A soidade e o silencio

En Polonia aínda se complicaron máis os acontecementos. Tralo estoupido da guerra ruso xermánica, a U.R.S.S. converteuse de inimiga declarada de Polonia en tácita aliada e recoñeceu ó seu goberno exiliado en Londres, goberno para o que traballaba na clandestinidade o grupo do entorno de Sofía. En agosto de 1941, este asinou un pacto cos rusos en Londres e poucas semanas despois outro que permitía agarda-la reorganización do exército polaco en territorio soviético, baixo as ordes da U.R.S.S. A axuda norteamericana facía máis verosímil a reagrupación pero nin unha cousa nin outra habería de levarse adiante porque os oficiais polacos buscados dende xullo de 1941 polos seus compromentos patriotas e que tiñan que atoparse en territorio ruso foran executados en Katyn, cerca de Smolensk. A radio alemá deu a noticia en abril de 1943 do descubrimento das foxas comúns onde enterraran os seus corpos e acusou ós rusos da matanza.

Diante de tal noticia, o goberno polaco dirixiuse á Cruz Vermella internacional para pedirlle que pescudase qué sucedera exactamente, o cal lle bastou a Rusia para racha-las súas relacións co goberno de Polonia no exilio. Ó mesmo tempo, o goberno da U.R.S.S. propiciaba na clandestinidade, no interior de Polonia, a formación de organismos políticos e militares polacos afectos, ós cales promocionou en detrimento do goberno de Londres. Á brutal ocupación alemá, sumábanse na realidade ruíns manexos que separaban cada vez máis a Polonia da súa recuperación de independencia.

A comezos do ano 1944 o exército roxo avanzou aínda máis por territorio polaco, levantando a protesta do goberno no exilio. Cando en xullo as tropas roxas tomaron a cidade de Lublin, ó leste do país, con elas ía a división polaca do xeneral Zygmunt Berling, fiel a

Moscova e, tomada a cidade, instalouse tamén alí o primeiro órgano do mando comunista por medio do cal a U.R.S.S. pensaba acabar definitivamente co goberno polaco de Londres e senta-las bases máis ó seu favor.

A esas alturas, e quizais a causa da gravidade deses acontecementos históricos, os periodistas *nacionales* ocupáronse de Sofía Casanova nos periódicos españois e preguntábanse publicamente qué fora de ela. Todos dicían estar preocupados pola súa sorte, pero casi non se sabía nada dela. Eso si, se dixera nos xornais que a súa casa estaba salvagardada, por mor das xestións da embaixada española en Berlín, que un dos seus netos fora capturado e feito prisioneiro e que unha das súas netas profesara como monxa de clausura. En xullo, mesmo se recibiu unha carta da escritora dirixida ó periodista de *El Español* Jesús Vassallo, na cal lle daba as gracias por ocuparse da súa persoa. Incluso o 6-6-1944, apareceu en *ABC* un artigo de Sofía Casanova, redactado en primavera, no cal a autora daba a coñecer retallos da súa vida familiar diaria e confesaba que todos tiñan medo, e ela máis que os demáis porque non era nova nin era xa forte. Probablemente se trataba dunha carta familiar retocada e publicada neste diario nun momento no que —non se esqueza— o exército roxo avanzaba con éxito cara a occidente, a través de Polonia.

A familia, abafada polas restriccións, sabendo que se aveciñaba a sublevación da cidade contra o xugo alemán e que os exércitos soviéticos agardaban o momento oportuno para entrar en Varsovia, dispuxera o traslado dos máis febles a un lugar máis seguro, así que a escritora —con Pepa, a súa filla menor e os seus netos pequenos— refuxiouse en Skolimow, a uns vinte quilómetros ó sur de Varsovia.

Faltábanlle a Sofía poucas semanas para cumprí-los oitenta e tres anos cando, agochada naquela paraxe, tocoulle soporta-la enorme incertidume de quen sabe a tódolos seus enfrascados nun levantamento contra un inimigo tan poderoso e implacable como eran as tropas de Hitler. Para axudar co imprescindible ós seus fillos maiores que se movilizaran, a filla menor de Sofía partira cara á capital, e quedou illada na cidade polo brusco estoupido da rebelión. Soliñas de todo, cos nenos, Sofía e Pepa tiveron que amañarse para sobrevivir mentres, a poucos quilómetros, producíase a tráxica insurrección de Varsovia, que foi afogada polos nazis nun mar de sangue. Por orde de Hitler, a capital polaca foi literalmente arrasada e a súa poboación aniquilada ou deportada.

Do outro lado do Vístula, as tropas soviéticas non cruzaran o río para axudar ós insurrectos que as agardaban.

¿Que fora dos seus naqueles sesenta e tres días de aniquilación que durou a loita contra os alemáns? Aquela pregunta angustiaba cada vez máis ás anciás españolas no seu refuxio, ó que non chegaban noticias. Para non tolear, Sofía Casanova voltaba ós seus vellos remedios de sempre: rezar e escribir. Como Ana Frank en Amsterdam, anotaba día a día tódalas súas vivencias daquel momento horroroso da historia, anotacións que se conservan hoxe, manuscritas, na R.A.G., xa que a súa familia as depositou ali anos máis tarde³¹.

De volta xa a filla menor de Sofía, as tres mulleres soas, cos nenos, agardaron angustiosamente noticias dos demais dos que nada sabían. As outras dúas fillas da escritora e o home da maior, ó comezo da sublevación, abandonaran o seu fogar tan só cunha mochila ó lombo, e sen saber dos seus fillos, que foran reclutados.

Por fin, chegaron noticias. As dúas fillas maiores da escritora e o home da mais vella, logo de mil calamidades, sobreviviran, pero Izabela tivera noticias de que un dos seus dous fillos, Grzegorz Wolikowski, caera ferido. Angustiadísima, buscouno sen tregua por tódolos hospitais onde supuxo que tiña probabilidade de atopalo. Andou moitos quilómetros a pé con frío e chuvia preguntando sen parar, ata que lle deron a noticia de que morrera e xacía soterrado nunha foxa común. Non sabía nada do outro.

Como puido, reuniuse coa súa nai en Skolimow e, casi sen descansar, foi de instancia en instancia ata acadalo permiso da exhumación do corpo do seu fillo

—o cal non era nada doado— para soterralo en lugar sagrado, obxectivo que acadou en decembro de 1944.

A Sofía, coa traxedia persoal da súa filla, parecíalle que xa non lle quedaba nada peor que pasar para chegar ó tope da súa capacidade de sufrimento. Por desgracia, non fixera máis que comeza-la agonía.

Unha vez arrasada Varsovia, o exército ruso que estivera agardando ás portas da capital entrou triunfante. Dende o seu refuxio, Sofía nas súas notas describiu a entrada triunfal das tropas ruso-polacas, aclamadas polos superviventes que se vían libres do xugo alemán. O delirio popular era inmenso pero a escritora, escéptica, sabía que Polonia só estaba cambiando de amo. Aflixida, buscaba unha explicación de todo aquel inferno e preparábase para padecer de novo ó amo ruso.

Trala euforia, pudo observar a desconfianza popular, a disputa polos víveres que quedaban e os problemas derivados do troco xa que non era posible saber qué moeda valía. As colas soportadas durante horas a baixísimas temperaturas para acceder ó máis imprescindible para sobrevivir, ás que había que acudir ás catro da mañá, acentuaban as penalidades diarias e maila miseria. Sofía, ó paso do que contaba o que estaba a pasar, explicaba nas súas notas que os rusos nin se ocuparan do aprovisionamento da poboación civil nin a molestaran con ordes severas.

Pouco a pouco, os superviventes trataron de que todo se normalizase. Os mercados fóronse abastecendo, as escolas reabríronse e, ocupados na sobrevivencia, a poboación despreocupouse da marcha da guerra no occidente europeo. Só de cando en vez chegaba á española, de man en man, algún periódico que traía algunha noticia do que pasaba no resto do mundo. Ela continuaba escribindo, pese a que, pola súa antiga lesión nos ollos, soamente podía facelo sostendo verticalmente no ar o papel, apoiado nun cartonciño, de tal xeito que quedase a poucos centímetros dos seus ollos case cegos. O esforzo físico e psíquico era enorme, pero era a súa maneira de combater a enorme angustia que a atormentaba.

De súpeto se decatou de que o illamento ó que estaban sometidos os polacos non era pasaxeiro, senón cada vez maior, e comprendeu que se trataba dunha táctica rusa para que os demais países non sospeitasen o que na vida cotiá estaba a pasar en Polonia. A incomunicación fíxose cada vez máis absoluta. A angustia de quen, como Sofía, detestaba ós soviéticos acrecentábase



Sofía Casanova camina entre os seus netos Wojciech Maissner e Zofia Marcineck, el día del entierro de Josefa López Calvo. Poznan, 1950.

cada vez máis e día a día se facía máis insoportable. Realmente para ela era o peor dos castigos.

Entre a primavera e o verán de 1945, Sofía Casanova e Pepa trasladáronse a Poznan con Halina e os seus fillos. A española perdera todo na destrución de Varsovia e estaba máis segura fóra da capital do país. As novas autoridades ordenaran facer un novo censo e as súas fillas xulgaron máis oportuno que a súa anciá nai non correse o risco de ser acusada de antibolchevique, non chamase a atención en Varsovia, de tal xeito que a sacaron de alí. Ademais, se co tempo regresaba o home de Halina –colaborador do goberno do exilio– como era médico de profesión, quizais poderían vivir mellor todos xuntos en Poznan. Alí os Meissner tiñan casa antes da guerra e un terreo e quizais, aínda que xa non se lles permitise vivir no leiro enteiro, poderían axudarse cultivando a terra. Intentarían recobrar algo.

En España sóbose que Sofía Casanova sobrevivira e que se trasladara a Poznan en 1946. A noticia de una o seu irmán, Vicente Casanova, pero ela seguía sen saber nada de España, críase inxustamente esquecida e cada vez foi máis difícil recobra-la comunicación.

Tralo telón de aceiro, xamais voltaría a ter liberdade de expresión nin gozaría da independencia necesaria para sentirse moderadamente feliz.

No ano 1950, a súa filla Izabela conseguiu fuxir a Canadá para xuntarse co seu home e o seu fillo ós cales había anos que non vía. En Polonia perigaba a súa vida porque o seu home, militar de profesión, como dixemos, era unha persoa perseguida polo rexí-

me de Moscova xa que as súas actividades políticas e militares contra o sistema ruso eran moi coñecidas. Nai e filla sabían que xamais voltarían a verse e a súa separación foi dolorosísima. Izabela, escritora coma a súa nai, herdara o talento do seu pai, a quen adoraba, e comprendía especialmente a tortura á cal estaba sometida a súa nai. Compenetrada con ela nos aspectos máis esenciais da súa personalidade, era un apoio fundamental para a súa proxenitora, do cal agora a anciá tería que prescindir. Sofía, nembargantes, fora a primeira en animala a reunirse cos seus e, chegada a hora, asumiu con serenidade o tronso, pregando a Deus que a súa filla puidese fuxir do país sen que a descubrisen.

No mes de abril daquel mesmo ano, morrería Pepa e tamén o home de Halina. Sofía cada vez estaba máis soa, aínda que a coidaban a súa filla menor e os seus netos. A mais vella refuxiárase en Drozdowo e alí vivía co seu home, de forma humildísima, nunha pequena parte do que antes fora a enorme propiedade dos seus antergos.

Con todo perdido, menos a vida, Sofía houbo de facer fronte á dura realidade dun réxime comunista. A pesar de vivir nunha casa propiedade da súa filla, houberon de compartila con varias familias, algunhas das cales daban parte puntual ás autoridades do xeito de vivir das propietarias e das súas accións. Cada carta, cada detalle, era vixiado, xulgado e sacado do ámbito da privacidade. Non era respectado nin o espacio íntimo da habitación destinada á familia da escritora. A súa vida quedou limitada, en boa parte, ás catro paredes do seu cuarto que albergaron a súa amargura, os seus recordos e maila tristeza de saberse esquecida.

Gracias á fuxida de Izabela, nembargantes, a española puido manter unha relativa e esporádica comunicación con España e co resto do mundo. Aínda que esta vía non estaba exenta de dificultades, acabou sendo a única posible. A través de Canadá, Izabela mandaba cartas a Polonia –ás veces a domicilios de amigos ou familiares, para non chama-la atención pola frecuencia– que chegaban ó seu poder dende España. A filla de Sofía puido soste animicamente á súa nai ata a súa morte, por mor dunha enorme vontade e a un inxenio admirables. Izabela mandou cartas, recortes de periódicos, algúns dólares, medicinas e outros auxilios de mil e unha maneiras para burla-lo control das autoridades comunistas. Pagando prezos abusivos en Canadá acadou, por exemplo, evitar que a súa nai morrese de frío no inverno enviándolle bonos cambiabes en Polonia por leña ou outro combustible co que se puidese quentar. Asemade, fixo de ponte para que, a traverso dela, puideran chegar a España cartas e noticias da súa nai.

Morto o seu irmán Vicente, case ninguén se acordaba de Sofía Casanova no seu país, salvo un número moi reducido de amigos entre os cales hai que salientar á súa íntima amiga Pilar Marchesi quen mantivo con ela unha correspondencia fiel e constante. Á súa morte, o seu fillo José Luis Bugallal Marchesi, como fixera a súa nai, continuou mantendo coa escritora española unha duradeira comunicación epistolar. Enviaba as súas cartas a Izabela e, dende Canadá, ela reenviábaas a Polonia. A filla de Sofía, que adoraba á súa nai, a pesar de tódalas vicisitudes polas que tivo que pasar no exilio, viviu e traballou o indicible para enviar á súa proxenitora o máis necesario, ademais daquelas cartas que para a española eran media vida.

Soa, illada polo invisible pero implacable telón de aceiro, Sofía Casanova, na realidade, fora esquecida por todos aqueles que antes a utilizaran e adularan. Dela quedou, ata hai moi pouco, a imaxe borrosa dunha muller da que se lembran só os seus erros e a súa adhesión ó Caudillo, pero a quen non se lle recoñecen os seus múltiples valores, e a proba diso foi a inexistencia de estudos que se ocuparan dela ou da súa obra, durante moitos anos, se exceptuamo-la semblanza biográ-

fica que en 1958 escribiu José L. Bugallal. Nin as súas obras se reeditaron en España nin se lembrou o seu titánico labor informativo ata hai dez anos. As xeracións de despois da guerra civil española nin escoitaron o seu nome nas escolas.

Quéirase ou non, sexan os que sexan os mundos dende os que a miremos, non se pode negar que Sofía Casanova foi unha muller importantísima na súa época e que o seu labor intelectual e persoal merece ser coñecida e tida en conta. Cultivadora de case tódolos xéneros literarios, competentísima correspondente no estranxeiro durante os anos máis difíciles da recente historia de Europa, muller extraordinariamente culta e adiantada á súa época en moitos aspectos, entre eles o dos problemas sociais, académica de Honra da Real Academia Galega, da que foi membro Correspondente dende os comezos desta institución, candidata ó Premio Nobel de Literatura e distinguida con condecoracións máximas en España e Rusia pola súa solidariedade e entrega ós máis febles, merece un lugar destacado na historia de Galicia e de Europa.

As súas singulares circunstancias, que a condicionaron ata a súa morte, acontecida en Poznan en 1958, propiciaron que a súa traxectoria vital –de 97 anos– ofrezca os naturais claroscuros de tódolos comportamentos, erros e virtudes da vida humana pero, por riba dos xuízos que poida facer cada quen, é evidente que ocupa por dereito propio un lugar salientable na historia das mulleres ilustres deste país. Non é propio dos pobos cultos esquecer ós seus persoeiros.



Cementerio de Poznan. Tumba familiar donde reposan los restos de Sofía Casanova e, á súa beira, Josefa López.

Principais obras de Sofía Casanova

A produción literaria de Sofía Casanova é extensísima e composta ó longo de case toda a súa vida, como puido comprobarse ó le-las páxinas anteriores. Non se pretende aquí dar unha relación exhaustiva de toda a súa obra, pero si facer constar aqueles títulos que se consideran máis representativos do seu labor literario, agrupándoos segundo as súas características e citando só as referencias bibliográficas das súas primeiras edicións.

Non nos parece oportuno localizar aquí tódalas colaboracións que Sofía Casanova asinou en diversas publicacións periódicas, nin tan sequera as moitas que se puideron ler en *ABC*, froitos do seu traballo como correspondente do diario madrileño durante tantos anos. A lista sería, ó noso ver, demasiado longa para un traballo das características do presente³², que non pretende outra meta que a de dar a coñece-lo máis relevante da escritora.

Citaremos, pois, as seguintes obras:

POESÍA

- Poesías*. Madrid, Imprenta A. J. Alaria, 1885.
Fugaces. La Coruña, Andrés Martínez editor (Biblioteca Gallega, vol. 47). 1898.
El Cancionero de la dicha. Madrid, Regino Velasco Impr., 1911.

NARRATIVA

* Novelas

- El doctor Wolski. Páginas de Polonia y Rusia*. Madrid, Imp. Del Sucesor de J. Cruzado a cargo de Felipe marqués, 1894.

Lo Eterno. Narración española. Madrid, Regino Velasco Impresor, Librería de escritores y Artistas, Librería Fernando Fe, 1907.

Más que amor. Cartas. Madrid, R. Velasco Imp., 1908.

Idilio epistolar, novela. Madrid, M. Aguilar editor, 1931.

Como en la vida, novela. Madrid, M. Aguilar editor, 1931.

Las catacumbas de la Rusia roja, novela. Madrid, Espasa Calpe, 1933.

* Novelas curtas

Princesa del amor hermoso. En *El Cuento Semanal* (Madrid) 156, Impr. Artística Española, 24-12-1909. Ilustr. Alfonso R. Castelao.

Triunfo de amor. En *La Novela Corta* (Madrid) 186, Prensa Popular, 26-7-1919.

Episodio de guerra. En *La Novela Corta* (Madrid) 299, Prensa Popular, 3-9-1921.

Princesa rusa. En *La Novela Semanal* (Madrid) 55, Publicaciones Prensa Gráfica, 29-7-1922.

Valor y miedo. En *La Novela Corta* (Madrid) 348, Prensa Popular, 5-8-1922.

Kola el bandido. En *La Novela Semanal* (Madrid) 101, Publicaciones Prensa Gráfica, 16-6-1923.

El dolor de reinar. En *La Novela Semanal* (Madrid) 213, Publicaciones Prensa Gráfica, 8-8-1925.

* Libros de relatos

Sobre el Volga helado. Narración de viajes. Madrid, Regino Velasco Imp. Librería de Fernando Fe, 1903.

El Pecado. Novela. Madrid, Imprenta Alrededor del Mundo, Librería de los Sucesores de Hernando (Biblioteca de Escritores Gallegos, vol X), 1911.

El Pecado. Novelas gallegas. Madrid, Librería y Editorial Madrid, S.A. (Obras completas, Vol. III), 1926.

Exóticas. Madrid, Regino Velasco Imp. 1913.

De Rusia. Amores y Confidencias. Madrid, Librería y Editorial Madrid S.A. (Obras completas, Vol. IV), 1927.

Galicia la inefable Cambados, Gráficas Salnés, Xunta de Galicia, 1996.

*** Contos para nenos**

Viajes y aventuras de una muñeca española en Rusia. Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez, 1920.

*** Crónicas**

De la Guerra. Crónicas de Polonia y Rusia. 1ª serie. Madrid, Renacimiento, R. Velasco Impr., 1916.

De la Revolución rusa en 1917. Madrid, Renacimiento, 1917.

La Revolución Bolchevista (Diario de un testigo). Madrid, Biblioteca Nueva, 1920.

En la corte de los zares (Del principio y del fin de un Imperio). Madrid, Librería y Editorial Madrid, S.A. (Obras completas, Vol. I), 1924.

*** Notas autobiográficas**

El martirio de Polonia. Por CASANOVA, Sofía y BRANICKI, Miguel. Madrid, edit Atlas, 1945.

TEATRO

La Madeja. Comedia frívola en tres actos y prosa. Madrid, R. Velasco Imp., 1913.

CONFERENCIAS

La mujer española en el extranjero. Conferencia dada en el Ateneo de Madrid el 9 de abril de 1910. Madrid, R. Velasco Imp., 1910.

Impresiones de una mujer en el frente oriental de la guerra europea. Conferencia leída el 25 de abril de 1919 en el Centro del Ejército y de la Armada de Madrid. Madrid, Imprenta Gráfica Excelsior, 1919.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Bibliografía selecta

- ALAYETO, Ofelia L. (1983): *Sofía Casanova. A link between Polish and Spanish Literatures (1862-1958)*, New York, U.M. I.
- ÁLVAREZ, Basilio (1908): "Gallegos ilustres. Sofía Casanova", en *Correo de Galicia* (Buenos Aires) 9-8.
- A. O. (1925): "Un rato de amena charla con la ilustre escritora Sofía Casanova", en *El Pueblo Gallego* (Vigo), 9-5, páx. 2.
- BOROBÓ (García Domínguez, R.) (1982): "La frustrada estrella de Sofía Casanova", en *La Voz de Galicia* (A Coruña), 3-6. (1958) "La señora de Lutoslawski", en *La Noche* (Santiago de Compostela), 28-1.
- BUGALLAL MARCHESI, José L. (1858) "Sofía Casanova. Un siglo de glorias y dolores", en *Boletín de la Real Academia Gallega* (A Coruña) 327-332, Vol. XXVII, xullo, páxs. 141-172.
- CÁNOVAS DEL CASTILLO, Juan A. (1993): "Sofía Casanova", en *La Voz de Ortigueira* (Ortigueira) 4008, 23-4, páx. 1. (1995): "En torno a Sofía Casanova", separata de *La Voz de Ortigueira* (Ortigueira) 4102 e 4103, 10-2 e 17-2.
- CASANOVA, Vicente (Pérez Casanova) (1908) "El conde de Andino", en *Galicia* (Madrid) 2, 15-1, páxs. 22-23.
- CASÁS FERNÁNDEZ, M. (1926): "Petición del Premio Nobel para Sofía Casanova", en *Galicia* (Buenos Aires), agosto.
- CASTAÑEDA, Paloma (1992). "Viajeras sin fronteras", en *Delibros* (Madrid), maio-xuño, páxs. 38 e 39.
- CORBALÁN, Pablo (1990): "Una española en la revolución de octubre", en *El Sol* (Madrid), 21-9, páx. 8.
- COSSÍO, José M^a (1958): "Labor poética de Sofía Casanova", en *ABC* (Madrid), 4-2.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1946): "Sofía Casanova", en *La Noche* (Santiago de Compostela), 14-2.
- DURÁN IGLESIAS, José A. (1992): "Perfiles y semblanzas. Polonesa en filme", en *La Voz de Galicia* (A Coruña), 22-11, páx. 68.
- (1992): "Perfiles y semblanzas. Madre Coraje y su nana de Mera", en *La Voz de Galicia* (A Coruña), 29-11, páx. 70.
- (1992): "Perfiles y semblanzas. ¡Viva Franco y viva Cristo Rey!", en *La Voz de Galicia* (A Coruña) 6-12, páx. 78.
- ENA BORDONADA, Ángela (1990): "Introducción" a VV.AA.: *Novelas breves de escritoras españolas (1900-1936)*, Madrid, Castalia, Biblioteca de escritoras, páxs. 7-59 e 153.
- ESTÉVEZ ORTEGA, E. (1925). "Xente nosa. Sofía Casanova", en *Vida Gallega* (Vigo) 276, 15-5.
- FERNÁNDEZ MATO, R. (1919): "Sofía Casanova", en *Vida Gallega* (Vigo) 131, 20-8.
- GARCÍA MARTÍ, V. (1957): "Sofía Casanova", en *La Noche* (Santiago de Compostela), 9-3.
- (1958): "Más de Sofía Casanova", en *La Noche* (Santiago de Compostela), 6-2.
- (1959): "Las tertulias de Sofía Casanova", en *La Noche* (Santiago de Compostela), 6-6.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1989): "Ilustres coruñesas de proyección internacional: Sofía Casanova", en *La Coruña, paraíso del Turismo* (A Coruña), agosto.

- LACYNSKA, Amelia (1958): "Babunita", en *Kierunki* (Varsovia) 7, 6-2.
- LÓPEZ CORDÓN, M. V. (1989): "Introducción" a CASANOVA, Sofía: *La revolución bolchevique (diario de un testigo)* Madrid, Castalia, páxs. 7-66.
- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, M.R. (1996) "Estudio preliminar", en CASANOVA, Sofía: *Galicia la inefable*, Cambados, Xunta de Galicia, páxs. 15-32.
- (1999) *Sofía Casanova. Mito y Literatura*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- MORALES, M.L. (1968): "Hace medio siglo: Sofía Casanova, corresponsal de guerra", en *Siluetas* (Madrid), outubro, páxs. 8 e 9.
- PITOLLET, Camille (1958): "Unas notas sobre Sofía Casanova", en *Boletín de la Biblioteca Menéndez Pelayo* (Madrid) 34, páxs. 133-152.
- SALINAS RODRÍGUEZ, Galo (1907) "Sofía Casanova", en *Galicia* (Madrid), 1-9, páxs 2-3.
- SIMÓN PALMER, M.C. (1991): *Escritoras españolas del siglo XIX. Manual Bio-bibliográfico*, Madrid, Castalia, páxs. 530-552.
- (1987): "Tres escritoras españolas en el extranjero", en *Cuadernos Bibliográficos* (Madrid) 47, páxs. 157-180.
- (1996): "Infancia y juventud de Sofía Casanova. Autógrafo inédito", en *Revista de Literatura* (Madrid) 115, Tomo LVIII.
- (1996): "La ocupación de Polonia en 1944. Relato inédito de Sofía Casanova", en *Compás de Letras* (Madrid) 7.
- VIEIRA DURÁN, R. (1893): "Sofía Casanova de Lutoslawski", en *La Revista Popular* (Pontevedra) 28, 10-9, pág. 1.



Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encuentro para a cultura
 Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org

Notas

- 1 Datos que figuran no Libro de Bautizados da parroquia de San Xiao de Ferrol, nº 10, folio 132, custodiado no Arquivo Histórico Diocesano de Mondoñedo.
- 2 Consérvanse diversos testemuños da profesión e o grao de Juan Casanova, entre os que destacaremos os Padróns dos anos 1851 a 1859 do Concello de A Coruña e os folios 22 e 23 do Libro de Sesións do Concello de Culleredo (A Coruña), do ano 1865.
- 3 Autógrafo de Sofía Casanova, depositado na Real Academia Galega en 1971, titulado Recuerdos de infancia y juventud. A partir de agora referiréime a este texto coa primeira palabra do seu título: Recuerdos e a referencia a súas páxinas fareina de acordo coa miña propia transcripción que figura no Apéndice II de Sofía Casanova: mito y literatura, tese doutoral lida o 21-9-1996 na Facultade de Filoxía da U.N.E.D. de Madrid. Existe outra transcripción que se debe a M^a Carmen Simón Palmer.
- 4 O nacemento rexístrase co nº 715 no folio nº 14 do Libro de Nacementos que recolle os que tiveron lugar na cidade da Coruña no ano 1861, documento que se atopa no Arquivo Histórico Municipal da Coruña.
- 5 Este bautismo rexístrase no folio 259 volto do Libro de Bautizados da parroquia de San Xurxo de A Coruña, tomo correspondente ós anos 1860-1863 e custodiado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.
- 6 Tamén en Almeiras, daquela, posuía un casal Benito Pla y Cancela no que posiblemente pasaba tempadas cos seus parentes os Casanova.
- 7 Referímonos a Dona Concepción Muiños, casada con D. Alfredo Totosans, donos e profesores dunha escola situada na rúa Panaderas nº 21 da Coruña onde mandaran á futura escritora.
- 8 Ó meu xuízo, ese poeta era o vigués Nicolás Taboada Fernández, aínda que Sofía cando se refire a ese episodio da súa vida, en Recuerdos, páxs. 56-58, non menciona o seu nome.
- 9 De la Guerra. Crónicas de Polonia y Rusia. 1ª serie. Madrid, Renacimiento, R. Velasco Impr., 1916, pág. 264.
- 10 Novo y García, José: Por Galicia. A Coruña, Andrés Martínez, editor, 1898, páxs. 217-229 e 231-243.
- 11 Hoxe considérase parque natural. Situado perto da cidade de Lomza, pertence ó voivodato de Podlaskie.
- 12 Na realidade, a que sería sempre querida por Sofía, coma nai política, era a tía do seu home, xa que o seu sogro, ó morre-la nai dos seus dous primeiros fillos (Wincenty y Stanislaw) contraera segundas nupcias cunha irmá da súa primeira muller.
- 13 Dunha capacidade intelectual e talento extraordinarios, Wincenty estudiara en Mitau (Estonia), Riga, e na Universidade alemana de Dorpat. Acadara o grao de "magister" en física, química e filosofía, materia esta última sobre a que centraba por aqueles anos os seus estudos.
- 14 "Desde Rusia. Aspecto de Moscou", La Iberia (Madrid), 23-11-1888, pág. 2. "Desde Rusia. Interior de Moscou", La Iberia (Madrid), 26-11-1888, pág. 1.
- 15 Da noticia díso a Revista Gallega (A Coruña) 5-4-1896.
- 16 Lutowski, W.: The Origin and Growth of Plato's Logic, with an Account of Plato's Style and the Chronology of His Writings, London, Longman's Green, 1897.
- 17 A Revista Gallega informou amplamente deste acto o 17-4-1898 e o 24-4-1898.
- 18 Lutowski, B.: Egzemplarz autorski, Warszawa, 1907, páxg. 148.
- 19 A súa dona, Gabryela Balicka, íase converter nunha amiga íntima de Sofía Casanova. Doutora en ciencias e muller extraordinariamente activa, sería deputada máis tarde e destacaba, xa neses anos, coma loitadora pola instrución das mulleres e a solución dos problemas sociais.
- 20 Lémbrese que estivera en Mera, en casa dos Lutowski.
- 21 A filla maior de Sofía casou por aquel entón con Mieczyslaw Niklewicz, man dereita do político Roman Dmowski. A parella veu de viaxe de noivos a Santiago de Compostela.
- 22 Máis datos sobre esta colaboración de Castelao e Sofía Casanova no traballo de Ana Romero Masiá e Rosario Martínez Martínez: "Castelao, Ilustrador de El cuento semanal", en Concepción Arenal. Ciencias y Humanidades (Ferrol) 24-4-1992, páxs. 39-63.
- 23 A nai do compositor de música e director de orquestra Witold Lutowski. Sofía describiuna sempre como unha muller dun valor extraordinario, de gran talento e cunha grande afección á poesía española.
- 24 Sobre esta cuestión e outras, que pertencen máis ás circunstancias históricas que condicionaron a formación do novo estado polaco, véxase: Martínez Martínez, M^a Rosario: Sofía Casanova. Mito y Literatura. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1999, páxs. 319 e s.s.
- 25 Impresiones de una mujer en el frente oriental de la guerra europea. Madrid, Impr. Gráfica Excelsior, 1919, pág. 4.
- 26 "Tres escritoras españolas en el extranjero", en Cuadernos bibliográficos (Madrid) 47, 1987, páxs. 157-180

- 27 Véxase: Dopico Blanco, F. e Santiso Madín, M. C.: Manuel Lorenzo Barxa (1878 1959) Un gaitero ferrolán á antiga usanza. Ferrol, edic. Embora, 1997, páxs. 94 e 95.
- 28 Sofía sempre que viaxaba a España viña acompañada de Pepa, por iso utiliza o plural.
- 29 Ela e a familia da súa filla maior vivían no nº 2 desa rúa.
- 30 A dramática aventura humana da segunda filla de Sofía Casanova, Izabela Wolikowska e da súa familia, ben merecería outro libro. As vivencias desta escritora polaca, cultísima e de temple materno, son verdadeiramente esgazadoras e paradigma do que pode chegar a ter que soporta-lo ser humano coma consecuencia dos cataclismos bélicos e mailos conflitos políticos.
- 31 Agrupadas baixo os epígrafes "Notas –I– (Moje notatniki literacki)" e "Notatki literacki II", redactadas por Sofía Casanova nos anos 1944 e 1945, consérvanse autógrafas, aínda que incompletas, na Real Academia Galega, gracias á doazón da familia da escritora que as entregou en maio de 1971 unidas a outros autógrafos que ela titulou "Recuerdos de infancia y juventud", dos que xa falamos. Dos mesmos existen dúas transcricións realizadas simultaneamente por Carmen Simón Palmer e M^ª Rosario Martínez.
- 32 Para consultar unha relación extensa, véxase: Martínez Martínez, M^ª Rosario: Sofía Casanova. Mito y Literatura. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral da Presidencia, 1999, páxs 585 a 625.



Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encontro para a cultura
 Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org

ÍNDICE

<i>Editorial</i>	3
I.- Orixe ferrolá de Sofía Casanova	7
II.- Unha infancia pouco afortunada	9
III.- Madrid: os Pla e outros influentes ferroláns	11
IV.- Poeta nos círculos da Corte	13
V.- Unha muller cosmopolita. Unha narradora	17
VI.- Sofía en Mera: a defensa do galego	21
VII.- Outra vez Polonia: Cracovia	25
VIII.- Entre Madrid e Varsovia	29
IX.- A traxedia da guerra	35
X.- O éxodo: no corazón de Rusia	39
XI.- Testemuña da Revolución Rusa	41
XII.- A represión e a Guerra Civil	45
XIII.- Por fin a repatriación	49
XIV.- De volta da guerra	51
XV.- Os non tan felices anos vinte	57
XVI.- España de novo. A Dictadura	59
XVII.- Entre Polonia e España: 1925 - 1931	63
XVIII.- As derradeiras visitas ó seu país: a República	67
XIX.- Sofía diante da Guerra Civil Española	71
XX.- Atrapada pola Segunda Guerra Mundial	73
XXI.- A soidade e o silencio	79
Principais obras de Sofía Casanova	83
Bibliografía selecta	85
Notas	87



Atenco Ferrolán
Un lugar de encuentro para todos.
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202 204, Ferrol
www.atencoferrolan.org



Atenco Ferrolán
Un lugar de encuentro para a todos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202 204, Ferrol
www.atencoferrolan.org



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

www.ateneoferrolan.org



Instituto Ferrolán
Fundado en 1979



M^a Rosario Martínez Martínez é profesora de Lengua y Literatura española no Instituto de Ensino Secundario "Paseo das Pontes" de A Coruña.

Durante once anos exerceu a súa profesión no Instituto "Sofía Casanova" de Ferrol, e foi precisamente nesta cidade donde comezou as súas investigacións sobre a escritora.

Doutora en Filoloxía Románica e especialista na obra e na figura de Sofía Casanova, os seus traballos en revistas e os seus libros publicados xiran en torno de estos temas e a cuestións relacionadas co mundo cultural da escritora galega.

Publicou *Sofía Casanova, mito y literatura* (Xunta de Galicia, 1999) e é responsable da selección de relatos e o estudo preliminar da obra da escritora coruñesa *Galicia la inefable* (Xunta de Galicia, 1996).

Tamén colaborou en diversos proxectos colectivos e audiovisuais, así como nos tres capítulos da serie *Historias con data* de J.A. Durán, emitidos pola TVG.



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879



ATENEO
FERROLÁN